



VALEDOR DO CIDADÁN

INFORME AO PLENO DO CONCELLO

2009

ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE

ACTUACIÓNS DE OFICIO

Edita: Valedor do Cidadán

Fotografía de portada: Diego Durán

Maquetación: Diego Durán (www.serviciosrelacionados.com)

Imprime: Roel Artes Gráficas

Depósito Legal: VG 345-2010

ÍNDICE

Presentación	7
Introdución	9
PARTE I	
Actuacións a instancia de parte do ano 2006 con incidencias no ano 2009	13
Capítulo I: Medio ambiente	15
Capítulo II: Mobilidade e seguridade	37
Capítulo III: Urbanismo	52
Resumo estatístico	67
Requirimentos tramitados no ano 2009.....	68
PARTE II	
Actuacións a instancia de parte do ano 2007 con incidencias no ano 2009	73
Capítulo I: Medio ambiente	75
Capítulo II: Mobilidade e seguridade	102
Capítulo III: Participación cidadá	111
Capítulo IV: Urbanismo	113
Resumo estatístico.....	125
Requirimentos tramitados no ano 2009.....	126
PARTE III	
Actuacións a instancia de parte do ano 2008 con incidencias no ano 2009	131
Capítulo I: Benestar Social	133
Capítulo II: Medio ambiente	134
Capítulo III: Mobilidade e seguridade.....	147
Capítulo IV: Normalización lingüística.....	156
Capítulo V: Participación cidadá	158
Capítulo VI: Servizos xerais.....	161
Capítulo VII: Urbanismo	165
Capítulo VIII: Xestión municipal	179
Resumo estatístico.....	180
Requirimentos tramitados no ano 2009.....	182

PARTE IV	
Actuacións a instancia de parte do ano 2009	191
Introdución	191
Capítulo I: Gabinete de Alcaldía	195
Capítulo II: Cultura e animación socio-cultural	200
Capítulo III: Educación	202
Capítulo IV: Medio ambiente	209
Capítulo V: Mobilidade e seguridade	219
Capítulo VI: Normalización lingüística, xuventude e igualdade	238
Capítulo VII: Participación cidadá	239
Capítulo VIII: Promoción económica e emprego	242
Capítulo IX: Servizos xerais	245
Capítulo X: Urbanismo	247
Capítulo XI: Xestión municipal	257
Capítulo XII: Outras administracións	269
Capítulo XIII: Requirimentos de expedientes iniciados no ano 2009	269
Resumo estatístico	277
Anexo	279
PARTE V	
Entrevistas e consultas por correo electrónico	283
Entrevistas ano 2009	283
Consultas por correo electrónico ano 2009	285
Reflexións	286
PARTE VI	
Actuacións de Oficio	289
PARTE VII	
II Encontro Estatal de Defensores Locais	299

PRESENTACIÓN

No ano 1809, creouse a figura do Ombudsman. A palabra Ombud refírese a unha persoa que está habilitada para actuar por outro e surxe constitucionalmente en Suecia como mandatario daquel parlamento na función de control do executivo; isto é, unha figura portadora dos dereitos particulares fronte á actuación dos poderes públicos. Figura cuxo cometido consiste en defender á persoa contra os abusos da administración e que se asentou en toda Europa, adaptándose ás peculiaridades de cada país. Esta supervisión esténdese a toda a actividade da administración e á de quen rexa os seus axentes; deste xeito, non se limita só aos actos suxeitos á norma administrativa, senón que tamén abranxe aos atrasos, falta de atención, inacción, negligencias,... da administración.

O Valedor do Cidadán, ao igual que o resto dos defensores locais doutras cidades españolas, que constitúen un colectivo de preto de setenta, centra as súas actuacións en dous aspectos: a Instancia de parte e de Oficio. As primeiras están relacionadas con consultas, intervencións e avinzas, como consecuencia de entrevistas solicitadas, de forma persoal ou colectiva, pola cidadanía, así como tamén de escritos recibidos por medio de correo electrónico. Algunha das entrevistas non implican sinónimo de conflito, pois, en ocasións, o recorrente busca unha orientación, que se lle dea unha opinión sobre un tema e a ser posible que se faga a correspondente xestión. E este labor, xunto coa mediación, foron sempre satisfactorias.

Por outra parte, as segundas realízanse a iniciativa desta Valedoría por consideralas útiles a todos os estamentos sociais, ao seren temáticas que lles afectan de forma xeral ou por seren queixas recorrentes que poden ter un tratamento global.

O Informe que se presenta pormenorízase as 846 actuacións a Instancia de parte que representan un 45,4% de incremento sobre el año 2008, así como se dá conta de catro monografías publicadas: Niveles de satisfacción de la ciudadanía con su comunidad local, La movilidad local, Análise DAFO dos distritos de Vigo e Aparcamientos Disuasorios. Por outra parte, o número de enquisas realizadas para o desenvolvemento dalgunhas das monografías referidas foi de 2614. Todas estas actuacións permitíronnos tratar a unha cidadanía de grande calidade humana, que ensinou sobre a vida cotiá viguesa.

Luis Espada Recarey

INTRODUCCIÓN

Séguese a falar da reforma administrativa, na memoria correspondente o ano 2006, nas reflexións dun expediente indicábase que a regulación que fai a Lei 30/1992, artigo 35, como catálogo xeral dos dereitos dos cidadáns, ao entender de Sánchez Blanco, supón que a Administración pública non é só unha organización que exerce potestades, senón un conxunto de organizacións que prestan servizos e que demandan operar cunha “estratexia global”, orientadas ao obxectivo de mellora-la eficacia interna da administración.

Afondando na precisión, en marzo de 2009, Anes Benito (Director de Servizos a Cidadanía. Concello de Rivas de Vaciamadrid) estendíase sobre unha administración intelixente, receptiva e resolutive, indicando que a crecente complexidade do entorno social obriga as organizacións públicas a un maior dinamismo e flexibilidade, e segue: “O excelente, e especialmente o intelixente sitúanse como un horizonte ao que se quere chegar”.

Algúns pensarán que unha administración intelixente é a que aproveita de maneira eficiente os seus recursos para a mellora do benestar dos seus cidadáns, outros relacionarán os esforzos implementados cos resultados operativos, outros pensarán que é aquela que consegue construír mecanismos de igualdade de oportunidades outros relacionaran intelixencia con seguridade, en fin as opinións serán tantas como persoas interrogadas.

Anes Benito cita a José Antonio Marina quen considera que intelixencia é a capacidade dun suxeito para dirixir seu comportamento, utilizando a información captada, aprendida, elaborada e producida por el mesmo.

Seguindo este presuposto unha administración considerase intelixente cando conta con mecanismos para dirixir o seu comportamento como organización, utilizando a información captada, aprendida, elaborada e producida por ela mesma. A orientación cara o cidadán esixiría que ademais fora unha administración resolutive, e dicir, preocupada por ofrecer solucións.

Si esto é tan evidente, onde está a dificultade para a súa construción. Segundo Anes Benito o parecer unha das claves estaría no deseño e a construción dos mecanismos capaces de agregar os diferentes esforzos para construír un pensamento colectivo coherente, indicando que a dificultade estriba en construír un sistema organizativo, dotado dos instrumentos e metodoloxías para que os traballos, individuais se orienten o cumprimento dunha misión.

Neste senso dise que o capital deixou de ser o principal recurso productivo, para situar ao “talento” como o principal activo: “a capacidade que unha organización ten para sobrevivir os cambios e directamente proporcional ao talento que posúe, o que lle permitirá, incluso, ser precursora do cambio creando novas regras do xogo”.

Así relacionamos, di Anes Benito, intelixencia dunha organización coa capacidade para xestionar o talento dos individuos que forman parte dela. O traballo colectivo da organización engade valor os procesos.

Considerase pois o talento da organización, onde a suma é sempre mellor que cada unha das partes por separado. Unha suma representada por un “suxeito organización” dentro do que interactúan moitos “suxeitos individuos”. O reto de construír organizacións intelixentes está na capacidade para chegar a sínteses complexas.

Estas consideracións recondúcenos o exposto na introducción da Memoria do ano 2006, na que se fai unha serie de reflexións sobre o tema da coordinación. Esta implica a fixación de medios e sistemas de relación que fagan posible a información recíproca, a homoxeneidade técnica en determinados aspectos e a acción conxunta das administracións ou dos órganos dunha mesma administración de xeito que se acade a integración de actos parciais na globalidade o sistema.

A coordinación segundo o Tribunal Constitucional non entraña substracción de competencias propias das entidades coordinadas, senón que implica tan só un límite ao exercicio das mesmas.

Calquera medida imperfectamente coordinada resulta perturbadora.

Retomando a opinión de Anes Benito, existen varios elementos a considerar na xestión pública no ámbito local en prol de avanzar cara a unha Administración Intelixente: a innovación, a política de persoas e a práctica resolutive.

A innovación convertese nunha necesidade, chegándose a conclusión de que unha Administración será tanto máis intelixente como capax de estimular a creatividade e a innovación.

As administracións desenvolveron moito a estrutura do mando, con un modelo piramidal moi aventurado, sen embargo, a dirección segue a ser unha das materias pendentes, no son necesarios mais xefes senón mellores xefes, concluíndose que non existirá unha Administración intelixente que non sexa receptiva as nece-

sidades das persoas, xa sexan cidadáns xa sexan empregados públicos. As políticas de formación non abordan o problema con eficacia, tense que acudir a axentes externos.

O cidadán, por enriba de todo, quere solucións, non existindo Administración Intelixente sen unha orientación cara a resultados recoñecibles polo cidadán.

Dito doutra maneira, a medición da calidade de atención ao cidadán farase medindo o nivel de satisfacción dos mesmos e, a súa vez, comprobando en que grao a prestación dos servizos se axusta aos estándares de calidade previamente fixados pola propia administración coa colaboración dos cidadáns.

Atopámonos ante unha realidade incuestionábel, a chamada lexitimidade por rendemento, inexorablemente vencellada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno.

PARTE I

ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2006 CON INCIDENCIAS NO ANO 2009

- ÁREA DE MEDIO AMBIENTE
- ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE
- ÁREA DE URBANISMO

INTRODUCCIÓN:

Nesta Institución rexistráronse un total de 22 expedientes correspondentes a solicitudes formuladas no ano 2006 con incidencias durante o 2009 e que corresponden a :

MEDIO AMBIENTE	6
MOBILIDADE E SEGURIDADE	7
URBANISMO	9
TOTAL	22

EXPEDIENTES

CAPÍTULO I – MEDIO AMBIENTE

EXPEDIENTE 1/2006

ASUNTO

Queixa en relación co estado dunhas fincas lindeiras coa do interesado que se atopan cheas de silveiras, herbas e maleza e nas que proliferan os ratos e os mosquitos, o que é prexudicial para a saúde. Indica o promotor da queixa que desde agosto de 2005 presentou varios escritos no Concello, sen que se lle dese solución ao problema.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 4/01/2006. Con data 9/01/2006 solicítase o preceptivo informe ao servizo de Sanidade da Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, que se recibe o 18/01/2006, no que se reflicte que con data 11/01/2006 se inicia expediente sancionador ao propietario do solar denunciado por telo en condicións de insalubridade, o que se traslada ao interesado o 23/01/2006.

Con data 22/03/2006 solicítase ao servizo de Sanidade información actualizada en relación co expediente sancionador antes citado, a cal se recibe o 4/04/2006 e na que se indica que, unha vez rematado o prazo para levar a cabo a limpeza da finca, remítese de novo a informe do inspector de sanidade para que comprobe si se deu cumprimentación á resolución da Alcaldía. Do anterior dáse cumprida información ao interesado.

Con data 20/04/2006, dado o tempo transcorrido, solicítase información en relación coa actuación do inspector de Sanidade, petición que se reitera o 23/05/2006 e o 21/06/2006.

Con data 5/07/2006 recíbese escrito do Concelleiro delegado de Medio Ambiente, no que informa que, o 15 de xuño, o inspector de Sanidade comunica que non puido comprobar si se levara a cabo a resolución da Alcaldía de 6 de febreiro de 2006, pola que se ordenaba a limpeza da finca, porque para realizala tería que acceder ao interior do edificio do denunciante e foille imposible porque non contestou ninguén ás súas chamadas, tanto no enderezo daquel como por

teléfono. O anterior notificábase ao interesado o 6/07/2006, quen acusa recibo persoalmente da información.

Con data 7/09/2006 solicítase nova información, que se reitera o 9/10/2006, o 9/11/2006 e o 5/12/2006. No escrito de novembro indícase que produce asombro que o interesado non responda ás chamadas do Concello e, en cambio, si recibe a información desta oficina do Valedor do Cidadán.

REFLEXIÓNS

Resulta contradictorio que a inspección de Sanidade non poda contactar co denunciante no seu domicilio e, pola contra, as comunicacións escritas que se fan, a nivel informativo, desde a oficina do Valedor do Cidadán son recibidas todas polo interesado.

A Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos é clara e concisa cando, no seu capítulo II, determina que os propietarios de toda clase de solares, terreos e construcións deberán mantelos en constante estado de limpeza, salubridade e ornato público e que o Concello ordenará de oficio a execución das obras necesarias para conservar aquelas condicións.

RECOMENDACIÓN

Un axeitado cumprimento da ordenanza municipal.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 14/02/2007, 12/03/2007, 11/04/2007, 09/05/2007. Con data 1/05/2007, recíbese escrito do Servizo de Sanidade, no que se indica que, unha vez, rematado o prazo para realiza-la limpeza, pasase o expediente o Inspector Auxiliar de Sanidade para comprobar que se realizaran os traballos. Esta comprobación leva bastante atraso, que se trata de evitar unha nova incorporación doutro Inspector. Realizándose nestes días as probas de Oferta de Emprego Público. En caso de informe desfavorábel procederáse a tramitar unha sanción coercitiva de 300€, reiterábeis até lograr a execución do ordenado, podendo chegar os 6.000€ do que se dá cumprida información ao interesada o 21/05/2007.

Con data 19/06/2007, instase nova información actualizada, e con data 10/07/2007, recíbese novo escrito de Sanidade no que informa que aínda non se

realizou a inspección que se fará por orde de antigüidade dos expedientes, e que o novo Inspector aínda non se incorporou o servizo, coa nova incorporación espérase que se rendese o tempo de tramitación, e que o estado de abandono, non xera ningún risco para os cidadáns, non ten carácter urxente polo que non se pode adiantar a súa tramitación. Pola nosa parte faise preciso indicar que o interesado presentou a súa primeira denuncia o 01/08/2005, e dicir fai vinte e tres meses. Do anterior deuse cumprida información ao interesada o 09/07/2007.

Con data 19/09/2007, solicítase información actualizada, recibíndose resposta o 27/09/2007, na que se informa que aínda o Inspector non realizou a inspección, que se atopa de baixa médica o que se lle comunica ao interesada o 02/10/2007, seguindo o expediente en tramitación.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 13/02/2008 instase unha acción eficaz no tema que nos ocupa o que se reitera o 01/04/2008 o 07/05/2008, o 27/05/2008, o 26/06/2008, 24/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 29/10/2008, 25/11/ 2008, 18/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 23/01/2009 reiterase por onceava vez o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 18/02/2009 o 24/03/2009 e 24/04/2009.

Con data 15/05/2009, recíbese escrito da Concellería de Medio Ambiente, sen rexistro de saída, no que informa o seguinte:

“En relación co seu escrito solicitando información actualizada con respecto ao expediente 1/2006, expediente municipal 10545/310, segundo me informan os técnicos municipais, comprace informarlle do seguinte:

Con data 20 de abril de 2006, o Valedor do Cidadán require información sobre denuncia presentada por , por abandono dun inmovible, sito na rúa..... e invasión de xestas na súa propiedade.

Con data 15 de xuño de 2006, o inspector de sanidade informa de que non se puido comprobar se a denunciada seu cumprimento ao requerimento municipal de proceder á limpeza da súa finca, porque para realizar a inspección é necesario acceder ao interior do edificio do denunciante,, extremo este que foi imposible por non atoparse no domicilio o mesmo e non responder ao teléfono.



Con data 2 de febreiro de 2007, finalmente, o inspector de sanidade pode acceder ao inmovible e informa efectivamente do estado de abandono do edificio sito na rúa A propiedade, segundo se indica no informe, terá que reparar as fiestras, limpar a maleza, en cumprimento do artigo 13 da Ordenanza de Protección do Medio Ambiente.

A vista do informe do inspector de sanidade, con data 5 de febreiro de 2007, o Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, dicta resolución para a incoación de expediente de orde de execución a denunciada, como propietaria do solar.

Con data 22 de febreiro de 2007 a denunciada acusa recibo de dita resolución, que tamén lle foi notificada a promotor da queixa coa mesma data.

Con data 16 de abril de 2007, o Concelleiro de Medio Ambiente dicta resolución na que se ordea a que no prazo máximo de 30 días proceda á limpeza do solar, garantindo o mantemento nas condicións de limpeza, salubridade e ornato esixibles segundo a ordenanza municipal en vigor.

Na mesma resolución se lle comunica á propietaria que de non cumprir o mandato procederase á súa execución forzosa, ben de forma subsidiaria pola administración municipal, ben mediante a imposición de multa coercitiva de entre 300 e 6.000 euros, reiterábel ata acadar a execución do ordenado.

Esta resolución lle foi notificada a con data 24 de abril de 2007 e a o promotor da queixa coa mesma data.

Persistindo a reiteración da denuncia formulada por el interesado,, o inspector municipal do servizo de Sanidade, informa con data 9 de outubro de 2007, que “personado no lugar dos feitos da denuncia é imposible facer nova inspección por non ter acceso ao interior”. Chamouse por teléfono en varias ocasións en días distintos e se pasou por esta dirección varias veces, sendo imposible contactar co denunciante”.

Dada a reiterada imposibilidade de contactar por teléfono co denunciante, pregamos nos sexa facilitado outro teléfono para contrastar se persisten as causas da denuncia formulada no seu día e se procede xirar nova visita de inspección.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 15/05/2009

Coa mesma data dirixímonos a Concellería de Medio Ambiente sinalando que esta Institución non dispón de medios de investigación ao respecto, indicándolle o que dispón a Lei 30/1992 para os sistemas de notificación; esperando nova información ao respecto, reiterándoa o 22/06/2009, 27/07/2009, 28/08/2009. Con data 18/09/2009, recíbese informe de Medio Ambiente no que relata as dificultades para lograr a debida comunicación e que seguirán as pescudas ao efecto, do que se dá cumprida información ao interesado, indicándolle que, en datas vindeiras instarase nova información (comunicación de 21/09/2009), o que se fai o 22/10/2009.

EXPEDIENTE 16/2006

ASUNTO

Queixa en relación cos ruídos que soportan os veciños da rúa Vía Norte, tanto de día como de noite, pola actividade dunhas instalacións. O promotor da queixa solicitou a protección á que ten dereito no Concello, intentando que se sometese a actividade de desas instalacións a un procedemento de avaliación da incidencia ambiental e se lle aplicasen, de se-lo caso, as medidas correctoras necesarias.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/03/2006. Con data 16/03/2006 solicítase á Concellería de Medio Ambiente o preceptivo informe, pedimento que tivo que reiterarse o 17/04/2006, o 18/05/2006 e o 12/06/2006.

Con data 16/06/2006 recíbese escrito do Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, no que informa o seguinte: *“Con data 6/06/2006 solicítase información ao enxeñeiro técnico de Licenzas e Actividades das actuacións a seguir con respecto ás zonas consideradas de servidume, como rectores do territorio afectado por servidumes sonoras a favor de sistemas xerais de infraestruturas viarias, ferroviarias ou outros equipos públicos que as reclamen”.*

Do anterior dáse cumprida información ao interesado o 19/06/2006 indicándolle que, en datas vindeiras, instarase información actualizada en relación co contido do informe antes citado, o que se fai nas seguintes datas: 13/07/2006, 22/08/2006 e 25/09/2006.

Con data 6/10/2006 recíbese o informe, no que se reflicte que se procede a aplicar o disposto na ordenanza municipal e na Lei de ruídos da Xunta de Galicia,

polo que se están a realizar as actuacións previas para determinar se concorren circunstancias que xustifiquen a iniciación do expediente.

O anterior trasládase ao promotor da queixa, quen, o 6/11/2006, remite escrito no que proporciona nova información, que se traslada ao Concelleiro Delegado de Medio Ambiente o 8/11/2006, interesando, ademais, información actualizada con respecto ao expediente. Con data 5/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

REFLEXIÓNS

Coñecido é o dilema entre descansar ou durmir, fronte a determinadas actividades (lecer, dereitos empresariais, servidumes, etc.), dilema que é totalmente falso, xa que o dereito ao descanso é máis primario, máis fundamental. O debate está falseado, o vieiro de integración europea non pode reducirse ao estritamente político-económico.

Hai que lembrar, unha vez máis, a introducción da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de rúidos e vibracións que, en realidade, ten que considerarse como algo máis cunha mera lenda. Nela indícase claramente que: *“O ruído é unha das perturbacións ambientais que de xeito máis importante afectan ás persoas, proba diso é o aumento de denuncias por parte das e dos cidadáns.”*

A ordenanza pretende protexer ás persoas e ós bens contra este tipo de agresión, e abrangue a todo tipo de actividades, instalacións e comportamentos que xeren rúidos ou vibracións susceptibles de producir molestias, lesións ou danos materiais ás persoas ou bens situados no municipio.

Sabido é que o ruído pode producir efectos fisiolóxicos non desexados, e que a actividade aludida neste expediente é unha das principais fontes de contaminación, non só pola actividade de circulación ou tráfico, senón tamén pola actividade sectorial dos talleres, polo que é preciso cuantificar a intensidade do ruído e ter en conta, ademais, a duración do mesmo, de aí que sexa preciso actuar sobre as vías de transmisión e nas zonas de recepción.

Hoxe existen decisións xurídicas que obrigan a realizar medicións dos rúidos xerados por actividades similares á que nos ocupa, xa que, en virtude do principio de subsidiariedade proclamado pola Carta Europea de Autonomía Local, os Concellos terán que velar para que os veciños gocen dun medio ambiente axeitado e para que as molestias que producen os aeroportos (ou actividades similares) se reduzan ao máximo.

RECOMENDACIÓN

Cómpre tomar exemplo da rama laboral do dereito que cada día está concedendo máis importancia ós trastornos que produce a contaminación acústica, pasar de ser o convidado de pedra e adoptar con realismo medidas serias e concluíntes, cortando unha problemática que cada vez se lle vai máis das mans, como se descoñecéndoa fose a desaparecer. A administración, en especial a local, ten que actuar e evitar que o cidadán se converta a cotío en xustizábel para poder resolver as situacións anómalas que na súa existencia e paz social provocan os ruídos e todos os seus condicionantes (Izquierdo Carbonero).

Durante o ano 2008, déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2008 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo o 19/02/2008, 27/03/2008, 05/05/2008, 21/05/2008, 26/06/2008, 24/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 29/10/2008.

Non recibíndose información algunha durante o ano 2008.

Con data 20/05/2009, retómase o pedimento informativo e de novo o 22/06/2009, 27/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/10/2009.

EXPEDIENTE 61/2006

ASUNTO

Queixa en relación co estado de abandono dun terreo propiedade do Concello, o que supón un perigo para a saúde dos residentes na zona.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 6/10/2006, solicitándose o preceptivo informe o 9/10/2006, petición que se reitera o 8/11/2006 e o 4/12/2006.

REFLEXIÓN

As Entidades locais son un dos principais fundamentos dun réxime democrático. O dereito dos cidadáns a participar na xestión pública permite unha administración eficaz e próxima ós mesmos.

Os poderes públicos teñen que velar pola utilización racional dos recursos naturais, contribuíndo á conservación, protección e mellora da calidade do medio ambiente, sobre todo cando o seu descoido afecta á saúde dos cidadáns, e deben establecerse como servizos mínimos a recollida de residuos, a limpeza viaria, a protección sanitaria, etc.

A Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos, subliña como obrigatorio para os propietarios (entre eles o Concello) o mantemento en constante estado de limpeza, salubridade e ornato público das súas propiedades. O Concello, de oficio, ordenará a execución das obras necesarias para conservar aquelas condicións. ¿Que sucede cando o Concello se esquece dos terreos que lle son propios?, ¿a quen sancionará?

RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións áxiles e eficaces en temas que afectan a propiedades municipais en relación coa sanidade e o decoro públicos.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2007, reitérase o pedimento anterior, e, de novo, o 14/02/2007. 13/03/2007, 11/04/2007, con data 17/04/2007 recíbese escrito de Sanidade no que se informa que dadas as dificultades para acceder os terreos, remitiuse o expediente a Xerencia de Urbanismo para a realización das pescudas sobre a existencia dun acceso público para poder realizar a limpeza do mesmo, sen invadir propiedades privadas. Do que se dá cumprida información á interesada o 19/04/2007. De novo o 14/05/2007, instase información sobre a situación, e, o 22/05/2007, recibe novo informe da Sanidade no que se indica que se descoñece a situación da oficina de Urbanismo a quen se lle trasladou o expediente, e que non é da súa competencia averiguar a situación de dita oficina que non depende xerarquicamente do negociado de Sanidade. E obvio que a coordinación brilla, unha vez mais, pola súa ausencia. Do que damos cumprida información á interesada o 23/05/2007, e coa mesma data dirixímonos a xerencia de Urbanismo que con data 12/06/2007, nos informa que existe un expediente en tramitación sobre as competencias de mantemento do talude existente nas traseiras do edificio, sobre orde de execución do mantemento do dito talude, o que lle participamos á interesada o 13/06/2007.

Con data 30/07/2007, interesase, de novo, información actualizada, e de novo o 30/08/2007.

Con data 06/11/2007, recíbese comunicación da interesada na que nos participa, que están a seguir padecendo molestias constantes, por mor das picadelas dos insectos con perigo para súa saúde, do que se dá cumprida información a Urbanismo, instando, unha vez máis, unha solución axeitada o 08/11/2007.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 13/02/2008 reiterouse o pedimento anterior, e de novo, o 26/03/2008, 05/05/2008, 20/05/2008, recibíndose escrito de Disciplina Urbanística o 26/05/2008, do que se deu cumprida información á interesada quedando o tema pendente das xestións ante Patrimonio. Con data 24/06/2008 solicitouse información ao respecto, e de novo o 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 19/11/2008, 17/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse por sexta vez o pedimento informativo do 24/06/2008, e de novo, o 18/02/2009, 18/03/2009, 23/04/2009, 18/05/2009, 16/06/2009, 24/07/2009, 24/08/2009, 24/09/2009, 26/10/2009. Con data 06/11/2009 recíbese escrito de Medio Ambiente informando que se procedeu a limpeza de parte do recinto, ordenándose de novo a limpeza do resto, e que con respecto ao peche débese actuar ante Patrimonio do que se deu cumprida información interesada o 10/11/2009. Con data 4/12/2009 interesase información actualizada.

EXPEDIENTE 69/2006

ASUNTO

Queixa en relación coas molestias (ruídos e cheiros) producidas por unha campá extractora instalada, sen licenza, nun patio exterior.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 9/11/2006. Con data 13/11/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 20/12/2006.

REFLEXIÓN

Estamos ante un feito denunciado o 30/12/2004 e do cal existe un informe do departamento de Medio Ambiente de 21/01/2005 no que se indica que a instala-

ción incumpre a ordenanza protectora do ambiente atmosférico. Ademais, con data 10/02/2005 esténdese dilixencia do servizo de Licenza de actividades e instalacións da X.M.U. no que se reflicte que non consta a licenza de actividades e instalacións.

Cómpre salientar que en escrito do 24/10/2005 o departamento Medio Ambiente traslada o expediente ao servizo de Disciplina urbanística para que se incoase, de se-lo caso, expediente de protección da legalidade urbanística.

Que pasa coas molestias que o interesado está a padecer desde que fixeron a súa denuncia?

O cidadán non pode soportar tanta realidade. A falta de axilidade conduce a unha ineficacia que produce danos na saúde e na tranquilidade ás que ten dereito a gozar o promotor da queixa, como calquera outro cidadán, e que, polo acontecido, non se lle proporciona.

RECOMENDACIÓN

O cumprimento axeitado da defensa dos dereitos do cidadán e da legalidade urbanística.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 24/01/2007, reitérase o pedimento anterior, e, de novo, o 26/02/2007, 26/03/2007, 23/04/2007, 21/05/2007, 19/06/2007, 26/07/2007, 30/08/2007. Con data 02/11/2007, recíbese informe de Urbanismo indicando que con data 09/10/2007, se solicita informe a la inspección para comprobar que tipo de actividade se está a realizar (e dicir vintedous meses desde producida a primeira denuncia), o que se comunica ao interesada o 05/11/2007.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 13/02/2008, solicitouse a Concellería de Urbanismo e Vivenda información actualizada sobre as comprobacións dos feitos denunciados (en especial falta de licenza).

Con data 17/03/2008, recíbese escrito de Urbanismo no que se informa que se expediu título de cambio de titularidade da actividade e toda vez que o local conta con licenza non procede incoación de expediente de protección de legalidade urbanística; e que nesa mesma data (07/03/2008) trasládase o expediente a

Medio Ambiente aos efectos oportunos de contaminación acústica; do que se dá traslado ao interesada.

Con data 06/05/2008, instouse información ao respecto a Concellería de Medio Ambiente, solicitude que se reitera o 20/05/2008 o 24/06/2008, 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 19/11/2008, 17/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes: Con data 22/01/2009, reiterase por novena vez o pedimento informativo, e, de novo o 18/02/2009, 18/03/2009, 23/04/2009.

Con data 28/04/2009, recíbese escrito da Concellería de Medio Ambiente, sen rexistro de saída, no que comunica que se ten solicitado información a Xerencia de Urbanismo sobre a licenza concedida de actividade de café bar sen música permite o servizo de comidas, actividade que ocasiona as molestias de fume o olores obxecto da denuncia.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 30/04/2009, indicando que, en datas vindeiras instarase información actualizada ao respecto, e que se fai o 24/07/2009, 24/08/2009 e o 24/09/2009, e o 26/10/2009. Con data 13/11/2009, recibe informe de Medio Ambiente indicando que seguen en espera da información solicitada, do que se dá cumprida información ao interesado o 18/11/2009.

EXPEDIENTE 71/2006

ASUNTO

Queixa en relación co rebumbio nocturno que padecen os veciños como consecuencia do denominado “botellón”.

O promotor da queixa indica que presentou tres denuncias durante os sete primeiros meses do ano 2006, sen recibir resposta ningunha e sen que consten actuacións por parte do Concello ao respecto.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/11/2006. Con data 20/11/2006 solicítase o preceptivo informe, petición coa que se achega copia dun estudo efectuado por unha empresa homologada, no que se reflicten niveis de contaminación acústica que

superan, con carácter grave, os límites permitidos na Ordenanza municipal de protección do medio. Esta petición reitérase o 20/12/2006.

Con data 29/12/2006 recíbese escrito da concellería competente, no que informa que o interesado debe solicitar da Policía local a conseguinte medición sonométrica.

REFLEXIÓNS

Ten que facerse patente, unha vez máis, a actitude que de “convidado de pedra” adopta a autoridade municipal.

O promotor da queixa achega facturas dun servizo telefónico nas que se recollen vinte e nove peticións de axuda á Policía local nun período de ano e medio, sen que se lle prestase a atención debida, cando a finalidade da ordenanza municipal citada é “protexer ás persoas e ós bens” contra este tipo de agresión, e abranxe a todo tipo de actividades, instalacións e comportamentos que xeren ruídos ou vibracións susceptibles de producir molestias, lesións ou danos materiais a aqueles. Estamos ante un suposto perfilado nitidamente nos artigos 22 e 23 da citada ordenanza, sobre produción de ruídos nas zonas de pública convivencia, con especial referencia ás horas de descanso nocturno.

Obviamente, o problema non é dun determinado aspecto, lugar, actividade ou situación; as medidas preventivas son escasas, falta unha axeitada planificación, especialmente urbana, unha arquitectura urbana que contemple a axeitada insonorización das vivendas, locais, etc.

Pese a que cada vez hai máis decisións xurídicas neste ámbito, as Administracións públicas seguen, facendo oídos xordos, punzando ós cidadáns, obrigándoos a encamiñarse á vía xudicial para dar saída a unhas circunstancias que deberían ser resoltas pola administración dun xeito lóxico e normal e non excepcional, como está a ser.

Neste ámbito, e válido para máis expedientes, é necesario subliñar que, segundo a sentenza do Tribunal Supremo, de 10 de abril de 2003, identifícase como enderezo inviolábel o espazo no que o individuo vive, sen estar suxeito necesariamente ós usos e convencións sociais, e onde exerce a súa liberdade máis íntima, polo que o obxecto específico de protección neste dereito fundamental é tanto o espazo físico en si mesmo como o que nel hai de emanación da persoa que o habita. Este dereito fundamental adquiriu unha dimensión positiva en relación co libre desenvolvemento da personalidade, orientada á súa plena efectividade,

facéndose imprescindible asegurar a súa protección, non só fronte ás inxerencias de terceiras persoas, senón tamén fronte ós riscos que poidan xurdir nunha sociedade tecnoloxicamente avanzada. Así, o ruído pode chegar a representar un factor psicopatóxeno destacado no seo da sociedade e unha fonte de permanente perturbación da calidade de vida dos cidadáns. Certos danos ambientais, en determinados casos de especial gravidade, poden atentar contra o dereito da persoa ao respecto da súa vida privada e familiar privándoa do goce do seu domicilio, aínda cando non poñan en perigo a saúde das persoas.

En relación co rebumbio provocado polo “botellón”, é preciso que, con medios axeitados como é unha dotación policial, se apliquen as ordenanzas municipais para impedir que se superen os límites de ruídos, procedendo ao peche dos establecementos que os incumpran, incluso dispersando as concentracións de mozos cando se pasen os citados límites. Non se trata de exercer unha represión policial, pero os dereitos da xente nova a expresarse e reunirse atopan os seus límites nos dereitos dos demais cidadáns á libre circulación, ao descanso e á propia vida, entendida nun senso amplo non só físico, que se menoscaba ao non adoptar a Administración municipal as medidas axeitadas e suficientes para paliar, polo menos en parte, os efectos negativos de cada situación (Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía, sentenza do 29 de outubro de 2001).

No traballo publicado pola institución do Valedor do Cidadán sobre Contaminación acústica nocturna na cidade de Vigo, na zona que nos ocupa chegaronse a medir índices de contaminación acústica de entre 62 e 70 dBA.

RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións acordes co disposto na normativa reguladora en defensa dos danos producidos pola contaminación acústica.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/01/2007, dáse resposta a Medio Ambiente, indicando, unha vez mais, a doutrina e recomendación do Valedor do Pobo, no senso de que o cidadán non ten obriga de solicitar a Policía local tal medición. E obvio, toda vez que xa ten formulada denunciada ao respecto no Concello, que esta é que ten que proceder ás comprobacións pertinentes, máxima tendo en conta que a interesada formulou tres denuncias durante o ano 2006, sen actuación municipal

Pola súa parte esta Institución presentou medición feita por empresa homologada, solicitando, unha vez mais, información actualizada o respecto petición que

se reitera o 27/02/2007, 27/02/2007, 23/04/2007, 21/05/2007. con data 04/06/2007, recíbese escrito de Medio Ambiente no que reflicte que o interesado debe solicitar medición sonométrica á Policía Local. Con data 11/06/2007, dirixímonos a Medio Ambiente indicando o seguinte:

“Con data 4 de xuño do ano que andamos recíbese o seu escrito de data 25/05/2007, número de saída 8502, no que se reflicte que a interesada debe solicitar medición sonométrica á Policía local como actuación previa.

Do contido do mesmo despréndese que a denuncia da interesada, de 13/01/2006 (hai ano e medio), remitida por carta certificada e con recepción no Rexistro Xeral do Concello, non foi ben examinada, pois na mesma indícase “las llamadas telefónicas semanales a la Policía local carecen de eficacia”. A interesada reiterou o seu pedimento mediante carta certificada o 8/02/2006 e o 3/08/2006, en escrito co número de documento 60084639, escrito que se cita na xuntanza que tivo co titular da Concellería de Mobilidade e Seguridade e co xefe da Policía local en marzo de 2006 sobre o tema en cuestión.

Ademais, no seu escrito alude ao pedimento desta Institución de data 21/05/2007, pero non fai ningunha mención ao noso escrito de data 16 de xaneiro de 2007, número de saída 24, e que, de novo, en fotocopia se achega, con especial referencia ao tema das medicións sonométricas.

Como dato máis salientábel, signifícase que é frecuente que, ante unha sanción por exceso de ruído, se alegue ante os tribunais a falta de aptitude ou de capacitación técnica da persoa que realiza a medición.

Cómpre indicar que as medicións de ruídos e vibracións poden realizarse por empresas ou entidades especializadas que cumpran determinados requisitos, tal como a que se achegou co noso escrito de 20/11/2006, número de saída 1218.

O Decreto 150/1999, do 7 de maio, da Xunta de Galicia, esixe tal homologación ás empresas ou entidades que efectúen medicións, como no caso que nos ocupa.

Máis frecuentemente, as medicións se levan a cabo por persoal municipal competente, xeralmente membros da Policía local, o que nalgunha ocasión deu lugar a impugnacións baseadas no incumprimento do artigo 35 do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, que se refire á comprobación das condicións esixidas na licenza por un “funcionario técnico”.

Enfrontada a tal suposto, a Sentenza do Tribunal Supremo de 22 de setembro de 1995, que decidiu o recurso no que o Concello invocaba o artigo 53.1, d) da Lei de Corpos de Forzas de Seguridade (LO 2/1986, de 13 de marzo), que atribúe ós corpos de Policía local o control do cumprimento das ordenanzas e normas locais e, polo tanto, a potestade de controlar o cumprimento dos niveis de ruído permitidos pola ordenanza municipal aplicábel e polo PXOU municipal, que declarou que a finalidade do artigo 35 do RAM non é outra que introducir un criterio técnico na comprobación das deficiencias e irregularidades que poidan observarse nas actividades sometidas a licenza a outorgar, de acordo co regulamento das citadas actividades. Porén, isto non supón necesariamente que se trate sempre dun funcionario cunha cualificación ou titulación técnica, de xeito tal que, cando a comprobación se poida facer por medios técnicos fiábeis, ten que entenderse que se cumpriu a finalidade da norma regulamentaria.

A doutrina xurisprudencial matiza que de ningún modo pode levar a entender que a intervención do funcionario técnico prevista polo regulamento poida ser substituída pola actuación da Policía municipal en todo caso, procedendo esta substitución unicamente naqueles supostos no que o emprego de instrumentos por persoas sen unha formación específica respecto a materia dea lugar a resultados tecnicamente correctos.

A propia ordenanza do Concello de Vigo prevé a intervención de empresas ou entidades especializadas e previamente homologadas, como no caso que nos ocupa. O auxilio, neste caso, foi promovido pola Institución do Valedor do Cidadán do Concello de Vigo e, dentro do procedemento, a promotora da queixa formulou a súa solicitude de forma clara, tal como se desprende dos escritos antes citado, segundo o artigo 35 da Ordenanza municipal de 28 de xullo de 2000.

Por todo, unha vez máis, solicítase a adopción das medidas axeitadas en función do índice de perturbación, así como información actualizada ao respecto.”

Posteriormente o 21/07/2007, reiterase o pedimento informativo e, de novo, o 30/08/2007, e o 30/10/2007.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 13/02/2008, reiterouse o pedimento informativo, é, de novo, o 26/03/2008, 05/05/2008, 20/05/2008, 24/06/2008, 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 19/11/2008, 17/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009 reiterase por décimo quinta vez os pedimentos realizados en 2008, e, de novo, o 18/02/2009, 18/03/2009 e 23/04/2009. Con data 30/04/2009, recíbese escrito da Concellería de Medio Ambiente, seu rexistro de saída, no que informa o seguinte:

En resposta ao escrito referente ao expte. 71/2006, comunícolle, segundo me informan os servizos técnicos, o seguinte:

O Valedor do Cidadán no seu escrito de data 11 de xuño de 2007, documento 70069638, sinala “as medicións de ruídos e vibracións poden realizarse por empresas ou entidades especializadas que cumpran determinados requisitos tal e como a que se achegou co noso escrito de data 20 de novembro de 2006”.

Neste senso é preciso aclarar que se ben a propia Ordenanza do Concello en materia de ruídos reconece no seu artigo 3.3: “No caso de que o Concello non conte cos medios técnicos ou humanos necesarios para cumprir a función de control que esta ordenanza lle atribúe, poderá reclamar auxilio da administración autonómica, que se prestará de ser o caso, mediante convenio suscrito entre ambos, por instancia do Concello. Do mesmo xeito, poderá reclamar o auxilio de empresas ou entidades especializadas, as que deberán ser previamente homologadas, segundo os criterios que se fixan no capítulo 2 do Regulamento de Protección contra a contaminación acústica, aprobado polo Decreto 150/1999, de 7 de maio”.

Queda perfectamente determinado no artigo reproducido no parágrafo anterior que quen está habilitado e ten a competencia exclusiva para solicitar “o auxilio de empresas ou entidades especializadas” é o propio Concello de Vigo.

Asemade, no Manual de procedementos do Concello de Vigo para a medición de ruídos e vibracións recóllese expresamente (apartado 2º) que: “o persoal competente para realizar as medicións dos niveis de ruídos e vibracións (...) será persoal municipal, ben da Policía Local, ben do servizo de Medio Ambiente, ou ben da Xerencia de urbanismo, cualificados para poder realiza-las medicións que se describen no punto 1 deste Manual”.

Por outra banda, debemos lembrar que a participación das empresas homologadas será, segundo o artigo 11 da Lei 10/1997, de Protección fronte a Contaminación Acústica da Comunidade Autónoma de Galicia, unha función de asistencia, non podendo substituír a presenza de funcionarios municipais.

A presenza dos funcionarios públicos (xeralmente da policía local), poderá consistir simplemente en deixar constancia da realización da medición e da veracidade dos datos consignados.

Como ben se sabe, para a realización das medicións os funcionarios municipais estarán facultados para acceder ás instalacións onde se desenvolva a actividade sen previo aviso e sempre que se identifiquen.

No desenvolvemento destas funcións os funcionarios públicos terán a consideración de axentes da autoridade, de conformidade co artigo 27 da Lei 37/2003, do Ruído, precepto que tamén impón o deber de colaboración das persoas suxeitas ás actividades inspectoras.

*As actas emitidas polos órganos competentes no marco das visitas de inspección **gozan de presunción de veracidade**, en canto ós feitos contidos nas mesmas, e **constitúen proba suficiente ós efectos do correspondente expediente sancionador**.*

Por conseguinte, de continuar as molestias causantes da denuncia, pregamos sexa comunicado a esta Concellería para que se solicite a correspondente medición sonométrica a realizar pola Policía Local.

Do que se deu cumprida información á interesada, engadíndolle ademais

Pola nosa parte insistiremos no tema de que non é necesario que vostede solicite da Policía Local medición sonométrica. Non obstante faise preciso recordarlle que na súa zona (zona de alta saturación) establecerase probablemente a prohibición do botellón de acordo coa nova Ordenanza reguladora da Convivencia Ciudadá e o Ocio, aprobada o 30/03/2009, segundo ten declarado, a Concellería de Medio Ambiente recentemente.

Por tanteo dáse o expediente por pechado.

EXPEDIENTE 73/2006

ASUNTO

Queixa en relación co rebumbio nocturno que padecen os veciños, así como a contaminación acústica producida por un establecemento de hostalería.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 6/11/2006. Con data 20/11/2006 solicítase o preceptivo informe, petición coa que se achega copia dun estudio efectuado por empresa homologada, no que se reflicten niveis de contaminación acústica que superan, con carácter grave, os límites permitidos na ordenanza municipal de protección do medio. Esta petición reitérase o 20/12/2006.

Con data 29/12/2006 recíbese escrito da concellería competente, no que informa que o interesado debe solicitar da Policía local a conseguinte medición sonométrica.

REFLEXIÓN

Ademais das que se reflicten no expediente 71/2003, cómpre incidir en determinadas puntualizacións de carácter xenérico. No noso ámbito territorial atopámonos lonxe de chegar a actuacións administrativas, e tamén xudiciais, propias dos países do noso contorno, máis avanzados e “democráticos” no entendemento do que supoñen estes dereitos de “terceira xeración”. O insólito do noso país é que se deba acudir, con tanta frecuencia, á vía xudicial, cando é a administración, coñecedora dos criterios xurisprudenciais, a que ten que adoptar uns criterios que coñece e non lle son alleos (Izquierdo Carbonero).

A desidia da Administración local na defensa do cidadán é unha práctica constante até o momento, tolerando actividades altamente nocivas, como son as célebres zonas de botellón e, en xeral, de locais de lecer nocturno, onde a música supera os niveis permitidos a altas horas da mañanciña, o ruído dos vehículos de motor e a xente que se concentra nas portas producen uns efectos auditivos sonoros para os veciños que habitan os inmobles próximos e nos arredores realmente insoportábeis (Domingo Monforte, Bermejo Ferrer e outros).

A xurisprudencia constitucional e administrativa pon de manifesto a transcendencia do ben xurídico protexido, que non é outro que o dereito á protección da saúde, á intimidade persoal e familiar no domicilio, ao benestar e á calidade de vida dos cidadáns, así como o equilibrio dos sistemas naturais.

O medio ambiente urbano está conformado polas condicións de “acougo público” nas que desenvolvemos a nosa existencia (Calvo Charro).

O Tribunal supremo (52/2003) proclama que a contaminación acústica é unha agresión que esixe unha resposta do Dereito.

Para rematar, hai que lembrar a Martin-Retortillo Baquer, que expón a existencia dun apartado que sobresaé, cal é o ruído do lecer, polo que as rúas paradisíacas convértense en infernos, sen que o poder municipal consiga protexer ós cidadáns.

RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións acordes co disposto na normativa reguladora

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/01/2007, dáse resposta a Medio Ambiente indicando, unha vez máis, a doutrina e recomendación do Valedor do Pobo no senso de que o cidadán non ten obriga de solicitar a Policía Local tal medición. É obvio, toda vez, que xa ten formulada denuncia o respecto no Concello, que esta é o que ten que proceder ás comprobacións pertinentes, máxime tendo en conta que o interesado formulou denuncia durante o ano 2006, sen actuación municipal ningunha. Pola súa parte esta Institución presentou medición feita por empresa homologada, solicitando información o respecto, petición que se reitera o 27/02/2007, 27/03/2007, 23/04/2007, 21/05/2007. Con data 04/06/2007, recíbese escrito de Medio Ambiente no que reflicte que o interesado debe solicitar medición sonométrica a Policía Local. Con data 11/06/2007 dirixímonos a Medio Ambiente indicando o seguinte:

“Con data 4 de xuño do ano que andamos recíbese o seu escrito de data 25/05/2007, número de saída 8502, no que se reflicte que o interesado debe solicitar medición sonométrica á Policía local como actuación previa.

Do contido do mesmo despréndese que a denuncia do interesado, de 9/11/2006, co número de documento 60116937, e dirixida a Medio Ambiente, non foi ben examinada, pois na mesma faise mención ós feitos e ós contactos coa Policía local

Ademais, no seu escrito alude ao pedimento desta Institución de data 21/05/2007, pero non fai ningunha mención ao noso escrito de data 16 de xaneiro de 2007, número de saída 26, e que, de novo, en fotocopia se achega, con especial referencia ao tema das medicións sonométricas.

Como dato máis salientábel, significase que é frecuente que, ante unha sanción por exceso de ruído, se alegue ante os tribunais a falta de aptitude ou de capacitación técnica da persoa que realiza a medición.

Cómpre indicar que as medicións de ruídos e vibracións poden realizarse por empresas ou entidades especializadas que cumpran determinados requisitos, tal como a que se achegou co noso escrito de 20/11/2006, número de saída 1219.

O Decreto 150/1999, do 7 de maio, da Xunta de Galicia, esixe tal homologación ás empresas ou entidades que efectúen medicións, como no caso que nos ocupa.

Máis frecuentemente, as medicións se levan a cabo por persoal municipal competente, xeralmente membros da Policía local, o que nalgunha ocasión deu lugar a impugnacións baseadas no incumprimento do artigo 35 do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, que se refire á comprobación das condicións esixidas na licenza por un “funcionario técnico”.

Enfrontada a tal suposto, a Sentenza do Tribunal Supremo de 22 de setembro de 1995, que decidiu o recurso no que o Concello invocaba o artigo 53.1, d) da Lei de Corpos de Forzas de Seguridade (LO 2/1986, de 13 de marzo), que atribúe ós corpos de Policía local o control do cumprimento das ordenanzas e normas locais e, polo tanto, a potestade de controlar o cumprimento dos niveis de ruído permitidos pola ordenanza municipal aplicábel e polo PXOU municipal, que declarou que a finalidade do artigo 35 do RAM non é outra que introducir un criterio técnico na comprobación das deficiencias e irregularidades que poidan observarse nas actividades sometidas a licenza a outorgar, de acordo co regulamento das citadas actividades. Porén, isto non supón necesariamente que se trate sempre dun funcionario cunha cualificación ou titulación técnica, de xeito tal que, cando a comprobación se poida facer por medios técnicos fiábeis, ten que entenderse que se cumpriu a finalidade da norma regulamentaria.

A doutrina xurisprudencial matiza que de ningún modo pode levar a entender que a intervención do funcionario técnico prevista polo regulamento poida ser substituída pola actuación da Policía municipal en todo caso, procedendo esta substitución unicamente naqueles supostos no que o emprego de instrumentos por persoas sen unha formación específica respecto a materia dea lugar a resultados tecnicamente correctos.

A propia ordenanza do Concello de Vigo prevé a intervención de empresas ou entidades especializadas e previamente homologadas, como no caso que nos ocupa. O auxilio, neste caso, foi promovido pola Institución do Valedor do Cidadán do Concello de Vigo e, dentro do procedemento, a promotora da queixa formulou

a súa solicitude de forma clara, tal como se desprende dos escritos antes citado, segundo o artigo 35 da Ordenanza municipal de 28 de xullo de 2000.

Por todo, unha vez máis, solicítase a adopción das medidas axeitadas en función do índice de perturbación, así como información actualizada ao respecto."

Posteriormente o 19/07/2007 reitérase o pedimento informativo actualizado e, de novo, o 17/08/2007, 25/09/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 20/05/2008, reiterouse o pedimento informativo, é de novo, o 24/06/2008, 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 17/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009 reiterase por décimo quinta vez os pedimentos realizados en 2008, e, de novo, o 18/02/2009, 18/03/2009 e 23/04/2009. Con data 30/04/2009, recíbese escrito da Concellería de Medio Ambiente, seu rexistro de saída, no que informa o seguinte:

En resposta ao escrito referente ao expte. 71/2006, comunícolle, segundo me informan os servizos técnicos, o seguinte:

O Valedor do Cidadán no seu escrito de data 11 de xuño de 2007, documento 70069638, sinala "as medicións de ruídos e vibracións poden realizarse por empresas ou entidades especializadas que cumpran determinados requisitos tal e como a que se achegou co noso escrito de data 20 de novembro de 2006".

Neste senso é preciso aclarar que se ben a propia Ordenanza do Concello en materia de ruídos recoñece no seu artigo 3.3: "No caso de que o Concello non conte cos medios técnicos ou humanos necesarios para cumprir a función de control que esta ordenanza lle atribúe, poderá reclamar auxilio da administración autonómica, que se prestará de ser o caso, mediante convenio suscrito entre ambos, por instancia do Concello. Do mesmo xeito, poderá reclamar o auxilio de empresas ou entidades especializadas, as que deberán ser previamente homologadas, segundo os criterios que se fixan no capítulo 2 do Regulamento de Protección contra a contaminación acústica, aprobado polo Decreto 150/1999, de 7 de maio".



Queda perfectamente determinado no artigo reproducido no parágrafo anterior que quen está habilitado e ten a competencia exclusiva para solicitar “o auxilio de empresas ou entidades especializadas” é o propio Concello de Vigo.

Asemade, no Manual de procedementos do Concello de Vigo para a medición de ruídos e vibracións recóllese expresamente (apartado 2º) que: “o persoal competente para realizar as medicións dos niveis de ruídos e vibracións (...) será persoal municipal, ben da Policía Local, ben do servizo de Medio Ambiente, ou ben da Xerencia de urbanismo, cualificados para poder realiza-las medicións que se describen no punto 1 deste Manual”.

Por outra banda, debemos lembrar que a participación das empresas homologadas será, segundo o artigo 11 da Lei 10/1997, de Protección fronte a Contaminación Acústica da Comunidade Autónoma de Galicia, unha función de asistencia, non podendo substituír a presenza de funcionarios municipais.

A presenza dos funcionarios públicos (xeralmente da policía local), poderá consistir simplemente en deixar constancia da realización da medición e da veracidade dos datos consignados.

Como ben se sabe, para a realización das medicións os funcionarios municipais estarán facultados para acceder ás instalacións onde se desenvolva a actividade sen previo aviso e sempre que se identifiquen.

No desenvolvemento destas funcións os funcionarios públicos terán a consideración de axentes da autoridade, de conformidade co artigo 27 da Lei 37/2003, do Ruído, precepto que tamén impón o deber de colaboración das persoas suxeitas ás actividades inspectoras.

*As actas emitidas polos órganos competentes no marco das visitas de inspección **gozan de presunción de veracidade**, en canto ós feitos contidos nas mesmas, e **constitúen proba suficiente ós efectos do correspondente expediente sancionador**.*

Por conseguinte, de continuar as molestias causantes da denuncia, pregamos sexa comunicado a esta Concellería para que se solicite a correspondente medición sonométrica a realizar pola Policía Local.

Do que se deu cumprida información á interesada, engadíndolle ademais

Pola nosa parte insistiremos no tema de que non é necesario que vostede solicite da Policía Local medición sonométrica. Non obstante faise preciso recordarlle que na súa zona (zona de alta saturación) establecerase probablemente a prohibición do botellón de acordo coa nova Ordenanza reguladora da Convivencia Ciudadá e o Ocio, aprobada o 30/03/2009, segundo ten declarado, a Concellería de Medio Ambiente recentemente.

Por tanteo dáse o expediente por pechado.

CAPÍTULO II: MOBILIDADE E SEGURIDADE

EXPEDIENTE 10/2006

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por conducir sen cinto de seguridade, situación negada polo interesado toda vez que o seu vehículo dispón dunha alarma acústica e renxente para estes supostos, a cal lle fai imposible a conducción. Ademais, pregúntase como é posible que o axente da Policía local perciba tal situación sen darlle o alto, máxime cando o condutor vestía de gris, cor igual á do cinto.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 21/02/2006. Con data 2/03/2006 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade, que se recibe o 20/03/2006, no que informa que o 15 de xuño de 2004 formulouse a denuncia correspondente, cando no documento de notificación da denuncia figura como data da mesma o 28/09/2005; indica, ademais, que, unha vez presentado o escrito de alegacións, estas seguen a tramitación habitual, sen que fosen obxecto de resolución na actualidade. Do anterior dáse cumprida información ao interesado.

Con data 24/04/2006 solicítase información actualizada con respecto á situación do expediente, pedimento que se reitera o 24/05/2006, o 21/06/2006, o 17/07/2006 e o 22/08/2006.

Con data 24/08/2006 recíbese información do servizo de Seguridade, Circulación e Transporte, no que se indica que non recaeu resolución ningunha sobre as alegacións e que o procedemento se atopa dentro do prazo legal habilitado no artigo 81.2 do Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo.

Do anterior dáse cumprida información ao interesado, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase de novo información actualizada, o que se fai o 24/10/2006, o 23/11/2006 e o 19/12/2006.

REFLEXIÓNS

Resulta obvio que as Administracións públicas non teñen impedimentos para resolver os asuntos encomendados con criterios de axilidade. Non hai que esperar ao último día para resolver, como xa se expuxo en casos anteriores.

Un procedemento que non sexa áxil e breve é difícil que poida ser unha institución ao verdadeiro servizo dos cidadáns.

Atopámonos con supostos no que a dilixencia e a axilidade na tramitación do procedemento non corresponde cos criterios consagrados na normativa xeral. A eficacia non é mais que un principio activo, o que implica que se está en disposición de obrar, que se actúa con rapidez e eficacia. O principio de actividade non só é desexábel, senón indispensábel no seu funcionamento, só así acadaremos un achegamento na procura de credibilidade.

Estamos ante un procedemento que se iniciou o 28 de setembro de 2005, sen que se notificase ao denunciado no momento do feito e sen que existiran causas que xustificasen a falta de notificación (intensidade de tráfico, factores meteorolóxicos, obras ou outras circunstancias). Dáse ademais a circunstancia de que a comprobación de que o interesado non levaba posto o cinto de seguridade é altamente dificultosa. O que lle permitiría ao axente a súa comprobación exacta sería a detención de vehículo.

Tal como reflicte o Código Europeo de boa conduta administrativa, os poderes exerceranse coa finalidade para a que foron outorgados, tendo ademais en conta os factores relevantes, con actuacións xustas e razoábeis, xa que das alegacións parece inducirse que o axente municipal actúa cun criterio absolutamente infalible.

Ademais, en todo procedemento administrativo deberá terse en conta que as cuestións presentadas polos interesados constitúen o contido mínimo do mesmo, por canto ao resolverse polo órgano competente, este poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas, fosen ou non presentadas ou alegadas por aqueles.

RECOMENDACIÓN

Unha axilidade máxima na resolución dos expedientes, así como a atención ás connotacións que xorden das reflexións.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 23/02/2007 recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que se fai un relatorio do acontecido no expediente rematando coa indicación de desestimación das alegacións aducidas polo interesado o 23/11/2006, dándose cumprida información o mesmo o 26/02/2007.

Con data 22/03/2007, dirixímonos escrito a Mobilidade e Seguridade facendo as seguintes puntualizacións:

“1) Con esta data, 22/03/2007, o interesado manifesta a súa inqueda pola resolución ditada o 2/01/2007, aínda que non recibiu notificación da mesma.

¿Que sucede co disposto no artigo 58 da Lei 30/1992 sobre o prazo establecido para as notificacións das resolucións? Podemos estar, unha vez máis, ante un suposto no que a dilixencia e a axilidade na tramitación do procedemento non se albisca por ningún lado. A eficacia non é máis que un principio activo que implica que se está en disposición de obrar; o principio de actividade non só é desexábel senón indispensábel no seu funcionamento, só así acadaremos un achegamento na procura da credibilidade.

2) En canto ao punto do rexeitamento das alegacións formuladas polo interesado na defensa á que ten dereito, baste con recordar que non se deu causa xustificativa en favor da falta de notificación da denuncia no momento da suposta infracción. A comprobación dun feito antirregulamentario é altamente dificultosa. O que permitiría ao axente a súa comprobación exacta sería a detención do vehículo

Tal como se contempla no Código Europeo de boa conducta administrativa, os poderes exerceranse para a finalidade coa que foron outorgados, tendo ademais en conta os factores relevantes, con actuacións xustas e razoábeis, xa parece deducirse que o axente municipal actúa con criterio absolutamente infalible. A presunción de veracidade da denuncia precisa do deber de achegar todos os elementos probatorios que sexan posibles sobre o feito denunciado e dar as probas que en defensa dos seus dereitos poidan subliñar os denunciados. A proba do feito denunciado parece basearse nun criterio de absoluta infalibilidade; todo se reduce a unha simple ratificación como práctica habitual.

Da análise do expediente sancionador resulta:

En data 3/02/2006 notificase a denuncia ao interesado.

En data 22/03/2006, non consta resolución sancionadora, o que implicaría a caducidade do procedemento.

Por todo, e en cumprimento co disposto no artigo 10.2 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, prégase informe fundamentado e completo sobre as puntualizacións anteriores."

Con data 19/04/2007, reitérase a petición anterior, e, de novo, o 18/05/2007, 18/06/2007, 30/07/2007, 30/08/2007, 30/10/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/02/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo, é, de novo, o 05/05/2008, o 21/05/2008, o 26/06/2008, 28/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 29/10/2008, 25/11/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 23/01/2009, reitéranse os pedimentos anteriores, e, de novo, o 13/02/2009, 24/03/2009, 24/04/2009, 21/05/2009, 22/06/2009, 27/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/10/2009.

EXPEDIENTE 11/2006

ASUNTO

Queixa en relación coa baixa do interesado na Agrupación de Voluntarios de Protección Civil. O promotor da queixa indica que a súa intención non era darse de baixa e que non reconece ás persoas que a tramitaron como responsábeis da agrupación, xa que non foron elixidos de xeito democrático. Para tal fin remitiu varias solicitudes, sen resposta ningunha.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 28/02/2006. Con data 6/03/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera nas seguintes datas: 3/04/2006, 2/05/2006,

05/06/2006, 3/07/2006, 9/08/2006, 7/09/2006, 10/10/2006, 8/11/2006 e 4/12/2006.

REFLEXIÓNS

A regulación que fai a Lei 30/1992, artigo 35, como catálogo xeral dos dereitos dos cidadáns, ao entender de Sánchez Blanco, supón que a Administración pública non é só unha organización que exerce potestades, senón un conxunto de organizacións que prestan servizos e que demandan operar cunha “estratexia global”, orientadas ao obxectivo de mellora-la eficacia interna da administración que, neste caso, non se axusta ao disposto no Regulamento da agrupación municipal de voluntarios de protección civil de Vigo, aprobado polo Pleno da Excma. Corporación en sesión celebrada o 29 de outubro de 2001 (BOP. número 233, de 4 de decembro de 2001), polo que esta actuación supón, a todas luces, unha desviación de poder.

Estamos ante unha manifestación da vontade administrativa que se fai prescindindo total e absolutamente do procedemento legal establecido, o que implica a nulidade do acto, segundo o artigo 62 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento orgánico do Valedor de Cidadán, en relación co prazo establecido para a emisión dos informes solicitados, así como o cumprimento do regulamento específico da actividade á que se refire este expediente.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2007, reitérase a petición anterior, e, de novo, o 14/02/2007, 13/03/2007, 17/04/2007, 16/05/2007, 18/06/2007, 30/07/2007, 30/08/2007, 30/10/2007, 27/11/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 1/02/2008, reiterouse, por vixésima vez, o pedimento informativo, e de novo, o 26/03/2008, o 05/05/2008, o 21/05/2008, o 26/06/2008, 28/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 29/10/2008, 25/11/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes: Con data 23/01/2009, reitéranse os pedimentos anteriores, e, de novo, o 18/02/2009.

Con data 24/02/2009, recíbese escrito da Concellería de Mobilidade e Seguridade ao que achega informe da Coordinación de Protección Civil de 29/01/2007, e dicir de fai dous anos no que indica o seguinte:

Que o interesado non realizou ningún tipo de servizo dende que dimitiu a Xunta directiva anterior, participándolle no seu día que pedir calquera tipo de Servizo sen ningún tipo de problema, non recibindo ningunha resposta ate o momento, polo cal existen motivos suficientes en base os estatutos para que fose dado de baixa da agrupación.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 26/02/2009. Sen actuacións posteriores, dándose por pechado o expediente.

EXPEDIENTE 31/2006

ASUNTO

Queixa en relación coa situación na que se atopa un colectivo de traballadores pola permanente presión da actuación da Policía local debido ás dificultades de aparcamento nas proximidades da rúa Cánovas del Castillo. A falta de lugares apropiados para aparcar é manifesta, polo que se senten en inferioridade de condicións con respecto a outros cidadáns, tamén traballadores, que dispoñen de lugares reservados para eles.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 23/05/2006. Con data 23/05/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 22/06/2006, o 18/07/2006, o 22/08/2006, o 26/09/2006, o 24/10/2006, o 23/11/2006 e o 20/12/2006.

REFLEXIÓNS

Existen dificultades para aparcar nunha parte da cidade na que hai unha zona reservada para carga e descarga pola actividade derivada dun mercado que exerce a súa actividade polas mañás, polo que tal necesidade non existe polas tardes, momento do día para o que se podería adapta-lo aparcamento para aqueles traballadores doutros sectores que si teñen actividade pola tarde.

Os afectados séntense discriminados pola situación exposta e consideran relevante que a Policía local non atenda co mesmo celo outras actividades que son

realmente nocivas (botellón, accesos a centros educativos con venta e consumo de substancias nocivas, etc.).

RECOMENDACIÓN

O cumprimento de legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación.

A revisión e o estudo de situacións como a presente que permita un axeitado desenvolvemento das necesidades derivadas da mobilidade dos cidadáns.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2007, reiterouse a petición anterior, e, de novo, o 22/02/2007, 22/03/2007, 19/04/2007, 18/05/2007, 18/06/2007, 30/07/2007, 30/08/2007, 18/10/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/02/2008, reiterouse por dezasete vez o pedimento anterior, é, de novo, o 01/04/2008, o 05/05/2008, o 21/05/2008, o 26/06/2008, 24/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 29/10/2008, 25/11/2008.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 23/01/2009 reiterouse por vixésima vinte e seis veces os pedimentos anteriores, e, de novo, o 18/02/2009. Con data 16/03/2009, recíbese escrito da Concellería de Mobilidade e Seguridade no que se informa que a zona cuestionada non conta con moitas prazas de aparcadoiro en superficie, e que no tocante a zona da fachada no mercado do Berbés, e evidente que ten que primar o interese público do abastecemento do mercado.

Do que se dá cumprida información a interesado o 16/03/2009. Sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 35/2006

ASUNTO

Queixa en relación coas dificultades que ten o interesado para acceder á súa vivenda polo feito de ter sinais de dirección prohibida en ambos os dous sentidos, sendo sancionado nunha ocasión, non obstante facer uso dunha autorización verbal pola que se lle permitía aparcar entre as 20 e as 8 horas.

Hai que ter en conta, ademais, que os bolardos fixos impiden o acceso de servizos necesarios (butano, etc.) e existe un sinal que só permite o paso ós vehículos de emerxencia.

O interesado tramitou unha solicitude ao respecto en abril de 2006, sen obter resposta ningunha.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 7/06/2006. Con data 8/06/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera nas seguintes datas: 12/07/2006, 9/08/2006, 18/09/2006, 23/10/2006, 22/11/2006 e 13/12/2006.

REFLEXIÓN

Independentemente das razóns polas que se prohibe a mobilidade na rúa en cuestión, sería desexábel unha revisión exhaustiva que delimitara fidedignamente as limitacións, coa posibilidade de acceso restrinxido ós veciños da rúa mediante unha reordenación dos bolardos, como existe noutras rúas con limitacións de mobilidade.

Por outra banda, o interesado ten dereito a recibir información puntual e detallada en relación coa solicitude formulada no seu día.

RECOMENDACIÓN

O cumprimento de legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación.

A revisión da situación dos bolardos, adaptándoos ás medidas de mobilidade, como noutras rúas.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 20/02/2007, 20/03/2007, 18/04/2007 e 04/10/2005.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/02/2008, reiterouse por doceava vez, o pedimento informativo anterior, é de novo, o 01/04/2008, o 05/05/2008, 21/05/2008, o 26/06/2008, 24/07/2008, 27/08/2008, 29/10/2008, 25/11/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes.

Con data 23/01/2009 reitérase por vixésima vez, os pedimentos anteriores, e, de novo, o 18/02/2009, 24/03/2009, 24/04/2009, 21/05/2009, 22/06/2009, 27/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009.

EXPEDIENTE 48/2006

ASUNTO

Queixa en relación coa retirada dun vehículo da vía pública por aparente abandono do mesmo. O automóbil atopábase correctamente estacionado na rúa debido ás obras que se estaban a realizar no garaxe do promotor da queixa e este non recibiu notificación ningunha no seu domicilio ao respecto.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/08/2006. Solicítase o preceptivo informe o 19/07/2006, petición que se reitera o 22/08/2006, o 25/09/2006, o 23/10/2006, o 22/11/2006 e o 20/12/2006.

REFLEXIÓNS

O vehículo non estaba en situación de abandono e a notificación efectuada non foi correcta, xa que existen probas mediante documentos oficiais de que o enderezo do interesado non é o que figura na notificación que se indica en relación co expediente de abandono. Este feito supón unha situación de indefensión do promotor da queixa por un erro da Administración municipal.

RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que no seu artigo 10.2 establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación.

A declaración da nulidade do expediente, xa que os datos non son verdadeiros por erro imputábel ao Concello, o arquivo do mesmo e a corrección dos danos ocasionados.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2007, recíbese escrito de Seguridade no que se informa que a interesada solicita a declaración de nulidade das actuacións do expediente, cuxa resolución está este en trámite.

Con data 22/02/2007, instase información o respecto e de novo o 21/03/2007, 27/03/2007, 19/04/2007, 18/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007, 22/08/2007, 23/10/2007, 22/11/2007, 20/12/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/02/2008, reitérase por oitava vez, o pedimento informativo, é, de novo, o 11/06/2008, tras diversas xestións ante o Tribunal Económico-Administrativo e diversas actuacións da interesada ante a Policía de Tráfico e a Policía Municipal, instando unha solución urxente, do tema, trala exposición das irregularidades por parte do Concello que poderían dar lugar a responsabilidades ante outras instancias, tras facer as seguintes puntualizacións:

“Con data 19 de xullo de 2006, iníciase a solicitude de D^a. ..., con domicilio na rúa, en Vigo o expediente de referencia por retirada da vía pública do vehículo, marca Mercedes, modelo 190D, matrícula, alegando pola Policía Local que o mesmo estaba abandonado, estimando a interesada que o vehículo estaba correctamente estacionado, e que o motivo de estar estacionado na vía pública, de xeito correcto, debíase a circunstancia de que o seu garaxe estaba sometido a obras de acondicionamento.

A interesada non recibiu notificación oficial algunha con respecto a retirada do vehículo, xa que as notificacións enviadas polo Concello non eran correctas, tal como consta nos arquivos municipais, polo que solicitou a anulación de expe-

diente sancionador e a devolución do vehículo no estado en que estaba no momento da retirada do mesmo.

A tal fin, a interesada acreditou, no seu día, ante o Concello e segundo certificación que se adxunta o seu domicilio correcto.

Esta puntualización foi reiteradamente presentada no Concello, coas probas correspondentes, sen que lle foxe tido en conta en ningún momento.

Como é posible que o 23/02/2006, desde Seguridade e Transportes se lle comunique á interesada no seu domicilio correcto que as notificacións enviadas en 2005, a dirección incorrecta, resulten negativas, e obvio, xa que tal domicilio no é o mesmo.

Con data 22/02/2007, en escrito nº 213, documento 70025916, solicítase informe en relación coa solicitude de D^ainteresando a nulidade das actuacións polos defectos de forma (errónea identificación de domicilio).

Con data 09/01/2007, a interesada solicita ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello, a anulación do imposto de circulación, alegando a destrución do vehículo por orde de Mobilidade e Seguridade, da que se fai cargo esta oficina do Valedor do Cidadán ante dito Tribunal, sen deixar por iso a Xestión ante Mobilidade e Seguridade, a quen nos diriximos por última vez o 18 de febreiro de 2008, n/s 148, documento 80020857, aínda sen resposta.

Con data 09/04/2008, recíbese resposta do Tribunal Económico Administrativo, indicándonos que o 11/04/2007 (é dicir un ano antes) foi resolta a solicitude formulada por D^a

Con data 07/05/2008, a interesada fainos entrega dunha copia da devandita resolución co resultado desestimatorio, toda vez que se alegan cuestións sobre das débedas apremiadas, as cales deberan ser alegadas no intre oportuno.

O 20/05/2008, a interesada comparece no Concello (Seguridade) onde se lle indica que non aparece parte algún; e na Policía de Tráfico indícaselle que solicite unha exención de imposto de rodaxe, xa que nesa dependencia carecese de datos e polo tanto non o poden dar de baixa. O vehículo foi despezado por Orde do Concello baseándose en datos erróneos, o vehículo non estaba abandonado, as pescudas non foron axeitadas, a Policía Local tería que esgotar tódolos medios o seu alcance, certificación veciñal, seguimento nas direccións obrantes e diferentes (dentro do mesmo edificio) etc., etc.

A interesada non foi atendida nos seus dereitos a ser informada, a ser asesorada convenientemente, o Concello como as demais administracións públicas no seu réxime xurídico debe transcender as regras de funcionamento interno, para integrarse na sociedade a que serve como o instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.

Estamos ante un suposto en que a obxectividade non se albisca por ningunha parte, así como os criterios de eficiencia e Servizo os cidadáns, sen esquecer o principio de transparencia.

A Policía de Tráfico informa á interesada que (19/05/2008) o papel ou documento da Policía Local non sirve para nada, xa que no mesmo no figura a empresa de despece.

A Policía Local ten a obriga de notificar a Policía de Tráfico o despezamento do vehículo e a empresa encargada de tal operación, trámite que non se fixo axeitadamente, de tal modo que aínda hoxe o vehículo figura de alta.

O vehículo despezase o mesmo día en que se retirou, achégase parte do mesmo, como ANEXO-4.

O 20/05/2008, a interesada presenta nova solicitude no rexistro de entrada, documento nº 80063070, sobre o tema en cuestión en relación coas obrigas do Concello.

A baixa temporal que lle suxire Tráfico non é realmente satisfactoria, e que o Concello ten un número significativo de vehículos na mesma situación, e dicir carecen da baixa de oficio." Reiterase o pedimento o 24/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 29/10/2008, 25/11/2008.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 23/01/2009 reitéranse os pedimentos anteriores e, de novo, o 18/02/2009 e o 24/03/2009. Con data 13/04/2009 recíbese informe da Concellería de Mobilidade e Seguridade no que indica unha serie de actuacións en relación co vehículo afectado. Do que se dá cumprida información ao interesado o 14/04/2009.

Datas despois recíbese, chamada telefónica da interesada que manifesta o seu descordo co informe da Concellería e comunica que presentará por escrito as obxeccións correspondentes.

EXPEDIENTE 52/2006

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico imposta polo vehículo multamóbil, indicando na notificación da sanción “*por non identificar ao conductor habendo sido requerido para elo*”, medida que non foi comunicada ao afectado mediante o aviso correspondente. O interesado manifesta que o vehículo sancionado foi entregado nun taller para despece no mes de decembro de 2005, polo que facía máis de seis meses que estaba retirado da circulación.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 17/08/2006. Solicítase o preceptivo informe o 22/08/2006, petición que se reitera o 25/09/2006, o 23/10/2006, o 22/11/2006 e o 20/12/2006.

REFLEXIÓN

Estamos ante unha notificación incorrecta que se formula no momento da denuncia, xa que se indica que o feito denunciado é por non identificar o conductor, sendo requirido para iso. Os datos omitidos proceden dun erro propio da administración, o que debe concluír coa anulación do expediente e a devolución do importe da multa.

RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que no seu artigo 10.2 establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto da reclamación.

A anulación do expediente instruído e a devolución do importe da sanción.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2007, reitérase o pedimento anterior. Con data 26/01/2007 recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que se informa do procedemento seguido no expediente rematado que o interesado presentou recurso de reposición o 13/07/2006, sen mais precisión. Do que se dá información ao interesada o 29/01/2007.

Con data 29/01/2007 solicítase información o respecto o punto anterior, e o 23/02/2007, recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que se informa dou- tro expediente, pero nada do recurso de reposición, polo que se insta nova infor- mación o 08/03/2007, e o 11/04/2007, 09/05/2007, 12/06/2007, 13/07/2007, 13/08/2007, 08/10/2007, 22/11/2007, 13/12/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/02/2008, reiterouse por quinta vez, o pedimento informativo anterior, é de novo, o 10/04/2008, 05/05/2008, 21/05/2008 e 26/06/2008 o 24/07/2008, 27/08/2008, 31/09/2008, 29/10/2008, 25/11/2008.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 23/01/2009, reitéranse os pedimentos anteriores, e de novo, o 18/02/2009, 24/03/2009, 24/04/2009, 21/05/2009, 22/06/2009. Con data 29/06/2009, recíbese escrito da Concellería de Mobilidade e Seguridade, no que informa que o 07/05/2007 procedeuse a dar de baixa o expediente por mor dun erro na tramitación do mesmo comunicación que se fai dous anos despois. Do que se deu cumprida información ao interesado o 30/06/2009, sen mais actua- cións.

EXPEDIENTE 54/2006

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico imposta polo vehículo multamó- bil por estar estacionado en zona de carga e descarga no número 228 da rúa San- jurjo Badía. O interesado indica, e así o fixo constar no escrito de alegacións entrego- do o 21/07/2006 no Rexistro Xeral do Concello, que no enderezo indicado non existe zona reservada a carga e descarga e, ademais, na fotografía oficial non figu- ra o número do portal nin se recolle visión ningunha da citada zona, a cal se ato- pa no número 300 da citada rúa.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 29/08/2006. Solicítase o preceptivo informe o 30/08/2006 que se reitera o 28/09/2006, o 26/10/2006, o 27/11/2006 e o 21/12/2006.

REFLEXIÓNS

Estamos ante unha situación na que se dá un evidente erro imputábel á administración. Os datos que figuran na denuncia non son verdadeiros, polo que o expediente debe declararse nulo e arquivarse e proceder á devolución do importe satisfeito polo interesado.

RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que no seu artigo 10.2 establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación.

A anulación do expediente en cuestión e a devolución do importe da multa percibida.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 27/01/2007, reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 22/02/2007. Con data 02/03/2007, recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que se, informa do procedemento seguido, indicando que “non obstante, foi solicitado un novo informe sobre o lugar da comisión da inspección do cal se dará traslado unha vez emitido”, do que se deu cumprida información ao interesada o 05/03/2007, que nos fai chegar o 12/03/2007 probas fotográficas que indican o seu desacordo co procedemento seguido e das que se dá conta a Mobilidade e Seguridade, o 21/03/2007, instando información actualizada, reflectindo que as probas anteriores inducen a que se deu un erro material na denuncia formulada o que invalida a sanción correspondente.

Este pedimento reiterase o 19/04/2007, e o 18/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007, 30/08/2007, 23/10/2007, 22/11/2007, 20/12/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 18/02/2008, interesouse por oitava vez, o pedimento informativo anterior, é, de novo, o 07/04/2008, o 05/05/2008, o 21/05/2008, o 26/06/2008 o 24/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 29/10/2008, 25/11/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes.

Con data 23/01/2009 reitéranse os pedimentos anteriores, e, de novo, o 18/02/2009, 24/03/2009, 24/04/2009, 21/05/2009, 22/06/2009, 27/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/10/2009. Con data 06/11/2009, recíbese informe de Mobilidade e Seguridade indicando que se existe erro na numeración do lugar da infracción esta sería en todo caso unha irregularidade non invalidante xa que da fotografía se desprende exactamente cal é o lugar onde se cometeu a infracción. Non sendo necesaria resolución expresa xa que o interesado pagou a multa coa bonificación o que implica a renuncia a formular alegacións. Do que se dá cumprida información ao interesado o 13/11/2009.

CAPÍTULO III: URBANISMO

EXPEDIENTE 25/2006

ASUNTO

Queixa en relación coas obras efectuadas nun local con actividade de bar con música na zona vella de Vigo que provoca contaminación acústica.

Indica o interesado que non está de acordo coa comunicación efectuada pola X.M.U. o 1/03/2006 en relación cun expediente, polos motivos seguintes:

“1.- Que o local en cuestión realizou reformas interiores e obras sen a preceptiva licenza, segundo comprobacións e notificación oficial, o que se considera unha aldraxe.

2.- Que estima lamentable que nunha zona “residencial e de servizos” (PERI/2002), como é a zona en cuestión, se outorguen licenzas para “bar con música”, o que favorece incomodidades pola contaminación acústica ata altas horas da madrugada, confundindo a citada actividade coa de discoteca, tal como se acreditou nas medicións sonométricas feitas pola Policía local, segundo consta no expediente do departamento de Medio Ambiente.

O local en cuestión incumpriu reiteradamente a Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica.

3.- O local carece de insonorización, o que debe conducir, cando menos, a unha suspensión cautelar da actividade, interesando unha revisión da licenza, así como a redefinición do Casco Vello como zona habitable sen ruidos.

Sublíñase, ademais, que a ... é zona BIC, polo que non entende que coa Lei de patrimonio cultural español e galego se produzan na zona actividades dese tipo que só carrexan prexuízos patrimoniais e culturais.”

SITUACIÓN

Queixa presentada o 27/04/2006. Con data 2/05/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 5/06/2006 e o 3/07/2006.

Con data 8/08/2006 recíbese escrito do servizo de Participación Cidadá, no que indica que achega copia da resposta remitida ao Valedor do Pobo e que ten relación coa solicitude desta oficina do Valedor do Cidadán. Ademais, remite copia das respostas dadas polos servizos de Medio Ambiente, Policía local e Licenza de actividades e instalacións, relativas ao mesmo concepto. De todo o anterior dáse cumprida información ao interesado o 18/08/2006.

Con data 18/09/2006 solicítase ao servizo de Participación Cidadá información actualizada, sinalando que a recibida do departamento de Licenza de actividades e instalacións, indica que *“a denuncia, ao igual que o informe de inspección evacuado, foi remitido ao departamento de Inspección de obras: infraccións, para a incoación, se procede, do correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística. En todo caso cómpre subliñar, sen prexuízo do exposto, que a insonorización esixida para a actividade de restaurante (sen música) é menor que a esixida para a actividade de bar con música que está autorizada no local.”*

Con data 29/09/2006 recíbese escrito do servizo de Participación Cidadá, co que se achega copia dos informes da Inspección de obras da X.M.U., da Inspección técnica de obras, no que inclúe o do Inspector xefe da Policía local, e do arquitecto municipal.

Con data 2/10/2006 dáse cumprida información ao interesado do contido dos escritos anteriores, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase información actualizada, especialmente en relación coa execución de obras de adaptación do local sen previa licenza e coa cheminea para a saída de fumes, petición que se formula ao servizo de Participación Cidadá o 26/10/2006, o 22/11/2006 e o 12/12/2006.

Con respecto á contaminación acústica, sublíñase que a Policía local, en informe de 15/09/2006, indica que o interesado manifestou que non é necesario levar a cabo máis medicións sonométricas, xa que non é tanto un problema de ruidos

como das vibracións producidas pola música e a xente que se atopa no local, ademais dos fumes e cheiros que saen da cociña do local.

REFLEXIÓNS

Da proliferación de informes e inspeccións realizadas dedúcese que non se aclaran os distintos aspectos formulados polo interesado na súa queixa, destacando que na mesma indica que se fixeron reformas interiores sen licenza.

En canto ás medicións sonométricas, xa o Valedor do Pobo indica que non é preciso solicitar que se realicen expresamente por escrito, e as realizadas non se corresponden cos tempos actuais.

Pódese dicir que, unha vez máis, a resposta do Concello é lenta e, polo tanto, carente de eficacia.

RECOMENDACIÓN

A adopción de medidas coherentes, áxiles e eficaces en temas de urbanismo, seguindo a pauta constitucional, que indica que a Administración pública serve con obxectividade os intereses xerais, e actúa (debería) de acordo cos principios de eficacia, ..., con sometemento pleno á lei e ao dereito.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/02/2008 reiterouse o pedimento informativo, e, de novo, o 01/04/2008, 05/05/2008, 04/06/2008, 04/07/2008, 18/08/2008, 17/09/2008, 17/10/2008, 17/11/2008, 15/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2009, reiterouse, por onceava vez, o pedimento anterior, e, de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 11/05/2009, 08/06/2009, 21/07/2009, 21/08/2009, 21/09/2009, 22/10/2009.

EXPEDIENTE 33/2006

ASUNTO

Queixa en relación co estreitamento dun camiño público mediante postes de madeira e rede de plástico que afecta a unha curva moi pechada, o que supón un elevado risco para os cidadáns. Esta situación denunciouse reiteradamente polo interesado.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 1/06/2006. Con data 5/06/2006 solicítase o preceptivo informe ao servizo de Vías e Obras, desde onde, o 20/06/2006, nos indican que trasladaron o expediente á Concellería de Urbanismo, por ser da súa competencia. Con esa mesma data solicítase a esa concellería o preceptivo informe, que se reitera nas seguintes datas: 18/07/2006, 22/08/2006, 26/09/2006, 26/10/2006, 27/11/2006 e 21/12/2006.

REFLEXIÓNS

Trátase dun suposto denunciado en xuño de 2005 e que afecta a un vial público de titularidade municipal, con numerosas intervencións da Policía local desde o ano 2004. A pesar de todo, a finais do ano 2006 seguen as mesmas circunstancias, coma se fose un asunto descoñecido.

Neste suposto obviasi claramente a función que corresponde á Administración municipal, que debe servir ós intereses xerais con obxectividade e actuar de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito. Este mandato, imposto polo artigo 103 da Constitución española, confirma, xunto co artigo 106, a concepción constitucional dunha administración eficaz e controlada, con implicacións de diversa índole; concluíndo, polo tanto, coa falta de racionalización dunha actividade pública, tal como pretende a Lei 57/2003, de modernización dos gobernos locais, ao facer caso omiso da obriga de actuar en defensa da legalidade urbanística.

RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do artigo 12 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

O cumprimento axeitado da protección da legalidade urbanística.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 12/02/2007, 22/03/2007, 19/04/2007, 18/05/2007, 18/06/2007, 30/07/2007, 28/08/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 13/02/2008, reitérase por décimo terceira vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 01/04/2008, o 05/05/2008, 04/06/2008, 04/07/2008, 18/08/2008, 17/09/2008, 17/10/2008, 17/11/2008, 15/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2009 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 11/05/2009, 08/06/2009, 21/07/2009, 21/08/2009, 21/09/2009, 22/10/2009.

EXPEDIENTE 43/2006

ASUNTO

Queixa en relación coa instalación dunha estación de telefonía móbil sen licenza, feito denunciado repetidamente.

O interesado indica que existe unha notificación da X.M.U., de 24/04/2006, na que se reflicte unha resolución pola que se ordena a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística pola execución de obras sen licenza e non legalizábeis, en principio; así como a concesión do trámite de audiencia ao interesado. Ademais, hai outra notificación da mesma xerencia, de 3/02/2006, na que se indica a suspensión do procedemento para o outorgamento de licenza de obras e instalacións.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/06/2006. Con data 29/06/2006 solicítase o preceptivo informe, que se reitera nas seguintes datas: 19/07/2006, 23/08/2006, 26/09/2006, 26/10/2006, 27/11/2006 e 21/12/2006.

REFLEXIÓNS

Estamos, unha vez máis, ante unha falta de accións decididas, áxiles e eficaces, en canto á protección da legalidade urbanística se refire.

Non é clarificador indicar só que se ordena a incoación dun expediente de protección da legalidade urbanística cando o prioritario sería o precinto e a interrupción da subministración eléctrica, tal como se reflicte na lexislación ao respecto (Decreto 28/1999, de Disciplina urbanística de Galicia).

O promotor da queixa achega informes dun centro de investigación médica, nos que se fan precisións sobre os efectos deste tipo de instalación: alteración do sono, cefaleas, perdas de memoria, alteracións cardiovasculares e formación de tumores; e conclúe dicindo que parece que o que se intenta é non danar os intereses económicos das empresas provedoras, máis que protexe-la saúde dos cidadáns.

Asemade en data 09/10/08, o xefe do Servizo de Medio Ambiente achégalle a Autoridade Portuaria, por entender que é da súa competencia copia do parte da Patrulla Medioambiental da Policía Local de data 14 de agosto de 2008 sobre as revisións realizadas desde o día 7 ao 13 de agosto de 2008 nas factorías dos estaleiros respectivamente, no que informan sobre o modo de proceder nos traballos de limpeza e pintado de barcos en relación coas denuncias formuladas por para o seu coñecemento e demais efectos.

Solicitando informen sobre o estado da tramitación da autorización solicitada con data 31 de xaneiro de 2008 para instalar unha pantalla sobre o muro de peche da factoría con intención de aillar aínda máis calquera tipo de posible contaminación.

21.- Consonte a disposición adicional duodécima da Lei do Ruído 37/2003 a cal establece que "Reglamentariamente, en las áreas acústicas de uso pre-



dominantemente industrial se tendrán en cuenta las singularidades de las actividades industriales para el establecimiento de los objetivos de calidad, respetando en todo caso el principio de proporcionalidad económica. Ello sin menoscabo de que la contaminación acústica en el lugar de trabajo se rija por la normativa sectorial aplicable”, o departamento de Medio Ambiente con data 11 de novembro de 2008 remitiu oficio a Xerencia de Urbanismo solicitando informe sobre a clasificación do uso do solo no que se encontran sitios os devanditos estaleiros segundo a clasificación realizada polo PXOU vixente.

22.- *Con data 7 de xaneiro de 2009, a Xerencia Municipal de urbanismo de Vigo informa que “ (...) as instalacións a que se refire o seu escrito figuran con respecto ao plan xeral vixente nun sistema xeral portuario como solo urbano de uso industrial”.*

Cómpre sinalar que o reclamante don ten coñecemento de todas as actuacións obrantes no expediente, tendo sido informado puntualmente polo Servizo de Medio Ambiente en reiteradas ocasións de xeito persoal ao respecto.

Por todo o exposto, ante esta institución ponse a súa disposición toda a información e documentación obrante no expediente que poida esclarecer os feitos sinalados, entendendo que esta administración actua coa toda dilixencia debida co fin de garantir os dereitos e intereses lexítimos do cidadán, e reitera a necesidade de obter unha medición sonométrica, posto que segundo establece a Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e o Manual de procedementos anexo a Ordenanza Municipal, cando a medicións dos niveis de ruídos e vibracións as que fai referencia a Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica do Concello de Vigo, resulten fóra dos niveis de ruído admitidos pode desembocar na iniciación dun expediente sancionador sinalando como persoal competente para realizar as devanditas medicións á Policía Local.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 25/08/2009.

Con data 14/09/2009, comparece o interesado, facendo entrega dun amplo escrito de alegacións no que constar os problemas xa coñecidos que veñen, anos aí, prexudicando a súa saúde e tranquilidade.

Copia literal do mesmo remítese a Concellería de Medio Ambiente, coa mesma data, insistindo unha adopción de medidas que permitan paliar a situación,

facendo, unha vez mais, alusión o artigo 45 da Constitución Española, e solicitando información actualizada ao respecto. Con data 22/10/2009, solicítase desde esta oficina información actualizase reiterándose o pedimento o 02/12/2009.

EXPEDIENTE 12-2007

ASUNTO

Queixa en relación co desacougo polo que está a pasar á veciñanza por mor da contaminación de alta frecuencia como consecuencia das tarefas de carga e descarga de chatarra a calquera hora do día e da noite, ademais dunha elevada polución de compoñentes férricos e de aluminio que se estende nunha área aproximada de 100 metros.

A interesada agrega comunicación de Participación Cidadá na que se acusa recibimento das súas catro queixas, a primeira de novembro de 2006, todas admitidas a trámite para que no prazo de quince días recibisen unha resposta do departamento competente, o que non se corresponde coa realidade.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 08-03-07. Con data 12-03-07 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 23-04-07. Con data 08-05-07, recíbese escrito de Participación Cidadá no que se indica o incumprimento nos prazos por parte de Medio Ambiente, así como que unha das queixas (de 06-02-07) foi remitida á Autoridade Portuaria. Do que se deu cumprida información á interesado o 09-05-07.

Con data 12-06-07, solicítase de novo a Participación Cidadá información actualizada ao respecto, e así mesmo a Medio Ambiente o 27-07-07; quen, con data 20-08-07, fainos chegar escrito informado que no seu departamento non constan antecedentes da queixa da interesada, e que a mesma debe solicitar á Policía Local unha medición sonométrica, o que este Institución procede a dar a resposta seguinte:

“Con data 20 de agosto do ano que andamos recíbese o seu escrito de data 08-08-07, número de saída 12745, súa referencia Expte.: 1163/323, no que se reflicte que no departamento de Medio Ambiente non constan antecedentes do denunciante polo que deberá solicitar unha medición sonométrica á Policía Local.

Con respecto o inciso de non ter antecedentes da interesada significólle que segundo consta no escrito do Concello de Vigo (Participación e Atención Cidadá) de data 23-11-06, referencia 1163/323 (nº doc. 60123302) reflítese a súa queixa relativa ao RUÍDO e que a mesma foi admitida a trámite co número de documento 60123302 e remitida ao departamento competente para que no prazo máximo de 15 días dea resposta á mesma.

Posteriormente, o 08-05-07 e a petición desta oficina do Valedor do Cidadán o Servizo de Participación Cidadá comunicanos que respecto da queixa presentado pola interesado o documento 60123302 foi remitido o 27-11-06 ao Servizo de Medio Ambiente e que está pendente de informe.

En canto ao inciso de que a interesada ten que solicitar medición sonométrica á Policía Local, feito en outro expedientes, tal cal á o que dispón a ordenanza municipal vixente sobre a protección das persoas e os bens, función que lle completa o Concello no control do seu cumprimento, realizando cantas inspeccións sexan necesarias e aplicar as sancións correspondentes, podendo reclamar o auxilio da Administración autonómica ou de empresas ou entidades especializadas.

Procedimentalmente as inspección poderán levarse a cabo a iniciativa municipal ou traela solicitude calquera interesado, o que xa fixo a interesada ao formular a súa queixa.

E ben coñecida por esa Concellería a doutrina e recomendación do Valedor do Pobo no senso de que o cidadán non ten obriga de solicitar á Policía Local a medición sonométrica. E obvio, toda vez que, xa ten formulada denuncia de contaminación acústica no Concello, que este e máis concretamente a Concellería de Medio ambiente é quen ten que proceder ás comprobacións pertinentes e o impulso do procedemento tal como resulta das máis elementais normas desde carácter, para acadar convencendo que o que se cuestiona funciona ou non adecuadamente. Sen esquecer o disposto no artigo 20 da Lei 30/92.

Polo que solicitouse información actualizada con respecto ao expediente que nos ocupa.

Pedimento que se reitera o 02-10-07, o 08-11-07 e o 10-12-07.

REFLEXIÓNS

Deste expediente vense a clarexar, unha vez máis, a falta de coordinación; medida esta da máxima importancia en toda organización que se pre-

za. Neste senso fíxose especial referencia na introducción da Memoria do ano 2006.

É preciso reiterar que as condicións de acougo público atoparémolas naquela cidade na que os ruídos non superen os límites legais, e nas que, polo menos, pola noite sexamos capaces de conciliar o sono sen alteracións da intimidade.

No suposto que nos ocupa, asemade nos vemos afrontados por outro tipo de contaminación non desdeñábel: a polución atmosférica.

Xa temos subliñado noutros expedientes de anos anteriores algo que é válido para outros moi frecuentes: A Constitución é algo máis que un libriño pousado nun andel ou nunha mesa de cabeceira. A Constitución, lonxe de ser un simple catálogo de principios de non inmediata vinculación e de non inmediato cumprimento até que non sexan obxecto de desenvolvemento legal, é unha norma xurídica, a norma suprema; por iso, é indubidábel que os seus preceptos son alegábeis ante os tribunais, tal como o proclama o Tribunal Constitucional (sentenza 16, do 28 de abril de 1982).

A esfera do dereito é a esfera da seguridade (J. Pérez Royo).

Cando a realidade dalgunhas actividades supera e quebra preceptos e normas que afectan aos cidadáns en función do espazo físico da súa vivenda, dereitos que non son defendidos e protexidos como debería ser, vense obrigados á creación de figuras, asociacionismo, para a súa defensa o que ven a confirmar o desleixo das funcións e obrigas propias da súa administración máis próxima.

RECOMENDACIÓN

Control das obrigas que lle competen a cada departamento; defensa da saúde e protección da intimidade dos cidadáns.

Cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán, artigo 12.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008, reiterase o pedimento informativo anterior, e de novo, o 13/02/2008 o 24/03/2008, o 05/05/2008 o 03/06/2008, 02/07/2008, 31/07/2008, 02/09/2008, 02/10/2008, 04/11/2008, 05/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009, reitérase por décimo quinta vez, o pedimento anterior, e, de novo, 02/02/2009, 06/03/2009, 15/04/2009, 06/05/2009, 04/06/2009, 03/07/2009, 21/08/2009, 21/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

EXPEDIENTE 14/2007

ASUNTO

Queixa en relación coa contaminación producida pola emanación de gases procedentes dun local de hostalería.

O interesado ten presentado dúas denuncias en Medio Ambiente, téndose efectuado unha inspección da Policía Local o 26-06-06, sen que a contaminación desaparecese.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26-03-07. Con data 27-03-07 solicítase o preceptivo informe, recibíndose o 18-04-07 no que se indica que se atopa aberto, en Medio Ambiente, o expediente administrativo, e que os interesados teñen en todo momento dereito a coñecer o estado do trámite do procedemento e obter copia dos documentos; o que se lle comunica ao /interesado o 19-04-07.

Con data 22-05-07, ínstase información actualizada que se recibe o 05-06-07 indicando que os expediente segue en trámite, o que se lle comunica ao interesado o 11-06-07. Con data 30-07-07 e tendo en conta que, a primeira denuncia data do 07-07-06, ínstase a que os trámites teñan un desenvolvemento acorde coas necesidades dos cidadáns afectados, e polo tanto prérgase unha información actualizada da situación do expediente; pedimento que se reitera o 29-08-07, o 02-10-07 e o 10-12-07.

REFLEXIÓNS

Estamos ante unha situación que prexudica notabelmente a saúde dos cidadáns, e que se denuncia e se comproba en xullo de 2006.

Hoxe a lexislación municipal, nalgúns municipios, está a espertar nos temas de protección da atmosfera contra a contaminación por variadas formas de enerxía, en

orde a tratar de protexer ás persoas, e tamén os bens contra tales agresións, que obrigan aos titulares de establecementos á adopción de medidas de illamento.

O Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, ten declarado que as vulneracións do medio ambiente poden afectar ao benestar persoal e privar ao afectado do goce do seu domicilio de maneira que dana a súa vida privada e familiar, sen poñer por iso en perigo grave a saúde dos interesados.

Recórdese a tal fin a famosa sentenza López Ostre, perfectamente trasladábel a outros ámbitos.

RECOMENDACIÓN

Xestións máis eficaces, efectivas e áxiles, en temas como o que nos ocupa. Os trámites téñense que axilizar ao máximo. A sociedade require de executivos máis eficaces.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008, reiterase, por quinta vez, o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 03/06/2008, o 02/07/2008, 31/07/2008, 02/09/2008, 02/10/2008, 04/11/2008, 05/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009 reiterouse por décimo sexta vez, o pedimento anterior, e de novo, o 02/02/2009, 08/03/2009, 15/04/2009 e 05/05/2009, Con data 19/06/2009 recíbese resposta de Medio Ambiente informando un cambio de titularidade del local, polo que se solicita a Urbanismo información sobre o estado actual da edificación. Do que se dá cumprida información ao interesado, indicándolle que, en datas vindeiras, instarase nova información actualizada; o que se fai o 24/08/2009, e de novo o 21/09/2009, 15/10/2009, e o 19/11/2009.

EXPEDIENTE 18/2007

ASUNTO

Queixa en relación coa situación extrema pola que está a pasar a veciñanza debido ao rebumbio que se produce todos os xoves, venres e sábados no contorno dunhas vivendas, con consumo de drogas e bebidas, así como berros e pelexas

por unha multitude de xente; instándose unha revisión periódica, control do horario de peche e licenza dos locais da zona, situación que xa ten denunciado no Concello o 19-01-07.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 23-04-07. Con data 24-04-07 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 23-05-07. Con data 05-06-07 recíbese escrito de Medio Ambiente no que se indica que non teñen antecedentes da denuncia polo que se lle remite á Policía Local a documentación do Valador do Cidadán para que informe ao respecto, aínda que si teñen información sobre o problema que motivou a queixa e que o denunciante deberá solicitar medición sonométrica á Policía Local, actuación previa para determinar con carácter preliminar se concorren circunstancias que xustifiquen a iniciación previa do expediente sancionador, avalado polo informe técnico correspondente, e achega copia da documentación remitida pola Policía Local.

Con data 11-06-07, acúsase recibimento do anterior e puntualízase que se en Medio Ambiente non teñen antecedentes sobre a denuncia iso non implica que o tema en cuestión poida requirir da intervención da Policía Local, e que, con respecto a que a promotora da queixa teña que solicitar á Policía Local unha medición sonométrica remitímonos ás puntualizacións feitas nos escritos do 11-06-07 referidos aos expedientes 71 e 73/2006, que exporemos nas reflexións deste expediente que nos ocupa.

Con data 27-07-07, reitérase o pedimento informativo preceptivo, e con data 20-08-07, recíbese escrito de Medio Ambiente no que se informa de que a nova redacción do artigo 17 da Ordenanza define o concepto de zona acusticamente saturada e establece que poderán ser declaradas ZAS aquelas nas que, aínda cando cada actividade individualmente considerada cumpra cos niveis establecidos na presente Ordenanza Municipal, o promedio semanal nocturno supere en máis de 15 dB(A) os niveis máximos permitidos na emisión ao medio ambiente exterior fixados na táboa 1 do manual procedemento para a medición e ruídos e vibracións.

Así pois, a Ordenanza non pode declara directamente saturada ningunha rúa da cidade, simplemente, límitase a outorgar ao Pleno da Corporación a facultade e posibilidade de declarar como saturada unha zona cando esta reúna os requisitos que fixa a norma, en todo caso, dita declaración realizárase mediante acordo plenario previa tramitación do procedemento administrativo que establece no art. 17 bis. M

Do que se dá cumprida información á interesada o 29-08-07 indicándolle que, coa mesma data, dirixímonos a Medio Ambiente acompañando o noso desacordo co informe anterior e instando se proceda ao control da situación denunciada.

Coa mesma data, 29-08-07, dirixímonos a Medio Ambiente no senso seguinte:

“Que a vixente Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica de 28 de xullo de 2000, non tipifica para nada as zonas acusticamente saturadas, e no seu artigo 17 (limitacións especiais) atribúa á Alcaldía a posibilidade de fixar limitacións máis restritivas ás consideradas nesta ordenanza.

Por outra banda, non se fai mención algunha das alegacións formuladas nas denuncias da interesada e no propio escrito desta Institución de 24/04/07, número de saída 467 (consumo de sustancias, berros pelexas, control de peche, existencia ou non de licencias dos locais); que é o que en realidade importa a veciñanza, e que constitúe piar básico da ordenanza vixente cando como o seu obxectivo a protección das persoas e dos bens, en contra das agresións producidas pola enerxía acústica de ruídos e vibracións.

Ante isto cabe preguntarse cantas inspeccións se levaron a cabo trala solicitude da interesada.

A Organización Mundial da Saúde coloca o ruído de Vigo fóra dos límites permitidos, o que provoca ansiedade, insomnio, xordeira, téndose comprobado que contra a contaminación producida pola “cultura do ocio” a administración responsable convértese nun “convidado de pedra”.

O dilema entre descansar ou durmir, fronte á diversión ou ocio, e o dereito empresarial é falso. O dereito ao descanso é máis primario, máis fundamental, o debate está falseado.

Cando as actividades perturbadoras persisten implica que, ou ben non se realizou ningunha actuación restauradora da legalidade, ou, se se realizou, carece de efectividade, seguramente por falta de control no seguimento, non obstante as denuncias dos afectados e os requirimentos desta Institución.

A propia xurisprudencia ten declarado que este tipo de ruídos dos que estamos a tratar son “ruídos evitábeis”; tema intrinsecamente relacionado co dereito constitucional á protección da saúde e co aproveitamento dunha vivenda digna e axeitada, cuxo uso ou aproveitamento non ten que ser un sufrir, penar ou rabiar.

Por todo, prégase unha vez máis, unha actuación urxente e congruente coa reparación dos danos secuencialmente ocasionados.

Prégase información puntual e actualizada conforme ao previsto na Ordenanza Municipal vixente.”

Con data 02-10-07, reitérase o pedimento anterior, e de novo o 07-11-07 e o 13-12-07.

REFLEXIÓNS

A Ordenanza Municipal do 28 de xullo de 2000 pola que se regula a actuación municipal, co fin de protexer as persoas e os bens, subliña que lle corresponde ao Concello exercer o control do seu cumprimento, realizar cantas inspeccións sexan necesarias e aplicar as sancións correspondentes, podendo reclamar o auxilio da Administración Autonómica ou de empresas ou entidades especializadas.

Procedimentalmente as inspeccións poderán levarse a cabo a iniciativa municipal ou trala solicitude de calquera interesado o que xa se fixo pola interesada (trámite que a interesada xa fixo nas súas denuncias do 17-01-06, documento 60013604; así como as solicitudes formuladas por esta Institución do Valedor do Cidadán desde o 16 de marzo de 2006, e posteriores requirimentos).

É ben coñecida por esa Concellería a doutrina e recomendación feita polo Valedor do Pobo no senso de que o cidadán non ten obriga de solicitar á Policía Local a medición sonométrica. É obvio, toda vez que xa ten formulada no Concello, que este, e máis concretamente á Concellería de Medio Ambiente, é quen ten que proceder ás comprobacións pertinentes e ao impulso do procedemento tal como resulta das máis elementais normas deste carácter; para acadar convencendo que o que se cuestiona funciona ou non adecuadamente.”

Por outra banda faise preciso lembrar que o artigo 1 da Directiva sobre avaliación e xestión do ruído do ambiental subliña que, entre as medidas comúns dirixidas a evitar, prever ou reducir con carácter prioritario os efectos nocivos, atópase a de “pór a disposición da poboación a información sobre o ruído ambiental e os seus efectos”. O que tamén a Lei do ruído considera unha obriga.

Non esquecer que a proposta da declaración de Zonas Acusticamente Saturadas corresponde ao Concello, xa de oficio, xa a petición de parte interesada.

Os efectos fisiolóxicos, non desexados sobre as persoas son cuantiosos, sendo o factor ambiental que presenta unha maior asociación cos ingresos hospitalarios, por enriba dos contaminantes químicos tradicionais.

F.J. Izquierdo Carbonero, tras unha análise extensa sobre a contaminación acústica conclúe que en España atopámonos lonxe de chegar ás actuacións administrativas (e xudiciais) propias dos países do noso entorno máis avanzados e “democráticos” no entendemento de que supoñen estes dereitos de “terceira xeración”. O insólito do noso país é que se debe acudir con tanta frecuencia á vía xudicial cando é a Administración, sabedora dos criterios xurisprudenciais, a que tiña que adoptar uns criterios que coñece e non lle son alleos.

Desde outras instancias non é de estrañar que se lle coñeza á Administración Local, como o “convidado de pedra”. Pouco se ten en conta que o ruído excesivo viola dereitos fundamentais, (sentenza do Tribunal Constitucional do 24-05-01).

Tal é así que o Tribunal Supremo (19-10-01) considera unha inactividade dolosa dun alcalde ante a emisión de ruídos que fai deixación das súas funcións a sabendas de que unha empresa emisora vulnera a normativa legal; cualificando a inactividade como delito continuado de prevaricación medioambiental; ditando condena a pena de prisión máis inhabilitación por cargo público.

RECOMENDACIÓN

Préstese a debida atención a actuacións consecuentes cos problemas como os que se expoñen neste expediente.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008 reiterouse, por quinta vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 20/02/2008, o 27/03/2008, o 05/05/2008, o 22/05/2008, 26/06/2008, 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008, 18/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009, reiterouse por décima vez, o pedimento anterior, e de novo, 16/03/2009, 27/04/2009. Con data 15/05/2009, sen rexistro de saída, recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa que o 13/05/2009, entrará en vigor a zona protexida entorno de Joaquín Lóriga, que faculta a erradicación do denominado “botellón”.

Do que se deu cumprida información ao interesada o 19/05/2009, dándose o expediente por pechado.

EXPEDIENTE 19/2007

ASUNTO

Queixa en relación coa contaminación acústica procedente das tarefas de limpeza e peche dun local de hostalaría que impiden conciliar o sono e polo tanto o descanso nocturno.

O interesado xa ten denunciado no Concello a súa situación, en data 17-11-06, solicitado medición sonométrica que non se realizou.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 30-04-07. Con data 02-05-07 solicitouse o preceptivo informe, que se reiterou o 12-06-07, o 01-07-07, o 02-08-07 e o 02-10-07. Con data 17-10-07 recíbese escrito de Medio Ambiente, no que se indica que o interesado ten que solicitar medición sonométrica á Policía Local, como actuación previa.

Solicitude que xa consta que foi presentada.

Do anterior deuse cumprida información ao interesado indicándolle que, coa mesma data, 19-10-07, dirixímonos a Medio Ambiente indicándolle que o trámite xa foi cumprimentado polo mesmo na súa primeira denuncia.

Coa mesma data, como se indica, dirixímonos a Medio Ambiente comunicando que o trámite xa se fixo no seu día (novembro 2006) e facendo as precisións que se reflicten no apartado de reflexións. O pedimento anterior reitérase o 07-11-07, o 27-11-07 e o 21-12-07.

REFLEXIÓN

A tal fin, de novo, signifícase que a Ordenanza Municipal do 28 de xullo de 2000 pola que se regula a actuación municipal, co fin de protexer ás persoas e aos bens, indica que lle corresponde ao Concello exercer o control do seu cumprimento, realizar cantas inspeccións foren necesarias e aplicar as sancións correspondentes, podendo reclamar o auxilio da Administración Autonómica ou de empresas ou entidades especializadas.

Procedimentalmente as inspeccións poderán levarse a cabo a iniciativa municipal ou trala solicitude de calquera interesado o cal xa se fixo en dúas ocasións (17-11-06 e 19-01-07).

É ben coñecida por esa Concellería a doutrina do Valedor do Pobo no senso de que o cidadán non ten obriga de solicitar á Policía Local a medición sonométrica. E obvio, toda vez que xa a ten formulada no Concello, e que este e máis concretamente Concellería de Medio ambiente é quen ten que proceder ás comprobacións pertinentes e ao impulso do procedemento tal como resulta das máis elementais normas deste carácter, para rematar convencendo de que o se cuestiona funciona ou non adecuadamente.

RECOMENDACIÓN

Préstese a debida atención e actuacións consecuentes cos problemas como o deste expediente.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 22/01/2008, reiterase o pedimento informativo anterior, por sexta vez, e de novo, o 01/04/2008, 05/05/2008, 22/05/2008, 26/06/2008, 24/07/2008, 26/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008, 15/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009 reitérase por décimo sexta vez, o pedimento anterior, e de novo, o 04/02/2009, 18/03/2009, 14/04/2009.

Con data 30/04/2009, recíbese escrito, sen rexistro de saída de Medio Ambiente no que se informa que se deu orde a Policía local para efectuar unha medición sonométrica e que unha vez coñecidos os resultados darase información puntual.

Do que se deu cumprida información á interesada o 03/04/2009.

Con data 27/05/2009, solicítase a Medio Ambiente información actualizada, e, de novo, o 26/06/2009, e o 19/11/2007. Con data 20/11/2009 recíbese informe de Medio Ambiente indicando que a cafetería xa fai tempo que pechou, e que postos en contacto co autor da queixa así o confirma. Dáse por pechado o expediente.

EXPEDIENTE 56/2007

ASUNTO

Queixa en relación coa instalación dunha estación transformadora de enerxía eléctrica; de que non consta licenza nin comunicación aos veciños afectados.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 05-12-07. Con data 13-12-07 solicítase o preceptivo informe.

Estamos ante unha instalación da que non consta previa información á veciñanza, sobre a capacidade e alcance da citada instalación que, como tantos outros exemplos ao longo da xeografía soen xustificarse coa cantinela de que non existen “evidencias científicas de perigosidade dos campos electromagnéticos sobre a saúde das persoas”.

Existen informes científicos nos que se fundamenta que as ondas electromagnéticas xeradas polas tormentas eléctricas e polas denominadas microondas interfiren e distorsionan o funcionamento normal do organismo humano, sendo estes efectos os seguintes:

- Trastornos neurolóxicos (irritabilidade, cefalea, astenia, somnolencia, mareos).
- Trastornos mentais (alteracións do humor, do carácter, depresións, tendencias suicidas).
- Trastornos cardiopulmonares (alteración da frecuencia cardíaca, modificacións da tensión arterial e alteracións vasculares).
- Trastornos reprodutivos (alteracións ciclo menstrual, abortos, infertilidade, diminución da libido sexual).
- Incremento do risco dalgúns tipos de cancro (leucemias agudas, tumores do sistema nervioso central na infancia).
- Trastornos dermatolóxicos.
- Trastornos hormonais.

- Trastornos inmunolóxicos.
- Trastornos no ámbito laboral.

RECOMENDACIÓNS

Adopción da medidas precautorias previas á instalación deste tipo de elementos; para actualizar e potenciar a fractura co modelo tradicional de actuacións, tense que dar axeitada resposta á problemática enunciada na introducción da Lei 57/2003, sobre modernización dos gobernos locais, tense que acadar o equilibrio entre a innovación e o respecto ás previsións constitucionais en razón aos dereitos dos cidadáns.

O dereito a ser escoitado antes de determinadas actuacións é básico nunha boa administración teranse en conta os factores relevantes.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 15/01/2008, reiterase o pedimento informativo anterior, por sexta vez, e de novo, o 19/02/2008, o 01/04/2008, o 05/05/2008, o 22/05/2008, o 26/05/2008, 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008, 18/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009, reitérase, por doceava vez, o pedimento anterior, e de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009. Con data 28/04/2009, sen rexistro de saída, recibe informe de Medio Ambiente escrito no que comunica que o 17/04/2009, solicitouse ao departamento de licenzas sobre a existencia da preceptiva licenza de instalacións.

Do que se deu cumprida información á interesada o 29/04/2009.

Con data 27/05/2009, solicítase información actualizada sobre o tema iniciado fai dezasete meses, e o 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009. Con data 15/09/2009, recíbese escrito de Medio ambiente suliviando a súa competencia par ao tema en cuestión e indica que nos dirixamos ao Departamento de licenza, o que facemos o mesmo día 15/09/2009, e así llo comunicamos ao interesada na mesma data. Con data 15/10/2009, solicítase información actualizada ao Departamento de licenza de Urbanismo.

CAPÍTULO II: MOBILIDADE E SEGURIDADE

EXPEDIENTE 9/2007

ASUNTO

Queixa en relación coas dificultades existentes por mor dalgunhas paradas do Vitrasa situadas ao lado de pasos de peóns e de colectores de recollida de lixo, o que dificulta a visibilidade dos peóns. Polo que formulou a súa petición por escrito o 18-12-06, sen ter recibido información algunha.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 19-02-07. Con data 20-02-07 solicitouse o preceptivo informe e o 06-03-07 recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que se informa de que se lle deu traslado do pedimento do interesado á concesionaria do transporte urbano para que informase ao respecto. Do que se deu cumprida información ao interesado o 08-03-07.

Con data 19-03-07, recíbese escrito do interesado, copia dunha comunicación feita polo mesmo ao departamento de Mobilidade, facendo precisións ao respecto.

Con data 21-03-07, dirixímonos a Mobilidade e Seguridade indicando as paradas de interese sinaladas polo interesado, e solicitando que, unha vez feitas as comprobacións correspondentes, se nos informe puntualmente das medidas acordadas; pedimento que se reitera o 23-04-07, o 22-05-07, o 20-06-07, o 26-07-07, o 29-08-07, o 02-10-07, o 08-11-07 e o 10-12-07.

REFLEXIÓNS

No ámbito europeo existe lexislación ao respecto, é dicir, prohíbese situar as paradas de autobús inmediatas aos pasos de peóns e semáforos. Sen esquecer, pola nosa parte, a situación dos colectores da recollida do lixo.

RECOMENDACIÓN

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10 do Regulamento Orgánico do Valador do Cidadán, en canto se refire á colaboración coa Institución.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008 reiterouse, por novena vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 13/02/2008, o 24/03/2008, o 05/05/2008, o 03/06/2008, o 02/07/2008, 31/07/2008, 02/09/2008, 02/10/2008, 04/11/2008, 15/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009, reitérase por vixésima vez o pedimento anterior, e de novo, o 02/02/2009, 06/03/2009, 13/04/2009, 05/05/2009, 04/06/2009. Con data 23/06/2009 recíbese informe de Mobilidade no que pormenoriza as revisións efectuadas durante o ano 2008. Do que deu cumprida información ao interesado o 24/06/2009.

EXPEDIENTE 13/2007

ASUNTO

Queixa en relación cunha multa de tráfico mentres realizaba tarefas profesionais de carga e descarga co seu vehículo industrial dedicado a tales mesteres.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 14-03-07. Con data 15-03-07 solicitouse o preceptivo informe, que se reiterou o 23-04-07, e de novo o 22-05-07, o 22-06-07, o 26-07-07, o 29-08-07, o 02-10-07, o 08-11-07 e o 10-12-07.

REFLEXIÓN

Son ilustrativos os feitos relatados polo interesado no seu escrito de alegacións, cales son:

O vehículo é de tipo industrial e con el realiza as tarefas de lle son propias: carga e descarga; tal como acreditou coa fotografía presentada no seu momento, na que se reflicte claramente a rotulación ao respecto.

O vehículo foi inmovilizado e retirado dunha zona de carga e descarga, onde estaba a realizar as tarefas que lle son propias e non simplemente, como indica o documento da sanción, como vehículo estacionado.

A Ordenanza de carga e descarga foi observada e respectada totalmente polo interesado, tal como se declara na mesma, nos seus artigos 10 e 18.

Faise especial fincapé en que o vehículo, segundo a súa ficha técnica, ten unha lonxitude de 4,525 metros, é dicir, non excede os límites subliñados no artigo 18 da Ordenanza Municipal (BOP do 20-03-91).

O vehículo está incluído dentro do apartado de vehículos comerciais e o imposto de vehículos a favor do Concello cualifícao de camión, é dicir, asígnalle unha cualificación industrial.

O interesado achega proba escrita dunha testemuña que é o destinatario-cliente das mercadorías na que se acredita que se estaba realizando unha función comercial que precisa dunha acción de descarga, así como do tempo empregado en tal mester.

Pola nosa parte precísase engadir que, seguindo posicións doutriniais acreditadas que é necesario e imprescindible a harmonización entre os intereses xerais e os locais, o que non quere dicir que estes últimos non sexan tamén xerais. A coherencia non permite xustificación de potestades ilimitadas ou parciais de control, a lóxica impide o exercicio desorbitado de competencias.

En primeiro lugar, atopámonos con que se omiten ou non son verdadeiros os datos básicos da denuncia. O procedemento administrativo, por definición, implica a existencia dunha pluralidade de actos funcionalmente relacionados entre si; os actos de trámite e a resolución constitúen un todo complexo e, ao mesmo tempo, unitario. As actuacións administrativas terán que servir de garantía específica para o administrado, o cal poderá intervir persoalmente no procedemento e lograr por diversos medios (alegacións, probas, audiencia, recursos, etc.) a tutela efectiva dos seus dereitos.

As cuestións presentadas polo interesado nas súas peticións non definen, por si mesmas, exclusivamente o obxecto do procedemento, senón que constitúen o contido mínimo do mesmo por canto ao resolverse polo órgano competente, este poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas, fosen ou non presentadas ou alegadas por aquel.

En segundo lugar, non é suficiente que o axente denunciante se limite a reafirmarse na denuncia. Existen unha serie de modos de proba suficientes para substanciar axeitadamente unha resolución conforme á realidade, resolución que se debe fundamentar de forma razoada e na que se contemplarán as alegacións e

probas presentadas, con especial referencia á citación de terceiros (testemuñas), que debe ser favorecida sempre coa finalidade de estender o asunto a todos os que participaron no feito. Ao rexeitar as testemuñas pódese incorrer en desviación de poder. O feito de non atender ás peticións e os argumentos documentados produce unha incongruencia procedimental que debe ser rexeitada.

RECOMENDACIÓN

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 13/02/2008, o 24/03/2008, o 05/05/2008, o 03/06/2008, o 02/07/2008, 31/07/2008, 02/09/2008, 02/10/2008, 04/11/2008, 05/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009, reiterouse por décimo sétima vez, o pedimento anterior, e de novo, o 02/02/2009, 06/03/2009, 14/04/2009 e 06/05/2009, 04/06/2009, 03/07/2009, 21/08/2009, 21/09/2009, 15/10/2009.

EXPEDIENTE 25/2007

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por mor do roubo dun vehículo, que apareceu en lugar distinto do que se tiña aparcado.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 05-06-07. Con data 11-06-07 solicítase o preceptivo informe, pedimento que se reitera o 13-07-07, o 13-08-07, o 04-10-07, o 12-11-07 e o 13-12-07.

REFLEXIÓNS

Atopámonos certamente cunha situación na que se reflicte unha carencia total de coordinación:

Un vehículo é obxecto de roubo, e abandonado despois nunha demarcación da que foi retirado polo guindastre municipal, sendo obxecto de sanción.

A interesada ao comprobar que o vehículo non se atopaba no lugar onde o tiña aparcado contactou coa Policía Local onde lle informaron de que o mesmo foi retirado polo guindastre por estar aparcado enriba da beirarrúa.

Coa información anterior acudiu ás dependencias da Policía Municipal onde formula a pertinente denuncia por roubo, e co xustificante correspondente acode ao depósito de vehículos solicitando a súa entrega para trasladalo ás dependencias da Policía Nacional para revisión e análise da Policía Científica. No depósito comunícanlle que o vehículo non se pode observar nin retirar sen o previo pagamento da sanción, non obstante facer entrega da copia da denuncia, polo que ten que satisfacer 126,85 € para a súa retirada.

Posteriormente, o 12-02-07, solicita no Concello a devolución do pagamento satisfeito para recoller o vehículo. Como resposta recibe unha notificación dunha multa por estacionamento indebido; ante a súa insistencia no Concello (05-04-07) indícaselle que debe instar á Policía Nacional para que por escrito faga constar que a Policía Científica encontrou pegadas no vehículo pero que, non obstante, non tiñan identificado o autor do roubo. Entregou copia do anterior comunicado no Concello o 12-04-07, onde lle indicaron que “recibirá por escrito a resolución do caso”. Tras un mes de espera, o 08-05-07, acudiu ao Concello, onde lle indican que ten que “chegar un informe da Policía”. Con data 28-05-07, telefonicamente contactou co Concello e lle comunican que se procede a anular a multa, sen facer referencia algunha ás taxas pola recollida do vehículo e traslado ao depósito municipal, xa que a persoa responsable non estaba ese día e, ademais, faltaba o informe da Policía Local. Indícanlle que recibirá comunicación por escrito ao respecto, escrito que a primeiros de novembro aínda estaba sen recibir.

A descoordinación das actuacións municipais quedan notabelmente comprobadas. A ordenada disposición do esforzo do grupo competente brilla pola súa ausencia.

RECOMENDACIÓN

Ademais da necesidade de accións axeitadas e eficaces, demándase o cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10 do Regulamento Orgánico do Valedor do cidadán.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008, reiterouse, por sexta vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 18/02/2008, o 27/03/2008, o 05/05/2008, o 22/05/2008, o 26/06/2008, 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008, 18/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009 reiterase, décimo oitava vez, o pedimento anterior, e de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 27/04/2009 e o 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/10/2009. Con data 30/10/2009, recíbese escrito da Concellería competente no que informa que o 11/01/2008 comunicoulle á interesada a desestimación do seu escrito de alegacións, resolución que pode ser recorrida en reposición nun prazo de un mes. E dicir que 20 meses despois dásenos tal información, pero ademais indícase, o 26/10/2009, que o expediente está pendente de resolver o recurso de reposición presentado pola interesada, do cal se lle dará ao Valedor traslado unha vez resolto. Asombra que tal recurso estea sen resolverse 20 meses despois de presentado.

Así o facemos constar en escrito dirixido á Concellería o 03/11/2009.

Do anterior deuse cumprida información á interesada, o 03/11/2009.

Con data 02/12/2009, solicítase de novo, información actualizada.

EXPEDIENTE 41/2007

ASUNTO

Queixa en relación coas dificultades que está a pasar unha persoa con unha minusvalía considerábel para acadar unha tarxeta de mobilidade para o uso dos autobuses urbanos, dos que se ve obrigada a facer uso tres ou catro veces ao día o que lle supón un custo considerábel.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 29-10-07. Con data 29-10-07 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 30-11-07 e o 28-12-07.

REFLEXIÓNS

A interesada foi cualificada cunha valoración de minusvalía e discapacidade dun 65%, con carácter definitivo.

Segundo a Carta Europea de Autonomía Local, de 15 de outubro de 1985, débese reflexionar sobre a convicción de que a existencia de Entidades Locais investidas de competencias efectivas permite unha administración que á vez que eficaz, atópase próxima ao cidadán, o que implica a acción de medidas urxentes e axeitadas ás necesidades que se suscitan.

A Constitución Española (1978), non só é unha norma xurídica, é un instrumento para a convivencia, un factor decisivo de integración social, unha canle de comunicación, un instrumento cotián.

As concepcións europeístas actuais conciben á Constitución, entre outras puntualizacións, como a concreción dun ámbito de liberdade que implica incorporar un catálogo de dereitos e liberdades; apélase a uns contidos, rematándose co dito de que toda sociedade na que a garantía dos dereitos non estea asegurada non ten en absoluto Constitución. Pois ben, a Constitución Española no seu artigo 49 impón ás administracións públicas a realización dunha política de previsión, tratamento, rehabilitación e inserción dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos aos que prestarán a atención especializada que requiran e os ampararán especialmente para o goce dos dereitos que se outorgan a todos os cidadáns.

No ámbito local, a Lei Básica (Lei 7/1989) considera o municipio como o marco por excelencia de convivencia social; o equilibrio social estivo asociado desde a antigüidade ao florecemento municipal.

As normas téñense que ponderar en canto á súa aplicación se refiren; se ben os tributos os soportan os que se benefician dos servizos, non se debe esquecer a necesidade de extremar o rigor distributivo.

Tense que afondar no ámbito social de seguir inculcando os valores de solidariedade, responsabilidade, esforzo e compromiso; só así se poderá facer fronte aos novos desafíos que a nova sociedade ten que afrontar.

RECOMENDACIÓN

Revisión e actualización da normativa aplicábel á adxudicación da tarxeta de viaxe urbano, así como daquelas outras que regulan medidas de apoio ás persoas afectadas de minusvalías e outros colectivos como os da terceira idade.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 07/01/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 29/01/2008, e o 06/03/2008, o 01/04/2008, o 05/05/2008, o 27/05/2008, o 26/06/2008, 26/08/2008, 30/09/2008, 30/10/2008, 28/11/2008, 18/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009 reiterase, por décimo cuarta vez, o pedimento anterior, e de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/10/2009.

EXPEDIENTE 62/2007

ASUNTO

Queixa en relación coa discriminación da que foi obxecto por mor de ser sancionado por estacionar o seu vehículo e non o sendo nese mesmo lugar e hora outros vehículos na mesma situación.

Non tendo recibido información ao respecto.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 12-12-07. Con data 18-12-07 solicitouse o preceptivo informe.

REFLEXIÓNS

Discriminación e a infravaloración dun grupo ou individuo por parte doutro; é un comportamento polo que unha actitude recibe unha resposta mentres que outro igual provoca outra diferente ou non produce ningunha.

Estase a dar un trato de inferioridade a unha persoa sen razóns que o xustifiquen.

Estamos pois ante unha situación das recoñecidas como “mala administración”. A “fuxida” do dereito administrativo e con iso a imaxe da Administración cada día se esvaece un pouco máis, co que se dificultan os resortes garantistas do sistema. Estase a actuar en desacordo coas normas e cos principios que son obrigatorios.

A sociedade non se educa só con discursos, fan falta discursos con iniciativas que erradiquen as inxustizas e os obstáculos, que orienten e informen aos cidadáns, a todos os cidadáns.

O artigo 3 da Lei 30/92 fala de “actuacións axeitadas aos criterios de eficiencia e servizo ao cidadáns”

O Código Europeo de Boa Conducta Administrativa, impón a ausencia de discriminación e igualdade de trato para todo o público.

RECOMENDACIÓN

Quen pregunta merece unha resposta; isto non é sometes un recordatorio do poeta alemán; sen esquecer por suposto o artigo 14 da Constitución Española no que se proclama a igualdade de todos ante a lei, non prevalecendo discriminación ningunha por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 15/01/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 19/02/2008, o 27/03/2008, o 05/05/2008, o 22/05/2008, o 26/06/2008, 23/07/2008, 25/09/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008, 18/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009 reiterouse, por doceava vez, o pedimento anterior, e de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/10/2009.

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

EXPEDIENTE 38/2007

ASUNTO

Queixa en relación coa situación dun patio nun recinto, cunha soa entrada, reconecido como terreo público obxecto de cesión gratuíta en favor do Concello, destinado a viais, zonas verdes, roteiros peonís e que, en virtude de acordo plenario, autorizouse para construír un edificio de soto, planta baixa e cinco plantas para construír, ampliado por outro acordo coa construción dun segundo soto coa obriga de cesión ao Concello dunha zona con destino a viais e outros servizos de uso público, declarándose a indivisibilidade do resto da mencionada finca.

A zona converteuse nunha superficie de aparcamentos privados, sen orde nin control; repáranse coches privados polos propios usuarios que producen un sensíbel grao de contaminación atmosférica que afecta á saúde da interesada dentro da súa vivenda na que non pode practicar as xanelas, necesitando asistencia médica de forma permanentemente e incluso hospitalización; a zona converteuse nunha esterqueira.

Achégase conxunto fotográfico que xa obra en Medio ambiente, e que ademais reflicte o caos desde o punto de vista de aparcamento de vehículos, incluso con letreiros que se atribúen a “reserva de dominio”.

A elevada concorrencia de actividades e vehículos produce inundacións no garaxe da comunidade.

Dado que o suposto de que se trata, resulta competencia de distintas áreas de xestión do Concello, é polo que se dirixe ao Servizo de Participación Cidadá co ánimo de acadar unha solución coordinada daquelas.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 25-09-07. Con data 27-09-07 solicitouse o preceptivo informe

Con data 19-10-07, recibíuse escrito de Participación Cidadá no que se indica que se solicitou informe a Medio Ambiente e Seguridade, así como á vista do informe da Policía solicitaron tamén informe da situación a Montes, Parque e Xardíns. Do que se dá cumprida información á interesada o 24-10-07. Con data 27-11-07 interésase información actua-

lizada. Con data 26-11-07 recíbese desde Participación Cidadá informe de Montes, Parque e Xardíns indicando que a fonte cuestionada nunha das denuncias xa está reparada e en funcionamento. Do que se dá cumprida información á interesada o 27-11-07; e coa mesma data ínstase información dos temas pendentes, que se reitera o 21-12-07.

REFLEXIÓNS

Expediente iniciado en setembro de 2007, e que finalizado o ano segue obviamente pendente dunha solución. A xestión require dunha coordinación, que non se está a manifestar, ben por falta dun poder de dirección ou ben por fracaso das políticas públicas de capacidade para facer da acción conxunta unha acción eficaz; é dicir, non se dá o resultado que o cidadán espera, non se dá a resolución dun traballo competente e polo tanto eficiente.

A valoración dos “intereses propios” de cada departamento afectado, unicamente derivan nun prexuízo para o cidadán.

RECOMENDACIÓN

Utilización de criterios coordinados.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 21/01/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 21/02/2008, o 01/04/2008, o 05/05/2008, o 17/06/2008, 17/07/2008, 18/09/2008, 16/10/2008, 17/11/2008, 15/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009 reiterase, por décimo quinta vez, o pedimento anterior, e de novo, o 04/02/2009, 18/03/2009, 14/04/2009.

Con data 30/04/2009, recíbese escrito, sen rexistro de saída da Concellería de Medio Ambiente no que informe que se solicita informe sobre a situación actual do aparcamento de vehículos supostamente descontrolado o que fai referencia a denuncia.

En relación co verquido dos escombros e restos de obra o problema, segundo informe da Policía local está subsanando.

Do que se dá cumprida información á interesada o 30/04/2009. Sen incidencias posteriores.

CAPÍTULO V: URBANISMO

EXPEDIENTE 4/2007

ASUNTO

Queixa en relación cunha parede que se atopa incluída no proxecto de reparcelación dun polígono dun PERI. O interesado solicitou en tres ocasións a exclusión da parcela da citada actuación en base á súa consideración como Edificación Consolidada, por diversos motivos:

A parcela comprende a casa, de baixo e tres andares, na que reside de modo ininterrompido desde os anos sesenta do século pasado e na que a súa filla ten un negocio que constitúe a fonte de ingresos familiar.

Coa consideración que se fai no polígono de Edificación Non Consolidada, do que pretende desvincularse, non se lle concede ningunha vantaxe e, polo contrario, preténdese que participe nos custes da urbanización, o que supón unha considerábel cantidade.

No caso contrario está a parcela seguinte do mesmo polígono, á que se lle dá a consideración de Edificación Consolidada, excluíndoa do novo polígono.

Cando construíu a súa vivenda para obter a licenza tivo que acatar as correspondentes cesións de superficie e participar nos custes de urbanización da rúa na que está situada.

Continúa facendo consideracións con respecto da Lei 9/1992, e a determinadas sentenzas do Tribunal Supremo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 12-01-07. Con data 16-01-07 solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 07-02-07, no que se fai un relatorio informativo, concluíndo que o interesado presentou novo escrito de alegacións o 21-12-06, que actualmente é obxecto de exame (25-01-07). A esta información achégase copia do acordo da Xunta de Goberno Local do 26-12-05, no que se aproba inicialmente o proxecto de reparcelación que se somete a información pública e audiencia dos interesados, e que o mesmo é un acto de mero trámite non sometido a recurso. Do que se deu cumprida información ao interesado o 08-02-07.

Con data 21-02-07, solicitouse información adicional en relación co escrito de alegacións presentado polo interesado o 21-12-06, e que se recibe o 16-03-07 na que se nos informa de que o expediente atópase en trámite de información pública (BOP 27-02-07). Do que se dá cumprida información ao interesado o 19-03-07.

Con data 23-04-07, solicítase información actualizada con respecto ao anterior, pedimento que se reitera o 22-05-07. Con data 07-06-07, recíbese escrito de Urbanismo no que se indica que está rematado o trámite de información ao público de todos os interesados no expediente, e que entre as alegacións atópase a do interesado, na queixa que nos ocupa e que de acordo coa normativa vixente non pode aprobarse actualmente o proxecto de equidistribución até que se dea aprobación ao Plan Xeral de Ordenación Municipal, actualmente en tramitación. Do que se dá cumprida información ao interesado o 11-06-07.

Non dándose actuacións posteriores por mor da aprobación pendente do PXOM.

REFLEXIÓNS

Este suposto, como tantos outros, tense que contemplar desde unha óptica universal ou xeneralizada.

Os Consellos Europeos de Lisboa e Niza asumiron no ámbito da Unión Europea o compromiso de promover un crecemento sustentábel que reduza a exclusión social e, entre as premisas que integran a exclusión social, cítase a carencia de vivenda digna.

O informe do Banco Mundial (21-08-02) sinala a mellora das transaccións sociais, económicas e ambientais, cara un mundo predominantemente urbano.

A través de distintos foros, comézase a configurar unha nova cultura que non é outra que a coñecida, desde o marco físico da ocupación da terra, do uso e desuso, do abuso do territorio, coa denominación de urbanismo.

O crecemento da cidade xa confundiu para sempre os seus límites e a relación co seu territorio fíxose máis complexa.

A cidade contemporánea está caracterizada pola súa ambivalencia, a súa desintegración; é algo fragmentario, caótico, disperso, fáltalle unha figura propia. O home, no seu día a día, sofre tan contraditorios estímulos que acaba, a semellan-

za da cidade que habita, atopándose desorientado; as cidades terminan parecéndose unhas a outras co selo dunha triste monotonía cuarteleira (Chueca Goitia).

Rematemos coa Carta de Atenas, quen lle asigna ao urbanismo as seguintes funcións:

Garantir aloxamentos sans, lugares nos que o espazo, o aire puro e o sol estean garantidos con largueza.

Organizar os lugares de traballo de maneira que en vez de ser unha penosa servidume, recuperen o seu carácter de actividade humana natural.

Prever as instalacións necesarias para unha boa utilización do tempo libre, facéndoo benéfico e fecundo.

Establecer a vinculación entre estas diversas organizacións mediante unha rede circulatoria que garanta os intercambios, respectando as prerrogativas de cada un.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 28/05/2008, dirixímonos a Urbanismo, solicitando informe actualizado do expediente a vista da aprobación do PXOM.

Con data 17/06/2008, recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo no que informa que segundo o artigo 70.2 da Lei 7/1985 as Administracións Públicas publicarán por medios telemáticos o contido actualizado dos instrumentos de ordenación territorial e urbanística en vigor, do anuncio do seu somentemento a información pública que de calquera outros actos de tramitación que sexan relevantes para a súa aprobación ou alteración.

En consecuencia no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo no entrará en vigor nun prazo de quince días dende a publicación da súa normativa, competencia neste caso municipal e aínda non se realizou.

Do que se deu cumprida información ao interesada o 17/06/2008, indicándolle que, en datas vindeiras, instarase información actualizada; o que se fai o 30/07/2008.

Con data 18/08/2008, recíbese información da X. M. de Urbanismo que indica que despois do 26/08/2008, retomase a tramitación do expediente, data de entrada en vigor do novo PXOM. O que se comunica ao interesada, o 30/09/2008,

solicítase información sobre a tramitación e de novo o 30/10/2008, o 28/11/2008 e o 23/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 23/01/2009 reiterouse de novo o pedimento anterior e o 18/02/2007, 24/03/2008, 27/04/2008, 30/05/2008, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2007, 28/09/2009, 27/10/2009.

EXPEDIENTE 8/2007

ASUNTO

Queixa en relación coa solicitude feita en 1992, na tramitación do PXOM de 1993, instando para que o Concello corrixa un erro evidente cando se traza unha falsa liña, chamada “RIBERA DE MAR” que en nada coincide co deslinde vixente naquelas datas. As alegacións formuladas pola veciñanza, no período de exposición pública do Plan, foron contestadas como Estimadas, mais, na realidade, non foi tida en conta.

A citada liña está a producir serios prexuízos, xa que a Xerencia Territorial do Catastro considera rústicas parte das súas fincas.

O promotor achegou documentación complementaria que se fixo constar no pedimento do informe.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 19-02-07. Con data 20-02-07 solicitouse o preceptivo informe, que se reiterou o 21-03-07, o 23-04-07, o 22-05-07, o 20-06-07, o 27-07-07, o 28-08-07 e o 02-10-07.

REFLEXIÓN

O 26-09-06 a Xerencia Municipal de Urbanismo comunícalle ao interesado que a liña de deslinde marítimo-terrestre, así como a liña da ribeira do mar, grapada na folla 11-27 do PXOM, era a vixente nese momento; e que ademais mentres non sexan definitivas as modificacións non há lugar a rectificación. O interesado responde a este comunicado o 06-10-06, no que se precisan determinadas alegacións; sen resposta ningunha.

Estase, polo que parece, a dar unha discrepancia entre dúas Administracións, o que evidencia un abandono da inquiredanza da veciñanza, a falta de harmonización das administracións non produce a clarificación da disputa.

RECOMENDACIÓNS

Clarificación da situación que remate coa diferenciación de cualificación dos terreos, sen prexuízo de posteriores dictames que se poidan instar polos afectados.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 28/02/2008 reiterouse de novo, o pedimento informativo anterior, e o 01/04/2008, 16/04/2008, 07/05/2008, o 30/05/2008, o 06/06/2008. Con data 22/07/2008, recíbese informe de Planeamento, achegando copia dos remitidos ao interesada en febrero-2007 que o deslinde que se pretendía corresponde o Ministerio de Medio Ambiente, do que se dá cumprida información ao interesada o 22/07/2008. Dándose o expediente por pechado. No obstante o 16/09/2008, o expediente reábrese a instancia do interesado por considerar que se dá un erro fundamental en resposta do Concello, e así se fai constar ante Urbanismo 17/06/2008, reiterándose o 16/10/2008, o 17/11/2008, 15/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009, reiterouse o pedimento anterior, e de novo, o 04/02/2009, 18/03/2009, 14/04/2009, 18/05/2009, 15/06/2009, 24/07/2009, 24/08/2009, 21/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

EXPEDIENTE 15/2007

ASUNTO

Queixa en relación coa instalación dunha estrutura de ferro, con tellado de chapa metálica a modo de cuberta de vehículos que sobresa cara á rúa na que verte augas, sen contar coa preceptiva licenza nin respectar os correspondentes retranqueos. O interesado xa ten formulado denuncia ante a Xerencia Municipal de Urbanismo desde decembro de 2005; sen que se teña comprobado actuación municipal ningunha sobre a protección da legalidade urbanística.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 30-03-07. Con data 02-04-07 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 07-05-07, o 112-06-07, o 27-07-07, o 29-08-07 e o 02-10-07.

REFLEXIÓNS

Con data 26-09-06, un técnico da Xerencia Municipal de Urbanismo efectuou unha visita á instalación na que se comprobou a existencia da obra detallada sen que conste a preceptiva licenza.

A interrogante xorde, cómo se protexe a legalidade urbanística: un ano despois da denuncia efectúase visita de inspección técnica; un ano despois do informe técnico comprobado da ilegalidade seguen sen coñecerse as actuacións efectuadas en defensa de legalidade urbanística.

A disciplina urbanística esixe do Concello que se controle o proceso construtivo, de non observarse os presupostos esixíbeis procede a actuación correspondente, caso contrario xorde o descontrol.

Doutrinalmente recoñécese que entre a esixencia normativa e a realidade danse ás veces distancias esgotadoras. Sería preciso facer unha reflexión histórica: cantos expedientes de disciplina urbanística se incoan, cantos se completan, cantas sancións pecuniarias se puxeron e cantas se cobraron, cantas obras ilegais foron derrubadas, etc.

A xurisprudencia ten expresado frecuentemente a súa repulsa pola pasividade adoptada en temas de urbanismo. Non caben xustificacións ante a demora.

RECOMENDACIÓN

Asumir as funcións de eficiencia e axilidade que a normativa vixente impón; comezando pola Constitución.

Cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento Orgánico do Valador do Cidadán, artigo 10.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 06/03/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 01/04/2008, o 05/05/2008, o 22/05/2008, o 30/05/2008, o 24/06/2008, o 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008, 18/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2007 reiterouse, por décima oitava vez, o pedimento anterior, e de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009.

Con data 10/08/2009, recíbese informe de Urbanismo indicando que o 15/07/2009(dous anos e cinco meses desde o inicio do expediente) remitiuse o mesmo a Xunta de Galicia por ser da súa competencia, do que se deu cumprida información ao interesado

EXPEDIENTE 28/2007

ASUNTO

Queixa en relación co mal estado da vivenda anexa á súa, que se atopa en estado ruinoso, e que está a provocar humidades na súa; e indicando que a citada vivenda non superou a inspección do ITE.

A tal fin presentou dúas denuncias no Concello en decembro de 2006 e abril de 2007, sen resultado ningún.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18-06-07. Con data 19-06-07 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 28-09-07, e o 24-09-07 a interesada comunica telefonicamente que a situación de abandono segue a estar presente.

REFLEXIÓNS

A eficacia dunha acción pública ven presidida pola axilidade na resolución dos expedientes e trámites até a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá; máxime cando se está ante situacións das que o atraso pode ser desencadeante doutros danos irreparábeis contra terceiros.

A insatisfacción do cidadán, unha vez máis, faise patente, a falta de axilidade provoca unha situación de ineficacia que repercute na imaxe que o cidadán debe ter da súa administración máis próxima, que se reflicte no nivel de credibilidade que toda administración ten que procurar.

RECOMENDACIONES

Retomar actuacións eficaces en relación cos temas que afectan aos cidadáns.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 06/03/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 01/04/2008, o 30/5/2008, o 26/06/2008, o 24/07/2008, 26/08/2008, 30/09/2008, 30/10/2008, 28/11/2008, 23/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009 reiterouse por, doceava vez, o pedimento anterior, e de novo, 18/02/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/05/2009, 29/07/2009, 28/07/2009, 28/09/2009, 27/10/2009.

EXPEDIENTE 30/2007

ASUNTO

Queixa en relación coa desconformidade que ten ante unha comunicación da Xerencia Municipal de Urbanismo sobre a orde de execución por ruína dunha edificación; edificación da que non se considera propietarioo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 21-06-07. Con data 25-06-07 solicitouse o preceptivo informe, que se reiterou o 27-07-07, o 30-08-07. Con data 04-10-07, recíbese escrito da Xerencia municipal de Urbanismo no que indica un relatorio sobre o tema do expediente e remata subliñando que se concede unha prórroga aos herdeiros, de dous meses, para o derrube do inmóbel, e ordena se proceda a executar as medidas de seguridade de carácter urxente.

Con data 04-10-07, recíbese visita da filla do interesado que nos comunica que están a localizar a herdeiros ausentes, e que, entón, renunciarán, mediante escritura pública a favor de Patrimonio Histórico.

Coa mesma data dáse traslado do informe recibido da Xerencia Municipal de Urbanismo antes citado e que a raíz da visita da filla do interesado, nese mesmo día, co exposto no parágrafo anterior, dáse o tema pendente por pechado.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 30/04/2008, reábrese o expediente con ocasión da visita da filla do interesado quen nos achega nova documentación, explicando novas actuacións que se expoñen no noso escrito de data 30/04/2008, interesando unha aclaración da situación mediante as accións coordinadas e correctores que procedan. O que se reitera o 17/06/2008, e o 18/08/2008, 18/09/2008, 16/10/2008, 17/11/2008 e o 15/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009 reiterouse pedimento anterior, e de novo, 04/02/2009, 18/03/2009, 14/04/2009, 18/05/2009, 15/06/2009, 24/07/2009, 24/08/2009, 21/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

EXPEDIENTE 31/2007

ASUNTO

Queixa en relación cun expediente de protección da legalidade urbanística e pola colocación dun peche con postes de madeira sen o retranqueo debido entre o lixo do camiño até o inicio do peche.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 11-07-07. Con data 11-07-07 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 28-08-07 e o 08-10-07.

REFLEXIÓNS

Consta desde abril de 2006 a adopción dunha resolución pola que se inicia o procedemento relativo á protección da legalidade urbanística; sen que a estas datas de finais de 2007, se teña proporcionado ao interesado máis información ao respecto.

Toda boa administración debe tratar e resolver os asuntos dentro dun prazo razoábel; dando a cumprida información ao cidadán interesado en relación co tema que lle incumbe e que ten solicitado, o que indica unha actuación non conforme ás normas e principios que son obrigacións.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 06/03/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 164/2008, o 0705/2008, o 30/05/2008, o 02/07/2008, 30/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 30/10/2008, 28/11/2008 e o 23/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 22/01/2008 reiterouse, por decimo cuarta vez, o pedimento anterior, e de novo, o 18/02/2009, 24/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/10/2009.

EXPEDIENTE 32/2007

ASUNTO

Queixa en relación cunha denuncia por unhas obras levadas a cabo mediante a execución dun muro de peche e construción de vivenda unifamiliar que se estima ilegal xa que impide o acceso ás súas vivendas.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 12-07-07. Con data 12-07-07 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 30-08-07, o 08-10-07 e o 24-10-07.

REFLEXIÓNS

As mesma do expediente anterior.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 06/03/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 10/04/2008, o 07/05/2008, o 30/05/2008, o 02/07/2008, o 30/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 30/10/2008, 28/11/2008, e o 23/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 22/01/2009, reiterase, por décimo cuarta vez, o pedimento anterior, e de novo, o 18/02/2009, 24/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/10/2009.

EXPEDIENTE 50/2007

ASUNTO

Queixa en relación cunha imposición dunha multa como sanción por executar obras nunha estrada, cando o interesado non é propietario responsábel do terreo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 08-11-07. Con data 15-11-07 solicitouse o preceptivo informe que foi reiterado doce veces.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009 reitérase de novo o pedimento informativo, e o 18/02/2009, 24/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/10/2009

EXPEDIENTE 63/2007

ASUNTO

Queixa en relación coas obras que se están a acometer na zona do sistema protexido na ribeira do Lagares.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 13-12-07. Con data 18-12-07 solicitouse o preceptivo informe, facendo fincapé en que a denuncia presentada na Xerencia Municipal de Urbanismo en marzo de 2006 non tivo resposta ningunha. Ante esta falta de información os interesados dirixíronse a Urbanismo o 24-04-06; e verbalmente se lles indicou que o expediente en cuestión o tiñan trasladado á Delegación Provincial de Ordenación Territorial, por ser tema da súa competencia.

Pasado o tempo, e sen ter constancia de actuación oficial ningunha, os interesados dirixíronse á COTOP, o 30-11-07, onde lles dixeron que o tema era competencia do Concello, e que lle devolvan o expediente ao Concello de Vigo o 02-12-07; un ano e meses despois da súa recepción.

REFLEXIÓNS

Do exposto anteriormente xorde o asombro.

A Administración, sexa cal for, ten que levar a cabo as súas tarefas de información social a prol das garantías que lles asisten aos cidadáns.

O artigo 103 da Constitución Española proclama que a Administración Pública, serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación; no mesmo senso pronúnciase o artigo 3 da Lei 30/1992; e non digamos nada en relación co exposto no artigo 18 desta Lei que se remite ás actuacións entre as distintas administracións os principais de, entre outros, facilitación de información, cooperación e asistencia activa. Algo que neste suposto brilla pola súa ausencia.

A descoordinación neste suposto vulnera, sen dúbida, a lóxica e legal esixencia de coordinación o que facilita a consolidación de actuacións ilegais que derivan nun prexuízo dos cidadáns afectados pola comisión dunha ilegalidade urbanística. Estamos ante a presenza dunha falta de harmonización entre dous tipos de intereses: os xerais ou comunitarios, e os locais ou municipais, que non quere dicir que os intereses locais non sexan tamén xerais.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 06/03/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 10/04/2008, o 07/05/2008, o 30/05/2008, o 02/07/2008, o 30/08/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 30/10/2008, 28/11/2008 e o 23/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 22/01/2009, reiterouse por onceava vez o pedimento anterior, e de novo, o 18/02/2009, 24/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/11/2009.

RESUMO ESTATÍSTICO

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE	6
- Contaminación acústica	4
- Polución atmosférica	1
- Instalación eléctrica con efectos contaminantes	1
ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE	5
- Sanción Tráfico	3
- Dificultade en parada Vitrasa	1
- Tarxetas mobilidade	1
ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ	1
- Situación Terreo público	1
ÁREA DE URBANISMO	9
- Obras sen licenza	2
- Edificio en estado ruinoso	2
- Parcela dun PERI	1
- Liña delimitadora	1
- Obras de retranqueo	1
- Execución obra sen o seu propietario	1
- Obra en terreo protexido	1
TOTAL EXPEDIENTES	21

REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS*

URBANISMO	42,85%
MEDIO AMBIENTE	23,80%
MOBILIDADE E SEGURIDADE	28,57%
PARTICIPACIÓN CIDADÁ	4,76%

*Ordenados porcentualmente de maior a menor.

REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2007 CON INCIDENCIAS NO ANO 2009

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
2/2007	Contaminación Acústica	12/01/2009	28/04/2009
		12/02/2009	27/08/2009
		18/03/2009	
		18/06/2009	
		28/07/2009.	
		14/09/2009	
		27/10/2009	
12/2007	Contaminación acústica e polución	02/12/2009	
		12/01/2009	
		02/02/2009	
		06/03/2009	
		15/04/2009	
		06/05/2009	
		06/06/2009	
		03/07/2009	
		21/08/2009	
		21/09/2009	
19/11/2009			
14/2007	Polución atmosférica procedente dun local de hostalaría	12/01/2009	19/06/2009
		02/02/2009	
		08/03/2009	
		15/04/2009	
		05/05/2009	
		24/08/2009	
		21/09/2009	
19/11/2009			
18/2007	Contaminación acústica nocturna derivada de actividades de lecer	12/01/2009	15/05/2009
		16/03/2009	
		27/04/2009	
19/2007	Contaminación acústica procedente dun local de hostalaría	12/01/2009	30/04/2009
		04/02/2009	20/11/2009
		18/03/2009	
		14/04/2009	
		27/05/2009	
		26/06/2009	

		19/11/2009
56/2007	Instalación eléctrica con efectos contaminantes	12/01/2009 28/04/2009 12/02/2009 15/09/2009 18/03/2009 27/05/2009 26/06/2009 29/07/2009 28/08/2009 15/09/2009 15/10/2009

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
9/2007	Dificultades en paradas de Vitrasa	12/01/2009 02/02/2009 06/03/2009 13/04/2009 06/05/2009	23/06/2009
13/2007	Sanción de Tráfico	12/01/2009 02/02/2009 06/03/2009 14/04/2009 06/05/2009 05/06/2009 03/07/2009 21/08/2009 21/09/2009 15/10/2009	
25/2007	Sanción de Tráfico	12/01/2009 12/02/2009 18/03/2009 27/04/2009 30/05/2009 26/06/2009 29/07/2009 28/08/2009 28/09/2009 27/10/2009 03/11/2009 02/12/2009	30/10/2009

41/2007 Tarxeta de mobilidade	12/01/2009
	12/02/2009
	18/03/2009
	27/04/2009
	30/05/2009
	26/06/2009
	29/07/2009
	28/03/2009
	28/09/2009
	27/10/2009
62/2007 Sanción de Tráfico	12/01/2009
	12/02/2009
	18/03/2009
	27/04/2009
	30/05/2009
	26/06/2009
	29/07/2009
	28/08/2009
	28/09/2009
	27/10/2009

ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
38/2007	Situación dun terreo público	12/01/2009	30/04/2009
		04/02/2009	
		18/03/2009	
		14/04/2009	

ÁREA DE URBANISMO

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
4/2007	Situación dunha parcela incluída nun PERI	23/01/2009	
		18/02/2009	
		24/03/2009	
		27/04/2009	
		30/05/2009	
		26/06/2009	
		29/07/2009	
		28/08/2009	
		28/09/2009	
		27/10/2009	

8/2007	Corrección sobre liña delimitadora de terreos	12/01/2009	
		04/02/2009	
		18/03/2009	
		14/04/2009	
		18/05/2009	
		15/06/2009	
		24/07/2009	
		24/08/2009	
		21/09/2009	
		15/10/2009	
<hr/>			
15/2007	Obras sen licenza	12/01/2009	10/08/2009
		12/02/2009	
		18/03/2009	
		27/04/2009	
		30/05/2009	
		26/06/2009	
		29/07/2009	
		19/11/2009	
<hr/>			
28/2007	Obra ruínosa con perigo para a veciñanza	22/01/2009	
		18/02/2009	
		27/04/2009	
		30/05/2009	
		28/06/2009	
		29/07/2009	
		28/08/2009	
		28/09/2009	
		27/10/2009	
<hr/>			
30/2007	Edificio dun estado ruínoso	12/01/2009	
		04/02/2009	
		18/03/2009	
		14/04/2009	
		18/05/2009	
		15/06/2009	
		24/07/2009	
		24/08/2009	
		28/09/2009	
		15/10/2009	
<hr/>			
31/2007	Obras sen retranqueo	22/01/2009	
		18/02/2009	
		24/03/2009	

	27/04/2009
	30/05/2009
	26/06/2009
	29/07/2009
	20/08/2009
	28/09/2009
	27/10/2009
<hr/>	
32/2007 Obras ilegais	22/01/2009
	18/02/2009
	24/03/2009
	27/04/2009
	30/05/2009
	26/06/2009
	29/07/2009
	28/08/2009
	28/09/2009
	27/10/2009
<hr/>	
50/2007 Sanción por execución de obras sen ser propietario	22/01/2009
	18/02/2009
	24/03/2009
	27/04/2009
	30/05/2009
	26/06/2009
	29/07/2009
	28/08/2009
	28/09/2009
	27/10/2009
<hr/>	
63/2007 Obras en terreos protexidos	22/01/2009
	18/02/2009
	24/03/2009
	27/04/2009
	30/05/2009
	26/06/2009
	29/07/2009
	28/08/2009
	28/09/2009
	27/10/2009

PARTE III

ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2008 CON INCIDENCIAS NO ANO 2009

- ÁREA DE BENESTAR SOCIAL
- ÁREA DE MEDIO AMBIENTE
- ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE
- ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
- ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ
- ÁREA DE SERVIZOS XERAIS
- ÁREA DE URBANISMO
- ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL

INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de 34 expedientes correspondentes ás solicitudes de cidadáns formuladas no ano 2008 con incidencias durante o ano 2009 e que corresponden a:

BENESTAR SOCIAL	1
MEDIO AMBIENTE	7
MOBILIDADE E SEGURIDADE	8
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	1
PARTICIPACIÓN CIDADÁ	2
SERVIZOS XERAIS	3
URBANISMO	11
XESTIÓN MUNICIPAL	1
TOTAL	34

EXPEDIENTES

CAPÍTULO I BENESTAR SOCIAL

EXPEDIENTE 88/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa situación do Albergue Municipal.

SITUACIÓN

A interesada xa se dirixiu a Alcaldía e a Concellería de Benestar Social.

Con data 03/12/2008, recíbese o escrito de queixa e con data 05/12/2008 solicítase o perceptivo informe.

REFLEXIÓN

Os dereitos e liberdades enuméranse na Constitución Española nunha ampla relación que inclúe distintas clases de categorías, desde dereitos estritamente individuais até dereitos colectivos, económicos ou sociais de tipo prestacional, iniciándose cun precepto destacado, cal é o artigo 10 onde se afirman unha serie de principios e valores como fundamento da orde política e da paz social. Pero a Constitución non é soamente unha norma xurídica, é un instrumento para a convivencia, unha ferramenta de racionalidade, un factor de integración social, un proceso aberto, unha canle de comunicación. Os poderes públicos deben promover as condicións necesarias que permiten as atencións mínimas a tódolos cidadáns.

Os Concellos, ademais doutras actividades as que debe prestar atención, faise preciso mencionar as de : prestación de servizos sociais, e de promoción e reinserción social. Non se esqueza que a política da saúde debe orientarse a superación dos desequilibrios territoriais e sociais.

RECOMENDACIÓN

Estremar a atención no funcionamento de servizos como o que nos ocupa, dada a finalidade dos mesmos e as persoas a que se dedican.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 26/01/2009 solicitouse de novo o pedimento informativo, que se recibe o 19/02/2009, informando que, con data 16/01/2009, púxose en marcha un dispositivo de emerxencia polo frío. En canto ao albergue e unha obra que depende da Xunta de Galicia. Do que se deu cumprida información á interesada o 23/02/2009. Sen mais incidencias.

CAPÍTULO II: MEDIO AMBIENTE

EXPEDIENTE 14/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa contaminación acústica procedente dun local de hostalería.

O promotor ten presentado denuncia no Concello desde o 09/11/2007, achegando como mostra catro medicións sonométricas que superan os índices permitidos pola ordenanza municipal vixente, medicións iniciadas o 15/09/2007; sen que conste actuación algunha por parte da Concellería competente.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/02/2008; con data 19/02/2008, solicitouse o preceptivo informe, que se reiterou o 31/03/2008 e de novo o 07/05/2008, o 24/06/2008, o 24/07/2008, o 29/08/2008, 29/09/2008, o 27/10/2008, 27/11/2008.

REFLEXIÓNS

As reflexións sobre este tipo de queixas véñense reiterando o longo dos últimos cinco anos.

O ruído do ocio acada un nivel destacábel de sensibilidade, segundo a doutrina as zonas de lecer e descanso convértense en infernos, sen que o poder municipal, competente e responsábel, acade a protección do cidadán, protección a que ten un dereito de carácter fundamental; tanto é así que os expertos na materia sentan a tese dos “ruídos evitábeis”.

O ruído, non só dende a óptica doutrinal, senón tamén dende o marco xurisprudencial, atópase moi relacionado co dereito á protección da saúde e co aproveitamento dunha vivenda digna e axeitada, senso que proclama a Constitución Española (artigos 43 e 47).

Aproveitar a vivenda non é sufrir penar ou rabiar. Existe un dereito fundamental clara e directamente afectado polo ruído, o dereito ao domicilio inviolábel e á intimidade persoal e familiar, tal como se recolle no artigo 18 da Constitución Española.

O ruído, reitérase unha vez máis, é unha forma sutil de irromper no domicilio, agresiva, aínda que non implica a presenza de persoas, e os poderes públicos, nestes supostos os Concellos, teñen a obriga de garantila defensa dos cidadáns mediante procedementos axeitados en temas, entre outros, de seguridade e saúde.

Os personaxes desta interpretación segundo a doutrina, identifícanse así:

- Locais de ocio
- Usuarios ou clientes dos anteriores
- Convidado da pedra (Administración Local)

Deste último personaxe destaca a súa deixación, incompetencia e pasividade. Ante esta actitude o cidadán ten que acudir a outro medio para acadar unha defensa do seu dereito, da súa saúde e da súa tranquilidade: a tutela xudicial.

Non vamos a repetir a numerosa xurisprudencia neste ámbito, xa relatada na memoria do ano 2004, aínda que o final destas consideracións citaremos as posicións máis recentes.

As condicións do acougo público atópanse naquela cidade na que os ruídos non superan os límites legais, e nas que pola noite sexamos capaces de conciliarlo sono sen alteracións da intimidade. Estimase que máis do 50% das vivendas urbanas sofren niveles acústicos superiores os permitidos.

Fixemos mención da Constitución Española, esta é algo máis que un libriño pousado nun andel ou nunha mesa de cabeceira.

O equilibrio entre dereitos e deberes da cidadanía choca moitas veces coa realidade, e esta Institución do Valedor do cidadán conclúe que “non hai ningún anti-biótico de alto espectro que arranxe o problema”.

Hoxe estase a falar da análise da gobernanza como unha necesidade de acadar información cuantitativa sobre o progreso dos principios que a definen (apertura, participación, responsabilidade, eficacia e coherencia) principios considerados como fundamentais para o desenvolvemento sostible de Europa e dos países membros.

As evacuacións feitas indican que os niveles de confianza nas institucións presentan uns índices baixos o que denota un certo malestar na poboación. Esta perda de confianza contrasta co elevado nivel de confianza dos cidadáns nas ONGS e nos medios de comunicación.

Nunha maior información, transparencia e proximidade das administracións xunto co incremento da participación social resultan absolutamente necesarias para rexenerar na sociedade a confianza nas institucións.

O poder público, sexa cal sexa, ten a obriga de promove-las condicións de igualdade do individuo ou dos grupo, removendo os obstáculos que a dificulten, axilizando a resolución dos expedientes en trámites e adoptando medidas tendentes a resolver os problemas da vida diaria.

Hoxe é indubidábel que a lexitimidade da actividade pública municipal tense que buscar pola vía dos rendementos e, neste eido, as estratexias son inesgotábeis.

Esta lexitimidade está ligada, a capacidade para dar resposta satisfactoria as demandas de mellora da situación material dos actores que solicitan a acción pública. A eficacia deriva do desterro das actuacións non suficientes.

Hoxe albíscase unha nova vía de xestión ou intermediación, cal é a Mediación na Administración Local, baseada na participación directa dos cidadáns na creación de consensos e na xestión de conflitos que supón a aceptación da diferenza. Os conflitos contémpanse mais contrativamente, como unha situación na que as persoas ou grupos sociais buscan ou perseguen metas opostas, ou afirman valores antagónicos.

Como últimos exemplos de posicións xurisprudencias merece citarse as seguintes:

- Sentenza da Sala do Contencioso do Tribunal Supremo, de 25 de marzo de 2008, recurso 148/2007; pola que se confirma a condena o Concello de Arganda do Rey que ten que indemnizar a dúas familias pola súa pasividade ante os ruídos procedentes de dúas casas rexionais.

- Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 5 de Sevilla (26 de maio de 2008); pola que se condena o Concello de Sevilla polos ruídos ocasionados polo denominado “botellón” Violación do dereito fundamental a integridade física e a intimidade persoal e inviolabilidade de domicilio do demandante recoñecer dano físico e moral.

RECOMENDACIÓNS

Ven sendo habitual por parte da Concellería de Medio Ambiente, o incumprimento do artigo 10.2 do Regulamento orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán, aprobado polo Pleno do Concello o 25 de outubro de 2004 (BOP de 30 de novembro de 2004) no que se indica que a dependencia administrativa responsábel do contido da queixa deberá, no prazo máximo, de quince días, do recibimento da petición de informe feita polo Valedor do Cidadán remitir informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto da reclamación.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2009 reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 14/04/2009.

Con data 28/04/2009, sen rexistro de saída, recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa que, con data 17/04/2009, se dictou incoacción de procedemento sancionador ordenando de inmediato adopción de medidas correctoras precisas nun prazo de quince días, quedando o expediente pendente de proposta de resolución. Do que se deu cumprida información ao interesado o 30/04/2009, indicándolle que, en vindeiras datas, solicitarase información actualizada, o que se fai o 27/05/2009, e o 26/06/2009, 27/07/2009, 28/08/2009.

Con data 18/09/2009 recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

“En relación con seu escrito de data 3 de setembro, con respecto ao expediente 14/2008 (6089-306), prácese informarlle do seguinte:

No expediente sancionador tramitado por esta Concellería en relación coa denuncia formulada por D. queda acreditada a superación do nivel máximo de ruídos permitido pola Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica, polo establecemento denominado sito na rúa, posto que con data 28/10/07, entre



as 00,30 e as 00,50 horas, o devandito establecemento superou en 6,8 dB(A) o nivel máximo de ruído permitido.

Este feito constitúe unha infracción grave, segundo os artigos 14.a) da Lei 7/1997 de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e 40.a) da Ordenanza Municipal.

Da mencionada infracción resulta responsable don, titular da licenza municipal de actividade de café bar sen música, do local de referencia.

As alegacións que con rexistro de entrada de data 25 de maio de 2009 documento nº 90077517 presentaba don no procedemento sancionador nº 6089/306 non desvirtúan os feitos expostos nin que a infracción que recolle o parte de medición antes citado non se producise, non podendo ser estimadas.

A infracción grave leva aparellada a sanción de multa de 1502,53 euros a 9015,18, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por un espazo de tempo non superior a seis meses, segundo establecen os artigos 16.1.b) da LPCA e 42.b) da Ordenanza Municipal.

Por todo o exposto, dictei resolución con data 24 de xuño de 2009, no seguinte sentido:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas por don titular do establecemento denominado en base aos feitos e fundamentos de dereito expostos e inadmitir a proba proposta, de acordo co disposto no artigo 17.2 do RD 1398/1993 e 137.4 da LRXPAC 30/1992, por ser improcedente.

Segundo.- Impoñer a don con DNI:, titular da licenza municipal para o desenvolvemento da actividade de CAFÉ BAR SEN MÚSICA do local denominado sito na rúa, a sanción de multa de **1.502,53 euros**, pola comisión dunha infracción tipificada como grave en materia de protección contra a contaminación acústica, de conformidade co disposto no artigo 40.a) da Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.

Terceiro.- Ordenarlle a inmediata adopción das medidas correctoras precisas nun prazo de quince días para impedir a superación dos niveis máximos de ruído permitidos na Ordenanza Municipal.

Asemade apercíbolle que para o suposto de que continúe contaminando acusticamente, con carácter preventivo, o Concello poderá acordar a inmediata adopción das medidas correctoras imprescindibles para evitar os danos ou molestias graves que se estean ocasionando como consecuencia da actividade infractora de acordo co disposto no artigo 47 da Ordenanza Municipal.

A resolución foille comunicada ao denunciado e ao denunciante con data 24 de xullo de 2009. Contra a resolución o denunciado ten un prazo de 1 mes para interpoñer recurso.

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 21/09/2009.

De non darse actuacións posteriores, darase por pechado o expediente. Con data 18/11/2009 recíbese escrito da Concellería de Medio Ambiente comunicando a imposición da multa por importe de 1.502,53 euros a propiedade do local causante das molestias. Do que se deu cumprida información ao interesado, rogándoselle comunique si persisten as molestias.

EXPEDIENTE 42/2008

ASUNTO

Queixa en relación coas constantes molestias que esta a padecer por mor dos permanentes ladridos dun can nunha vivenda próxima.

Ven denunciando a situación desde o ano 2003 segundo consta documentalmente en actuacións da Policía Local.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 24/04/2008, con data 28/04/2008, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 24/06/2008, o 24/07/2008, o 25/08/2008, 29/09/2008, 27/10/2008, 27/11/2008

REFLEXIÓN

A Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais (24/05/2000), no artigo 4.2 establece prohibicións de deixar nos patios, terrazas,

galerías e balcóns animais en xeral que cos seus sons ou berros incomoden o descanso ou tranquilidade dos veciños. Molestias que se triplican como infraccións leves no artigo 41.1 ñ.

RECOMENDACIÓN

Cumprimento da legalidade que deriva da Ordenanza do 24/05/2000, así como do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán, no que respecta ao seu artigo 10.2, sobre a cumprimentación do deber de emitir o preceptivo informe, en tempo e forma.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2009 reiterase, por sétima vez, o pedimento anterior, e de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 14/04/2009, 11/05/2009.

Con data 29/05/2009, sen rexistro de saída, recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa que o tema en cuestión debe ser enfocado baixo a Lei 49/60 de Propiedade Horizontal o mediante a Lei 29/94 de Arrendamentos urbanos.

Do que se deu cumprida información á interesada. Sen máis intervencións.

EXPEDIENTE 46/2008

ASUNTO

Queixa en relación cun local de hostalaría con servizo de cociña sen ter acondicionamento ao respecto, producindo cheiros, fumes e gases que se derivan pola saída da zona dos aseos e que inundan a súa vivenda.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 29/04/2008 trala denuncia presentada sen efecto, o 29/11/2007.

Con data 06/05/2008 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 17/06/2008, o 15/07/2008, ante Medio Ambiente a petición de Urbanismo, o 19/08/2008, 19/09/2008 e 21/10/2008 e o 20/11/2008.

REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto de se move dunha a outra Concellería, téñase en conta que en Medio Ambiente lle dixeron á interesada, onde presentou a denuncia, que non estaban capacitados para atenderla queixas, e en Urbanismo manifesta que pertence a Medio Ambiente.

Esperando que alguén asume a competencia que lle é propia, a interesada segue a padecer, desde fai un ano, a situación.

RECOMENDACIÓNS

Aplíquese a debida coordinación e actuase conforme a realidade, fágase efectiva a obriga que deriva das competencias legais.

Con data 29/05/2009, sen rexistro de saída recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa que con data 17/05/2009 se remitiu escrito ao Departamento de Licenzas de Actividades requirido informe sobre a existencia da preceptiva licenza e que se xire visita de inspección para determinar a saída de fumes cumpre coa normativa vixente.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 04/06/2009; indicándolle que, en datas vindeiras, instarase nova información ao respecto, que se fai o 01/07/2009. Con data 08/07/2009, recíbese informe de Medio Ambiente, indicando que segundo a comunicación da interesada o problema está solucionado.

EXPEDIENTE 49/2008

ASUNTO

Queixa en relación cos ruídos procedentes da porta de acceso o garaxe do edificio en que vive. A Comunidade de Propietarios arranxou a porta de entrada en vez da de saída, esixíndolle unha medición efectuada por empresa privada autorizada xa que, segundo ele, as medicións da Policía Local non son de fiar ditas medicións foron achegadas coa petición do informe preceptivo; existindo condicións efectuadas a petición desta Institución a empresa homologada.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 20/05/2008; con data 21/05/2008 solicítase o precepti-

vo informe, que se reitera o 26/06/2008, o 24/07/2008, o 27/08/2008, 01/10/2008, 31/10/2008

REFLEXIÓNS

Existindo e obrando en poder da Concellería competente as medicións sonométricas de Policía Local, séguese sen actuación oficial algunha o que ven a implicar unha falta de actuación contraria a propia Ordenanza Municipal, o que ven a ser unha deixación de funcións propias do cargo ou do traballo.

RECOMENDACIÓNS

Cumprimento da legalidade que deriva da ordenanza municipal vixente como do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán (artigo 10.2).

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2009 reiterase o pedimento informativo, por sétima vez, e de novo o 18/02/2009, 24/03/2009, 23/04/2009, 18/05/2009 y 28/08/2009.

Con data 18/09/2009 recíbese informe de Medio Ambiente no que suliña:

“En relación ao expte. 49/2008 (6642-306), por denuncia presentada por Dona, con respecto a ruidos e molestias provocadas pola porta do garaxe da súa propia comunidade, dende esta Concellería nos remitidos á resposta comunicada con data 17 de maio de 2009, no seguinte sentido:

Dado que o contido da denuncia se substancia básicamente nos ruídos xenerados pola porta do garaxe do propio edificio da denunciante, esta administración entende que a mesma deberá dirixir a súa queixa á comunidade de propietarios do edificio sinalado.

A Lei 49/60 de Propiedade Horizontal, no seu artigo 7.2 establece que:

“Ao propietario e ao ocupante do piso ou local non lle está permitido desenvolver nel ou no resto do inmueble actividades prohibidas nos estatutos, que resulten danosas para a finca ou que contraveñan as disposicións xerais sobre actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.

*O Presidente da Comunidade, a iniciativa propia **ou de calquera dos propietarios ou ocupantes**, requerirá a quen realice as actividades prohibidas por*

este apartado a inmediata cesación das mesmas, baixo apercibimento de iniciar as accións xudiciais procedentes.

*Se o infractor persiste na súa conducta, o Presidente, previa autorización da Xunta de Propietarios, debidamente convocada ao efecto, poderá entablar contra él **acción de cesación** que, no non previsto expresamente por este artigo, se substanciarán a través de xuízo ordinario.*

Asimesmo, é de interese sinalar que tamén pode ser de aplicación o artigo 27 da Lei 29/94 de Arrendamentos Urbanos, no tocante ao incumprimento de obrigas:

“O incumprimento por calquera das partes das obrigas resultantes do contrato dará dereito á parte que cumpra as súas a esixir o cumprimen toda obriga ou a promover a resolución do contrato de acordo co disposto no artigo 1124 do Código Civil.

Ademais o arrendador poderá resolver de pleno dereito o contrato polas seguintes causas: e) cando na vivenda teñan lugar actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas”.

Como se pode comprobar, o obxecto da denuncia entra directamente no ámbito da comunidade de propietarios do edificio, quen ten a facultade de requerir aos inquilinos que molestan para a cesación da actividade denunciada.

Asimesmo, a inquilina debe requirir á Comunidade de Propietarios do seu edificio para que solvete o problema da porta do garaxe, dadas as molestias que xenera.

O Concello de Vigo, pola súa parte, asistiu á denunciante, poñendo á súa disposición os servizos da Policía Local, que actuaron dilixentemente facendo a correspondente medición sonométrica, facilitando que a denunciante tivese un medio de proba diante da comunidade de propietarios.”

O que se informa ao interesado o 21/09/2009.

Sen actuacións posteriores

EXPEDIENTE 56/2008

ASUNTO

Queixa en relación coas humidades que está a padecer nunha vivenda por mor das filtracións procedentes dun edificio lindeiro; feito xa denunciado en 2003 o que motivou a actuación do Policía Local, procedéndose a un arranxo temporal, que agora se repite.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 16/07/2008; con data 17/07/2008 solicitouse o preceptivo informe a Sanidade, petición que se reiterou o 27/08/2008, 01/10/2008, 31/10/2008, 29/11/2008.

REFLEXIÓNS

Os cidadáns teñen dereito a protección da saúde así como a defensa, como usuarios, das situación que afectan a súa seguridade a súa saúde; tanto a nivel estatal como a nivel local quen entendemos estaría dentro dos cometidos que se regulan nas ordenanzas reguladoras da prevención sanitaria dos cidadáns.

RECOMENDACIÓN

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valador do Cidadán.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2009 reiterouse o pedimento anterior, e de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 14/04/2009, 11/05/2009, 15/06/2009. Con data 19/06/2009, recíbese informe de Medio Ambiente no que indica que con data 22/05/2009, instouse da Inspección de Urbanismo, actuación ao respecto. Con data 22/07/2009 solicítase información e de novo o 18/08/2009, e o 14/09/2009, 15/10/2009, 16/11/2009.

EXPEDIENTE 81/2008

ASUNTO

Queixa en relación coas molestias producidas polas manobras de colocación e retirada das cadeiras, mesas e soportes de parasoles dun local de hostalería que se lle impide conciliar o sono non só os veciños dunha vivenda, senón tamén aos hóspedes dunha instalación dun hotel-residencia a cargo dos promotores da queixa.

SITUACIÓN

A interesada durante o ano 2008, ten presentado 21 denuncias no Concello, se resultado algún. Queixa presentada o 11/11/2008, con esa mesma data solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 10/12/2008.

REFLEXIÓN

As reflexións en outros expedientes deste capítulo faise, preciso recordar que lle asiste os cidadáns no referente a que o réxime xurídico das administracións públicas debe transcender as regras de funcionamento interno para integrarse na sociedade a que serve como o instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.

A lexitimidade por rendementos está ligada coa capacidade para dar resposta satisfactoria as demandas do contorno.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterouse o pedimento anterior, e de novo, o 10/02/2009, 18/03/2009, 14/04/2009, 11/05/2009, 15/06/2009, 22/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009.

Con data 15/09/2009, se recibe escrito de Medio Ambiente informando que se remite nova dilixencia a Policía Local, para inspección. Do que se dá cumprida información á interesada o mesmo día.

Con data 15/10/2009 solicítase información actualizada, e de novo o 16/11/2009.

EXPEDIENTE 84/2008

ASUNTO

Queixa en relación coas molestias producidas pola actividade dunha empresa graniteira, feito denunciado no Concello achegando medicións e efectuadas pola Policía Local.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 25/11/2008, solicitándose o preceptivo informe o 28/11/2008.

Consta a incoación de expediente sancionador, (dous expedientes, o segundo seis meses despois do primeiro), sen que a actividade se interrompese.

REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto que está afectando seriamente a saúde do interesado quen desconfía da posibilidade da súa caducidade.

Canda as actividades perturbadoras persisten implica que, non se realizou ningunha actuación restauradora de legalidade, ou se se realizou, carece de efectividade por falta de control no seguimento.

Coñecida é a doutrina das situacións que implican un ataque ao concepto de domicilio inviolábel, dereito fundamental que require a súa protección incluso fronte os riscos que poidan xurdir nunha sociedade tecnoloxicamente avanzada.

RECOMENDACIONES

Actuacións efectivas, non tema que afecta pro-fundamentos aos cidadáns

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 26/01/2009 reiterouse o pedimento anterior, e de novo, o 02/03/2009, 24/03/2009, 27/04/2009. Con data 29/05/2009, sen rexistro de saída, recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa que con data 25/03/2009 acordase a medida cautelar de paralización temporal de actividades, ante que a empresa denunciada formula unha serie de alegacións, e tras o informe técnico correspondente e as averiguacións pertinentes resulta que desde novembro/2008

xa no se produce ruído nocturno, levantándose a medida cautelar de paralización temporal de actividades. No obstante, seguirán realizándose medicións sonométricas periódicas.

Do que se dá cumprida información ao interesado, dándose o expediente por pechado.

CAPÍTULO III: MOBILIDADE E SEGURIDADE

EXPEDIENTE 26/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa imposición dun recargo que derivou nunha retención por dilixencia de embargo por mor dunha multa de tráfico, como consecuencia de non identificar ao conductor.

O interesado manifesta que non tivo constancia do expediente nin sequera polo método habitual: aviso no propio vehículo.

A dirección de correo a que se lle dirixiu o aviso, non existe desde fai máis de 15 anos, na data en que o Concello lle efectuou o comunicado. O Concello cónsalle o seu empadroamento en Vigo (cítase enderezo), e estando, polo tanto, o día no imposto municipal de circulación de vehículos en Vigo.

O que considera de xustiza se lle libere do sobrecargo da retención debida a un erro administrativo non imputábel a el mesmo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/03/2008; con data 14/04/2008, solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 14/04/2008, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 19/05/2008, 17/06/2008, 15/07/2008, 19/08/2008, 20/09/2008, 20/10/2008, 20/11/2008.

REFLEXIÓN

Resulta desconcertante que se lle estea a notificar a un cidadán aun domicilio inexistente cando é comprobado que o seu enderezo está actualizado no propio

Concello, e a propósito propio estamento de tráfico.

O que implica que a administración queda obrigada a revoca-lo acto, de acordo co artigo 105 da Lei 30/1992.

A administración debe actuar racionalmente e razoabelmente. Estamos ante o clásico desenvolvemento tecnocrático de finais dos sesenta, hoxe a desviación de poder xa está devaluada.

RECOMENDACIÓNS

Cumprimento de legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán, que si se tivo en conta nos expedientes anteriores (13,18,19,20,21 e 22/2008).

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo solicitado, e de novo, o 23/02/2009, 24/03/2009, 24/04/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 24/09/2009, 19/11/2009.

EXPEDIENTE 58/2008

ASUNTO

Queixa en relación co incidente acaecido con dous membros da Policía Local cando circulando co seu vehículo pola rúa Dr. Marañón e incorporándose a Rúa López Mora (sendo preciso xirar a esquerda) se viu sorprendido por dous membros da Policía Local circulando en bicicleta pola Rúa López Mora procedendo da súa dereita, sen atender o semáforo en vermello, interpóndose na marcha do seu vehículo e obrigándoo a realizar unha urxente freada. Os axentes aproximáronse ao interesada que lles preguntou a razón de non atendela sinal do semáforo, sen obter resposta algunha, déronlle orde eslamiada de que continuara circulando.

A vista do acontecido dirixiu escrito ao Concello solicitando se lle indicase sí a conducta exposta era correcta. Recibe un escrito da Policía Local que o cita para un conversa telefónica ou persoal, polo que, de novo se dirixe por escrito ao Concello reiterando o pedimento anterior, sendo, de novo, citado para unha entrevista telefónica ou persoalmente.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 29/07/2008, con data 31/07/2008 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 04/09/2008, 02/10/2008, 06/11/2008, 03/12/2008

REFLEXIÓNS

As normas da circulación, agás excepcións claras e xustificadas, tamén obriga os membros da Policía Local.

O cidadán ten dereito a ser informado, as actuacións administrativas teñen que transcender as regras de funcionamento interno, para, deste xeito, interesarse na sociedade a que serve, como instrumento que promove as condicións, para que os dereitos constitucionais dos individuos sexan reais e efectivos.

As actuacións teñen que ser axeitadas os criterios de eficiencia e servizo os cidadáns, conforme os principio de transparencia e de participación.

Tanto o artigo 35.i da Lei 30/1992 como o artigo 4 do R.D. 208/1996 determinan as atencións que, a modo de dereitos, se lle deben prestar os cidadáns, así como tamén o artigo 12 do Código Europeo de Boa conducta (diligencia, corrección, cortesía, presentación de escusas en caso de erro, e corrección dos efectos negativos de forma máis rápida posible).

RECOMENDACIÓNS

Cumprimento de legalidade antes exposta, así como a do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterouse o pedimento solicitado no ano 2008, e de novo, o 03/02/2009, 06/03/2009, 15/04/2009, 08/06/2009, 21/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

EXPEDIENTE 73/2008

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por non identificar ao conductor.

SITUACIÓN

O interesado ten cumprido as súas obrigas administrativas con rigor, domiciliado en tres domicilios diferentes en ano e medio, cumprindo cos trámites en Facenda, Permiso de conducir, Censo, etc.

Queixa presentada o 08/10/2008, con data 08/10/2008, solicitase o preceptivo informe que se reitera o 05/11/2008, e o 03/12/2008.

REFLEXIÓNS

Unha vez mais atopámonos co feito derivado da actividade administrativa, que revela unha falta de coordinación, medida esta sen a que non é posible acadar una xestión eficaz, áxil e efectiva.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterase o pedimento xa solicitado o ano anterior, e de novo, o 03/02/2009.

Con data 03/03/2009, recíbese escrito de Seguridade, Circulación e Transporte no que informa do seguimento en relación cos diversos cambios de domicilio, rematando que a tramitación do expediente ten sido correcta.

Do que se deu cumprida información ao interesado, o 04/03/2009.

Con data 04/03/2009, interesase información actualizada en relación coa resolución do expediente, e de novo, o 11/05/2009, 08/06/2009, 21/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

EXPEDIENTE 80/2008

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de Tráfico por mor de aparcar en medio da calzada.

SITUACIÓN

O interesado non está de acordo coa motivación xa que o aparcamento realizouse nunha zona fóra da calzada xuntamente con mais vehículos, zona en que é habitual o aparcamento, dato que graficamente expuxo nas dependencias de tráfico.

Queixa presentada o 10/11/2008, con data 11/11/2008 solicitouse o preceptivo informe, que se reitera o 10/12/2008.

REFLEXIÓNS

O cidadán non pode ser sometido a desculpas como a que se lle manifestou na súa visita as dependencias de tráfico.

“Veña outro día, que hoxe estou moi ocupado”, e cando voltou díselle “ xa non se pode” facer nada, xa recaiu resolución

Dise que a “fuxida do dereito administrativo resulta un fenómeno en progresión, e con el a imaxe da Administración cada día se esvaece un pouco máis, co que se dificulta a labor dos resortes garantistas do sistema. Para evitar que esta realidade se converta nun camiño do obstáculos insalvável, só procede repensar determinados aspectos claves das institucións, do tal xeito que se produza unha adaptación das mesmas a nova realidade social e administrativa, e, o mesmo tempo se perfeccionen os instrumentos que xa teñen o seu alcance (de Andrés Alonso).

RECOMENDACIÓN

O cidadán debe ser considerado con actuacións imparciais, xuntas e razoábeis. Ser atendido con dilixencia, corrección, cortesía e accesibilidade, e en caso de erro tense que corrixir os efectos negativos do xeito máis rápido.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterouse o pedimento informativo de 2008, e de novo, o 12/01/2009, 10/02/2009, 18/03/2009, 14/04/2009, 11/05/2009, 15/06/2009.

Con data 26/06/2009, recíbese escrito de Mobilidade no que se informa facendo un relatorio das actuacións levadas a cabo finalizando coa desestimación das alegacións feitos polo interesado, e aducindo que a actuación foi rápida, e que o cidadán foi atendido con dilixencia, corrección e cortesía e que as actuacións do axente municipal foran de presunción de veracidade que, posteriormente ratifica, presunción que non foi desvirtuada mediante a proba.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 30/06/2009, sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 86/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa sanción imposta por mor de non identificar o condutor, sen estar o vehículo en momento.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 28/11/2008, coa mesma data solicítase o preceptivo informe.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 26/01/2009, reiterouse o pedimento de 2008, e de novo, o 02/03/2009, 24/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 25/06/2009.

Con data 30/06/2009, recíbese exhaustivo informe de Mobilidade, incluído sentenza 210/2005 de xulgado C. A. N°1 de Vigo detallando as situacións relacionadas coa identificación do condutor. Do que se dá cumprida información á interesada o 01/07/2009. Sen mais actuacións.

EXPEDIENTE 87/2008

ASUNTO

Queixa en relación coas necesidades dunha liña de Vitrasa os domingos de todo o ano.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 01/12/2008, coa mesma data solicitase o preceptivo informe.

REFLEXIÓN

Do mesmo xeito que outros anos e con motivo dos festas do Nadal se puxo en funcionamento unha nova liña os domingos (C-2), non adoptándose a mesma medida este ano, e nembargantes se reforzan outros, estimase preciso que o reforzo se faga tódolos domingos do ano a vista de que o C-1, ten unha alta rentabilidade nas datas de domingo.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 26/01/2009 reiterouse o pedimento informativo do ano 2008, e, de novo, o 02/03/2009, 24/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 25/06/2009, 27/07/2009, 27/08/2009, 24/09/2009, 22/10/2009

EXPEDIENTE 89/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa transmisibilidade das licenzas de autotaxis.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 11/12/2008, con data 18/12/2008, solicítase o preceptivo informe.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 26/01/2009, reiterase o pedimento anterior, e, de novo, o 02/03/2009, 24/03/2009, 27/04/2009. con data 28/04/2009, recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que informa que as consideradas anomalías non son tales.

Do que se dan cumprida información ao interesado quen resposta unhas alegacións, indicando que, despois de nove meses, se lle da unha resposta incompleta. Destas alegacións dáse cumprido traslado a Concellería de Mobilidade e Segu-

ridade o 25/06/2009, 27/07/2009, 28/08/2009, solicitando información ao respecto, que se reitera o 24/09/2009, 22/10/2009.

EXPEDIENTE 90/2008

ASUNTO

Queixa en relación cunha multa de tráfico.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/12/2008, con data 18/12/2008, solicítase o perceptivo informe.

REFLEXIÓNS

As fotografías achegadas pola interesada, mostran que o motivo da denuncia non se axusta a realidade. De aí que se insta a que pola autoridade sancionadora se aporte de momento fotografía que sirva de elemento probatoria dos feitos cualificadores de sanción.

A dilixencia policial de emisión de informe concrétase a declarar que a “denuncia é correcta” é sabido que o procedemento administrativo supón, ou, a lo menos, ten que supoñer unha garantía, cunha verdadeira protección xurídica simple para os dereitos do administrado.

O interesado ten a facultade de aportar e propoñer cantos medios de proba considere necesarios para sustanciar a súa versión dos feitos incluída unha declaración do axente denunciante no que este non se limita a reafirmarse na denuncia, tal declaración ten que ser suficientemente motivada, non simples afirmacións subxectivas coas que vai decidir órgano que resolve, que parece ser que dun modo mecánico.

Se non existe motivación é evidente que non se respecta o sentir da actividade administrativa que ten, por esencia, a finalidade de promover o interese público, a desestimación de solicitudes sen motivación suficiente produce un quebranto do dereito do cidadán.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 26/01/2009 reiterouse o pedimento de 2008, e, de novo, o 02/03/2009, 24/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 25/06/2009, 27/07/2009, 28/08/2009, 24/09/2009, 22/10/2009.

Con data 27/10/2009 recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que informa tralo relato do procedemento, rematando que da fotografía existente non se deduce con claridade, que é certo o alegado polo recorrente, razón pola que se solicitou informe do axente que se ratifica no contido da denuncia, sen que polo interesado se presentase probas que acreditasen o manifestado nos seus escritos, e aludindo a sentenza 21/2008 do xulgado Contencioso administrativo nº 1 a Vigo sobre a ratificación do axente de denuncia. O que se lle comunica á interesada o 28/10/2009.

EXPEDIENTE 92/2008

ASUNTO

Queixa en relación cunha multa de tráfico.

SITUACIÓN

O vehículo foi sancionado por aparcamento en lugar prohibido, cando en realidade non existía ningún tipo de sinal ao respecto.

Queixa presentada o 17/12/2008, con data 23/12/2008, solicítase o preceptivo informe.

REFLEXIÓNS

Os datos que firman na denuncia non se corresponden coa realidade, existe un erro demostrado.

Resulta evidente a desvirtuación dos elementos probatorios proposto polo cidadán no seu escrito de alegacións que, sen fundamento quedan esquecidos.

RECOMENDACIÓNS

Revisión urxente do expediente, e declaración de nulidade do mesmo.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 26/01/2009 reiterase o pedimento de 2008, e, de novo, o 02/03/2009, 24/03/2009, 24/04/2009, 22/05/2009, 26/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 24/09/2009, 22/10/2009.

Con data 27/10/2009 recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que informa detalladamente o procedemento efectuado, concluíndo que “No expediente obxecto de informe é certo que se presentou escrito presentando alegacións antes de que se lle houbera iniciado en debida forma o procedemento sancionador polo tanto o mesmo era extemporáneo.

No obstante, cremos que efectivamente dito escrito puido terse en conta a efectos de identificar ao conductor independentemente de que non era o momento procesual adecuado para facelo por iso se inicia o proceso para proceder á devolución da cantidade cobrada”.

Do que se deu cumprida información á interesada o 29/10/2009.

Sen actuacións posteriores.

CAPÍTULO IV. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

EXPEDIENTE 10/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa ilegalidade que se está a cometer por mor do troco dos listaxes de revisión de material, que se pasaron do galego ao castelán, no parque de Bombeiros de Balaídos.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 01/02/2008, con data 07/02/2008 solicitase o preceptivo informe que se recibe o 26/02/2008 no que se indica as listaxes xa están en galego estándose a proceder a corrección dos mesmos para evitar erros no galego, do que se deu cumprida información do interesado o 28/02/2008.

Con data 20/05/2008, recíbese novo escrito do interesado no que comunica que a anomalía non está remediada e que xa houbo tempo para facelo, do que damos conta a Concellería competente, instando a adopción das medidas oportunas solicitando información actualizada ao respecto (21/05/2008).

Con data 10/06/2008 recíbese escrito do Servizo de Normalización lingüística no que informa que a lentitude do proceso débese a dificultade por atopar algúns dos termos específicos, xa que moito do vocabulario que se recolle nestas listaxes pertence a ferramentas de uso exclusivo do corpo de bombeiros. O que se traslada ao interesada o 10/06/2008.

Con data 14/10/2008, recíbese escrito do interesado no que indica que a situación de irregularidade segue presente, polo que o 16/010/2008, instase unha axilización da regularización así como información actualizada, a que se recibe 07/11/2008, indicando que xa se fixo a corrección correspondente, o que se comunica ao interesado o 10/11/2008.

Con data 19/11/2008, recíbese escrito do interesado ao que achega fotocopia dos listaxes dos vehículos de Teis e Balaídos, solicitando unha vez máis que se tomen as medidas oportunas para solucionar as deficiencias que seguen a manterse e qué se determina a responsabilidade sobre as mentiras e os atranques que se están a producir. Deste contido dáse traslado a Normalización lingüística quen o 02/12/2008, fainos chegar escrito no que indica que esta temática non é da súa competencia, e que polo tanto nos dirixamos ao Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS), ante esta resposta, totalmente improcedente, e tras dar cumprida información ao interesado, dirixímonos a Normalización Lingüística o 03/12/2008, indicándolles a obriga que se deriva do artigo 20 da Lei 30/1992. Con data 23/02/2008, recíbese escrito de Normalización Lingüística no que indica que se remite o expediente o SEIS.

REFLEXIÓNS

Obviamente recóllense no exposto anteriormente, ou ben non se coñece a normativa de obrigado cumprimento, ou si se coñece non se cumpre.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 20/01/2009, dirixímonos, solicitando información ao respecto, pedimento que se reitera o 23/02/2009.

Con data 18/03/2009, recíbese escrito da citada unidade no que informa que o cambio constante das relacións como consecuencia do cambio de material, fai

difícil o evitar que se cometa algún erro, dando traslado do informe ao departamento de Normalización lingüística do Concello.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 18/03/2009, estimando que o expediente pode darse por pechado.

Con data 22/05/2009, recíbese comunicación do promotor da queixa do que o listase de vehículo nº 5 do parque de Balaídos atópase unicamente dispoñible en español, do que se dá cumprida información ao Xefe do SEIS, interesando a normalización e información actualizada o 25/05/2009, que se recibe o 11/09/2009, e na que se indica que anomalía detectada xa se solucionou no momento en que foi detectada, do que se deu cumprida información ao interesado coa mesma data.

Sen actuacións posteriores.

CAPÍTULO V. PARTICIPACIÓN CIDADÁ

EXPEDIENTE 57/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa situación que está a pasar por las actuacións que se producen nun establecemento comercial que dispoñendo de licenza municipal para a venda de produtos dun país africano e locutorio telefónico realiza outras actividades non recoñecidas (venda de produtos alimenticios sen respectar as normas hixiénicas, actividades de cociña e restauración).

Os fins de semana e festivos pola tarde noite o local convértese en discoteca, cun elevado volume de contaminación acústica, até altas horas da madrugada.

Os festivos pola mañá na rúa en cuestión e zonas limítrofes organízanse competicións deportivas con molestias para a veciñanza, sendo respostados, en casos de reclamación, con groserías e ameazas.

Todas estas actividades teñen sido comprobadas pola Policía local, sen resultado positivo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 27/01/2008, con data 27/08/2008 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 07/10/2008, facendo mención de dúas visitas da Policía Local nas que se comprobaron a actividade musical sen licenza dándose parte a Urbanismo e Medio Ambiente. Do que se deu cumprida información ao interesado o mesmo día. Con data 18/10/2008, recíbese informe de Seguridade no que se indica que as actividades deportivas, dependen de Deportes. O 31/10/2008, dirixímonos a Participación Cidadá indicándolle que non existe queixa sobre tales actividades, si non sobre os demandados que provocan os participantes e ocupantes, petición que se reitera o 29/11/2008.

REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto que obviamente require a intervención de mais dunha Concellería, polo que se insta a Participación Cidadá a levar a cabo unha acción coordinada con efectividade por parte dos servicios afectados.

RECOMENDACIÓNS

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/01/2009, recíbese escrito de Participación Cidadá no que informa que dos datos proporcionados por Urbanismo que en 2006 autorizouse o cambio de actividade. Do que se deu cumprida información ao interesada interesado do mesmo información sobre a situación actual (09/01/2009).

Sen resposta e sen mais actuacións.

EXPEDIENTE 71/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa falta de desatención de que está sendo tratado o interesado

SITUACIÓN

Queixa presentada o 30/09/2008; solicitándose o perceptivo informe o 01/10/2008 o reiterándose o 29/11/2008.

REFLEXIÓNS

O interesado padece unha discapacidade do 39% precisando unha serie de actividades para a súa rehabilitación polo que acude a piscina municipal pública. O tempo que permanece nesas instalacións debe xustificarse ante a empresa a que está ligado laboralmente, sendo preciso que por parte do persoal competente de piscina municipal se lle espida o xustificante correspondente. Xustificaron que non se lle facilita.

Resulta evidentes que a colaboración necesaria non se lle presta o cidadán, denotándose, unha vez mais nesa falta de eficacia e de rendemento o que o cidadán ten dereito.

RECOMENDACIÓNS

As derivadas da lexitimidade a que debe responder a administración pública.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009, reiterase pedimento solicitado en 2008, e, de novo, o 10/02/2009. Con data 24/02/2009, recíbese escrito de Participación Cidadá achegando informe da Dirección do Instituto Municipal de Deportes, no que presenta desculpas, estimando que o tema xa estaría resolto, as complicacións veñen da empresa prestataria do servizo en relación coa xustificación que debería ter un documento da entidade na que traballa o cidadán indicando que o, procedemento de xustificantes quedará solucionado en datas vindeiras co sistema de acceso que se está a implantar así como outras consideracións.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 26/02/2009.

Con data 06/03/2009, recíbese escrito do interesado, facendo un detallado relato sobre a situación que segue sen resolverse e achegando un conxunto documental ao respecto. Como consecuencia o 16/03/2009, dirixímonos a Participación Cidadá, achegando a documentación remitida polo interesado e solicitando unha solución axeitada.

Con data 14/04/2009 recíbese escrito de Participación Cidadá ao que achega novo informe da Dirección do Instituto Municipal de Deportes no que indica que se ten reiterado as ordes oportunas a empresa prestadora do servizo para que se realicen os xustificantes correspondentes sobre a permanencia no servizo. Do que se dá cumprida información ao interesado o 14/04/2009, esperando que os xustificantes foxen cumprimentados.

Con data 27/04/2009, recíbese novo escrito do interesado solicitando nova intervención a fin de que se realice a atención adicional sobre a anulación de vinte pases, anomalía non solucionada por falta de dilixencia profesional por parte da empresa prestataria do servizo, indica ademais que non só se lle está a causar un prexuízo económico senón tamén un efecto na súa saúde ao non potenciarse a rehabilitación, regularmente prevista polo facultativo especialista. Do anterior deuse información a Participación Cidadá o 29/04/2009, aos efectos oportunos, reiterando o pedimento informativo o 30/05/2009 e o 26/06/2009.

Con data 21/07/2009, recíbese informe no que se indica precisións sobre os bonos da piscina, información que se traslada ao interesado o 22/07/2009.

CAPÍTULO VI. SERVIZOS XERAIS

EXPEDIENTE 28/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa increíble situación na que atopa un tramo de acceso o Hospital do Meixoeiro.

Existe un tramo de aproximadamente 15 m. de lonxitude e ancho do 3,5 mts., que non permite a circulación dun vehículo, formándose retencións que chegan até a ponte da subida o hospital o que impide o acceso dos autobuses urbáns obrigando os cidadáns necesitados das atencións do hospital a percorrer o último tramo a pé, carecendo de arcén e polo tanto o seu acceso tense que facer a pé e pola zona de vehículos.

Asemade o tramo citado atópase totalmente cuberto de maleza que endurece o desprazamento. Achegáronse fotografías da situación.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 27/03/2008, con data 21/04/2008, solicítase o preceptivo informe que se recibe o 20/05/2008, no que se indica que efectuadas as comprobacións e confirmada a súa viabilidade quedan pendentes da existencia da consignación presupostaría. O que se informa á interesada o 21/05/2008.

Con data 17/06/2008, solicítase información actualizada encarecendo unha solución áxil e eficaz dada a identidade do problema que se reitera o 24/07/2008 e o 29/08/2008, recibíndose escrito de Vías e Obras o 17/09/2008 no que informa para a redacción dun proxecto ao respecto e posterior execución cando exista consignación presupostaría, do que se deu cumprida información á interesada o 18/09/2008. Con data 31/10/2008 solicitouse información sobre o proxecto en cuestión, de novo o 29/11/2008.

REFLEXIÓNS

Os cidadáns teñen constitucionalmente recoñecido o dereito a protección da saúde así como a que esa protección se basee en procedementos eficaces.

As entidades locais interveñen na actividade dos cidadáns mediante a presentación duns servizos públicos que tenden a consecución dos fins que se lle asignan como competencia de ei que o cidadán teña recoñecido o dereito a que se lle presten os correspondentes servizos públicos que se derivan daquela faceta competencial, entre a que figura a conservación de camiños e vías rurais, mais aínda nun caso como o que nos ocupa, cal é a mobilidade de cidadáns que se ven necesitados de protexer a súa saúde.

RECOMENDACIÓNS

Impulso a solución de peticións como a de esta queixa que, por mor, dos procedementos lentos habituais, está a ocasionar serias dificultades aos cidadáns necesitados do coidado da súa saúde.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009 reiterase o pedimento informativo de 2008, e de novo, o 23/02/2009, 30/09/2009, 23/04/2009. Con data 05/05/2009 recíbese escrito de Vías e Obras no que informa que o 22/04/2009 solicitouse a Xunta de Galicia a cesión de 300 m² para facer o ensanche necesario. Do que se deu cumprida información á interesada o 05/05/2009.

Con data 09/06/2009, solicitouse información actualizada ao respecto, e de novo, o 22/06/2009. Con data 30/06/2009 recíbese escrito de Vías e Obras informando que aínda non se recibiu resposta da Xunta de Galicia, e que se reitera con data 24/06/09, do que se dá cumprida información ao interesada 01/07/2009. Con data 28/10/2009 reiterase información actualizada.

EXPEDIENTE 63/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa colocación de dous colectores de lixo na porta da vivenda. A interesada manifesta que no momento da colocación atopábase preto membros da Policía Local que lle indicaron os encargados da colocación dos colectores que alí non os podían colocar, en canto a Policía Local non estaba presente, os colectores foron colocados.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/08/2008, con data 02/09/2008, solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 07/10/2008, 04/11/2008 e o 03/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes. Con data 12/01/2009 reiterase o pedimento de 2008, e de novo, o 03/02/2009, 06/03/2009, 05/05/2009, 09/06/2009. Con data 29/06/2009, recíbese escrito desde Seguridade no que informa que segundo comprobación da Policía Local non se prexudica nin o acceso nin a saída da vivenda, non obstante trasladase o tema a limpeza por si houbera outra posible ubicación. Do que se dá traslado á interesada o 30/06/2009.

EXPEDIENTE 70/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa pasividade dos servizos de limpeza nunha veciñanza, situación que foi denunciada pola Asociación de Veciños xa en xullo de 2007 achegando fotografías que mostran o estado calamitoso da situación.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/09/2008, con data 29/09/2008 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 31/10/2008 e o 29/11/2008

REFLEXIÓNS

A vista das fotografías que obran no expediente, observase a acumulación de lixo, maleza cubrindo as beirarrúas, excrementos de animais, roedores e cheiros.

A realidade social, cultural, tecnolóxica e económica rachou definitivamente coas situacións singulares de relativo illamento polo que viña pasando a sociedade municipal.

A veciñanza ten recoñecido legalmente o seu dereito a utilizar, de acordo coa súa natureza, os servizos públicos municipais, esixindo a prestación dos mesmos.

Os concellos por vía legal teñen que asumir, entre outros, unha serie de servizos ou prestacións como a xestión e execución de parques e xardíns, protección do medio ambiente, servizo de limpeza, recollida e tratamento de residuos.

RECOMENDACIÓNS

Atención efectiva das obrigas antes citadas.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009 reiterase o pedimento do ano 2008, e de novo, o 23/02/2009, 24/03/2009, 23/04/2009, 21/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 27/08/2009, 28/09/2009. 02/12/2009.

CAPÍTULO VII. URBANISMO

EXPEDIENTE: 7/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa situación en que se atopa unha vía pública, a fronte dun cemiterio, sen cartel identificador algún con referencia as obras que se están a realizar obstruíndo constantemente a calzada con camións a tódalas horas sen permitir o acceso a veciñanza a súas vivendas.

SITUACIÓN

A interesada formulou unha queixa, recibindo desde Participación Cidadá un escrito de 12/12/2007 no que se indica que a súa queixa foi admitida a trámite e que no prazo de quince días recibirá resposta do departamento competente.

A vista de que tal resposta non chegaba formulou queixa ante esta oficina do Valedor do Cidadán o 16/01/2008, con data 18/01/2008 solicitouse o preceptivo informe a Vías e Obras quen con data 14/02/2008, informa que se deu traslado da solicitud a Disciplina Urbanística por ser de súa competencia. Do que se deu cumprida información á interesada o 15/02/2008.

Con data 21/02/2008, solicitouse información a Disciplina Urbanística que se reitera o 31/03/2008, o 07/05/2008, o 17/06/2008, o 15/07/2008, o 19/08/2008, o 19/09/2008, 21/10/2008, 20/11/2008.

REFLEXIÓNS

As intervencións como a que nos ocupa, obviamente repercuten na vida dos cidadáns próximos. Pero non é menos certo que tales medidas deben ir precedidas dunhas manifestacións en canto as molestias que se ocasionarán, así como da adecuación dos espazos para facer o menos penosas posibles as circunstancias da mobilidade dos afectados

RECOMENDACIÓNS

Cumprimento do dereito do cidadán a ser informado consecuentemente.

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Órgánico do Valador do Cidadán.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse por novena vez, o pedimento solicitado en 2008, e de novo, o 23/02/2009, 24/03/2009, 23/04/2009, 22/05/2009, 28/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 24/09/2009, 22/10/2009.

EXPEDIENTE 11/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa situación dun expediente de protección da legalidade urbanística iniciado xa fai anos que segue o edificio en cuestión sen axustarse a normativa vixente, sen que o Concello tome as medidas que proceden, e que máis ben parece que se está a espera de que se produza una prescripción.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 05/02/2008, solicitándose o preceptivo informe o 06/02/2008, reiterándose o 31/03/2008, 07/05/2008, 12/06/2008, 15/07/2008, 18/08/2008, 19/09/2008, 21/10/2008, 20/11/2008.

REFLEXIÓNS

Nun expediente xa cualificado hai anos como de ilegal, e polo tanto suxeito a reposición da legalidade urbanística, segue estando “a espera”.

A realidade ven a contradicir o disposto no artigo 10.3 da Constitución Española en canto as actividades de toda administración pública que teñan que estar presididas polos principios de eficacia, e con sometemento plena a lei e o dereito.

O artigo 3, da Lei 30/1992, repite o exposto na Constitución Española, e ademais indica que “igualmente deberán respectar na súa actuación os principios de boa fe e de confianza lexítima”.

O mesmo artigo explícita que ademais debe rexerse polos criterios de eficiencias o servizo dos cidadáns.

RECOMENDACIÓNS

Cumprimento dos principios legalmente establecidos, e anteriormente citados, así como co disposto no artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse, por décima vez o pedimento solicitado en 2008, en de novo o 23/02/2009, 24/09/2009, 23/04/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 24/09/2009, 22/10/2009.

EXPEDIENTE 16/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa instalación dunha antena de telefonía móbil que foi desestimada segundo expediente de urbanismo nº 33368/421 de 12/04/1999.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 22/02/2008, con data 25/02/2008 solicitase o preceptivo informe que se reiterou o 16/04/2008, o 07/05/2008, o 17/06/2008, o 15/07/2008, o 19/08/2008, o 19/09/2008, 21/10/2008, 20/11/2008.

REFLEXIÓN

Desde o 04/02/2008 en que segundo o documento 80013757, fíxose polo interesado un relatorio das actuacións ante o Concello, sen resposta algunha, e constando unicamente como actuación administrativa da Xerencia Municipal de Urbanismo a resolución de 12/07/1999 na que se desestima a solicitude de licenza (expediente 33368/421), no se coñece actividades administrativas ningunha, non obstante as solicitude do interesado na que se pon de manifesto o listado de saúde da súa dona que considera seriamente afectado polo funcionamento dunha antena que carece de licenza.

Por outra banda o interesado ten dereito a ser informado puntualmente das actuacións levadas a cabo en relación coa súa petición formulada, a última, o 04/02/2008, xa que ademais o cidadán ten dereito, a un medio ambiente saú-

dábel, o que obriga a administración a que se teña en conta o respecto e a súa protección, prestándolle asistencia informativa, e garantindo o principio de axilidade na tramitación e resolución das solicitudes de información e resolución das solicitudes de información ambiental, xa que nos atopamos nun suposto de emisións que poden afectar seriamente a saúde dos cidadáns. O perigo para a saúde dos campos electromagnéticos está cientificamente demostrado.

RECOMENDACIÓNS

Prestar a debida atención o caso que nos ocupa. Cumprimento da legalidade que dimana do dereito a ser informado o cidadán, e de que deriva o artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse por novena vez o pedimento solicitado en 2008, e de novo, o 23/02/2009, 24/03/2009, 23/04/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 24/09/2009, 12/10/2009.

EXPEDIENTE 33/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa construción dunha placa con tella e formigón.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 10/04/2008, con data 24/04/2008 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 20/05/2008, o 24/06/2008, 24/07/2008, 29/08/2008, 21/10/2008, 20/11/2008.

Con data 29/09/2008, recíbese escrito da X.M. Urbanismo-Infraccións ao que se achega informe da Inspección municipal d e21/06/2008, no que indica que se puido comprobar a realización de obras consistentes na construción dun galpón de nova planta sobre soleira de formigón. Este galpón, construído a base de paredes de bloques de formigón, en foscados interior e exteriormente, con cubrición de tella de cerámica sobre planchas de fibrocemento ten unhas dimensións d e2,30x4,30 metros e atópase recuada de lindeiros lateral e posterior 2.40 e 3,90 metros respectivamente.

A vista da cartografía municipal púidose comprobar que este galpón foi realizado en substitución de outro anteriormente existente que se atopaba adosado a lindeiro lateral.

A propietaria destas obras manifesta ter unha licenza de obras menores, para arranxo de muro existente e solado de cemento. Do que se deu cumprida información ao interesada o 25/09/2008.

Con data 20/10/2008, comparece o interesado e manifesta que o galpón que non está retranqueado está no plano na cuadrícula C0 (en roxo). O que se comunica a Urbanismo o 21/10/2008, achegando copia do plano e fotografía ao respecto, e instando unha acción eficaz así como información actualizada, que se reitera o 20/11/2008.

REFLEXIÓNS

A visita efectuada polo inspector municipal e de 21/06/2005, e comunicase dous anos despois, e o parecer a mesma non se corresponde coa obra obxecto de queixa. E de primeira necesidade actuacións axeitadas e puntuais, do contrario a eficacia non resulta fiábel.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse o pedimento de 2008, e de novo, o 23/02/2009, o 24/03/2009, 24/04/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 24/09/2009, 22/10/2009.

EXPEDIENTE 35/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa construción dun edificio de seis alturas.

SITUACIÓN

O interesado ten denunciado no Concello, desde o 29/01/2007, tres veces que as alturas da citada construción non se cumpren nas vertentes dunha escalinata, como tampouco nas de planta baixo teitado e o cumio do tellado.

Con data 21/08/2007 recibe escrito de Urbanismo no que se indica que se procede o arquivo das actuacións xa que os feitos denunciados non constitúen infracción urbanística.

Con data 23/11/2007 o interesado entrega no Concello escrito no que suliña o seguinte:

1) Ter procedido a comprobación das alturas na fachada que da a rúa..... mediante equipo láser, obtendo medidas que contradín o informe técnico do Concello, sendo estas as seguintes:

- Cota a planta 21,9 m., en vez de 21 m., indicados no plano.

- Cota entre planta e cumio 5 m., en vez dos 4 m., indicados no plano.

2) A vista da evidente contradicción entre as medidas do técnico do Concello e as existentes, e co ánimo de evitar posteriores actuacións na vía xudicial.

3) Tendo en conta ademais que se procedeu a instalación dun bosque de chemineas con altura excesiva.

Por todo interesa, se efectúe unha medición contrastada entre técnico municipal e outra de súa parte, e se procede a adopción de medidas de protección da legalidade urbanística.

Con data 15/04/2008, recíbese a queixa, e con data 24/04/2008, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 26/05/2008, 24/06/2008, 22/07/2008, 29/08/2008, 01/10/2008, 21/10/2008, 27/10/2008, 27/11/2008.

REFLEXIÓNS

O cidadán ten dereito a recibir unha resposta a súa petición co ánimo de evitar posibles controversias que transcendan o ámbito puramente administrativo.

RECOMENDACIÓNS

Cumprimento da legalidade informática a que ten dereito o cidadán. Así como do que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2009, reitéranse, por sétima vez, o pedimento informativo de 2008, e de novo, o 18/02/2009, 24/03/2009, 24/04/2009, 18/05/2009, 16/06/2009, 23/07/2009, 19/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

EXPEDIENTE 39/2008

ASUNTO

Queixa en relación cunha obra ilegal, lindando coa súa propiedade que a deixa sepultada, achegando fotografías.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 22/04/2008, con data 05/05/2008 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 17/06/2008, 15/07/2008, 19/08/2008, 19/09/2008, 21/10/2008, 20/11/2008.

REFLEXIÓNS

Non resulta unha actividade realmente eficaz a efectuada por Urbanismo, xa que en data 17/20/2007 a Inspección Municipal informa sobre a construción dunha nova planta sobre unha edificación existente.

A superficie da nova planta é aproximadamente de 55 m², a altura no cumio da cuberta é de 2,50 m. E no lateral é de 2 m.

Construíuse un porche duns 2,5 m², cunha escaleira de acceso a vivenda de 2,70 x 1,15 m.

Non localizándose ningunha referencia sobre a existencia de licenza para a dita obra.

E dicir, que un ano despois do informe oficial descoñecese a posta en marcha de medidas protectoras e restauradoras de legalidade urbanística, o que induce unha falta de eficacia e eficiencia.

RECOMENDACIÓNS

Axilidade nas tarefas de Protección da legalidade urbanística, e cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009 reiterouse por sétima vez, o pedimento realizado durante o ano 2008, e de novo, o 23/02/2009, o 24/03/2009, 23/04/2009, 22/06/2009, 24/07/2009 e 19/08/2009, 24/09/2009, 22/10/2009.

EXPEDIENTE 60/2008

ASUNTO

Queixa en relación co abandono polo que están a pasar por mor da falta de atención que lle está a prestar ao Concello.

SITUACIÓN

O interesado, en maio de 2007, solicitou a actuación correspondente pola realización dunha obra sen licenza, que consistía no peche dunha servidume de paso sobre unhas parcelas. Achegando fotografías da situación anterior e da actual. Desde Urbanismo dirixíronse a Vías e Obras, desde onde o remitiron a Policía Local. Posteriormente desde Urbanismo remítieno a Patrimonio para que se adopten as medidas axeitadas, o parecer a documentación, díselle, “dorme” por falta de efectivos.

A queixa preséntase o 29/07/2008, con data 31/07/2008 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 04/09/2008, o 08/10/2008, o 06/11/2008, o 03/12/2008.

REFLEXIÓN

Es evidente que estamos ante un suposto no que, unha vez mais, a coordinación non se lle presta a atención debida, segundo a Constitución Española e a Lei 30/1992, denominada Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

E necesario que na reorientación dunha Administración Pública, moderna e coherente se descentralicen os servizos, se coidan periodicamente os resultados e se contrastan, implántese, dunha vez, unha dirección profesional.

O sector público basease e céntrase na idea do interese público, tanto no orde descritivo como no normativo, o concepto de interese público reclama racionalidade, imparcialidade e benevolencia.

O cidadán non poder ser tratado como mero receptor ou usuario dos servizos públicos cun sentimento dunha baixa calidade dos mesmos. O cidadán debe sentirse consumidor, usuario e beneficiario do Sector Público, que pode servirse da Administración e non sr o seu servente (de Val Pardo).

O sistema operativo está a fallar en canto a atención do cidadán se refire, daí a necesidade de que alguén supervise a actividade da administración municipal a vista dos das deficiencias contrastadas no funcionamento dos servizos públicos; actitudes como a que nos ocupa demostran unha faceta da mala administración, e dicir cando non se obra de acordo cos principios ou normas as que se debe ater obrigatoriamente.

RECOMENDACIÓNS

Respecto os principios de eficacia, o eficiencia e coordinación. O traslado dos expedientes, sen demora, o órgano competente é fundamental.

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/02/2009 deuse traslado do expediente que se estaba a tramitar ante Patrimonio, a Urbanismo-Inspección de Obras, reiterándose o pedimento anterior o 06/03/2009, 14/04/2009, 11/05/2009, 21/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

EXPEDIENTE: 72/2008

ASUNTO

Queixa en relación cun local de hostalaría que carece da licenza preceptiva para a súa actividade e que está a causar ruído e cheiros que producen efectos nocivos a saúde da interesada.

SITUACIÓN

A Xerencia Municipal de Urbanismo dictou resolución (24/09/2007) resolven-do incoar expediente de protección de legalidade urbanística, e que un ano des-pois a situación segue a ser a mesma.

Con data 01/10/2008, presentada a queixa nesta oficina do Valedor do Cidadán, quen con data 07/10/2008 solicita o preceptivo informe, que se reitera o 06/11/2008, 03/12/2008.

REFLEXIÓNS

Resulta evidente que a axilidade nos trámites de protección de legalidade urbanística pódese poñer en evidencia. Sen descoidar a legalidade a Administración ten que actuar conforme a criterios de eficacia, máxime cando se trata de actividades que resultan, non so molestas, senón tamén insalubres. A saúde dos cidadáns e finalidade primordial de toda administración responsábel.

RECOMENDACIONES

Cumprimento da legalidade recoñecida na C.E. e na Lei 30/1992.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterouse o pedimento informativo de 2008, e de novo, o 03/02/2009, 06/3/2009, 14/04/2009, 05/05/2009, 10/06/2009, 21/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009, 14/10/2009, 19/11/2009.

EXPEDIENTE 75/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa solicitude en relación coa colocación de obstáculos na beirarrúa (bolardos, bloques de granito con arestas cortantes) que produciron un accidente, segundo consta en informe médico.

SITUACIÓN

O interesado solicitou a información correspondente en relación co permiso oficial sobre estes obstáculos o 02/05/2008, e o 20/08/2008. Consta nun escrito de Vías e Obras que indica que tales obstáculos non están amparados pola licenza nº.....

Con data 14/10/2008 presentase a queixa en cuestión e coa mesma data solicitase o preceptivo informe.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2009 reiterouse o pedimento informativo de 2008, e de novo, o 18/02/2009, 24/3/2009. Con data 27/03/2009 recíbese escrito de licenza de obras no que se informa sobre as obras menores realizadas e a delimitación da entrada dun portalón cos seus bolardos metálicos. Do que se deu cumprida información ao interesado o 30/03/2009. Sen actuacións posteriores

EXPEDIENTE 77/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa licenza de obras concedidas para restaurar unha praza pública.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 17/10/2008, con data 20/10/2008, solicítase o preceptivo informe en base as alegacións formuladas polos interesados, en novembro de 2007 referidas a:

- Apertura da nova rúa
- Titularidade de propiedade
- Ampliación da edificación proxectada.

Con data 28/06/2007, os interesados xa formularon recurso de reposición coas seguintes puntualizacións:

- Caducidade de licenza de obras e ilegalidade das obras realizadas o seu abeiro.
- Aproveitando público interior. Planeamento que define os aproveitamentos. Condicións do espazo público interior.
- Incumprimento da normativa NRE-CPI/96, en canto ao acceso á ruela dos Canos.
- Incumprimento das dimensións dos patios.

O referido recurso non foi respondido.

REFLEXIÓNS

O Urbanismo como función pública comprende, en sínteses, a Ordenación (planificación e regulamentación, a execución dos planes (transformación e conservación da obra pública urbanizada) e o control do uso do só, do voo, subsolo e de edificación (B-Ripoll Carulla).

O carácter público e administrativo da actividade urbanística esixe a participación dos particulares, graduada con diversa intensidade segundo a natureza do título co que aquelas comparecen. Nos regulamentos urbanísticos refórzase ou debe reforzarse notabelmente a participación cidadá en todo o seu percorrido aprobatorio, existindo un segundo trámite de información pública cando a primeira versión sofre cambios substanciais na fase posterior, esta participación non se reduce a posibilidade de formular reclamacións, senón que tamén comporta a presentación de suxestións.

Todo procedemento administrativo implica unha pluralidade de actos que xurisprudencialmente foron cualificados de actos instrumentarios, é dicir que careceu de substantividade propia á marxe da resolución, os actos de trámite e a resolución constitúen un todo complexo e, ao mesmo tempo, unitario (J.R. Parada), do mesmo xeito que a resolución poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas fosen ou non presentadas ou alegadas polos interesados.

En canto o tema da falta de resposta do recurso interposto no seu día, faise preciso sinalar que o recurso é un elemento de control de garantía cuxa finalidade e revisar un acto administrativo, a súa existencia ten unha longa carga histórica, cunha función de defensa da legalidade.

O principio de legalidade e de eficacia indican a obriga de resolver os recursos dos cidadáns, tal feito ven dado polo artigo 42.7 da Lei 30/1992. A razón de non responder ante unha solicitude é sinxela: a desestimación por silencio dunha petición non se considera un acto, e una ficción legal, para permitir ao cidadán o acceso ao recurso. Pero no tema que, nos ocupa concorre que non é a petición o que non se resposta, senón que o desleixo é ante o propio recurso, o que empurra ao cidadán a dirixirse á vía xudicial, con todo ao que iso comporta, rachando co fundamento do recurso, que non é outro, repetimos, que o carácter de control e garantía que permite revisa-los actos.

RECOMENDACIÓNS

Cumprimento da legalidade en canto as peticións informativas concretas dos cidadáns.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2009 reiterouse o pedimento informativo de 2008, e de novo, o 18/02/2009, 24/3/2009, 23/04/2009, 18/05/2009, 15/06/2009, 23/07/2009, 19/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

EXPEDIENTE 79/2008

ASUNTO

Queixa en relación coas obras de peche dun espazo ao redor das torres de García Barbón, espazo cedido pola promotora a cidade de Vigo.

SITUACIÓN

A interesada fai mención de que as citadas torres están baixo unha sentenza que as declara ilegais, tendo solicitado información desde maio/2008, sen resposta.

Queixa presentada, o 03/11/2008, con data 03/11/2008, solicitouse o preceptivo informe

REFLEXIÓN

Unha vez mais faise preciso recordar o dereito que teñen os cidadáns a ser informados en relación cos expedientes e documentación Municipal

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterouse o pedimento informativo de 2008, e de novo, o 10/02/2009, 18/3/2009, 14/04/2009, 11/05/2009, 15/06/2009, 23/07/2009, 19/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

EXPEDIENTE 83/2008

ASUNTO

Queixa en relación sobre a falta de información solicitada en decembro/2007 con referencia a un expediente de protección da legalidade urbanística por mor dunhas obras non axustadas a licenza concedida.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/11/2008, solicitándose na mesma data o preceptivo informe, que se reitera o 10/12/2008, e de novo o 10/12/2008, e de novo o 10/12/2008.

REFLEXIÓN

O cidadán ten dereito a acceder o contido do expediente por ser parte interesada no mesmo, resultando que esta a recibir un trato discriminatorio, ser tratado con dilixencia, corrección, cortesía e accesibilidade.

RECOMENDACIÓN

Cumprimento de legalidade sobre o tema do dereito a información,

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterouse o pedimento informativo de 2008, e de novo, o 10/02/2009, 18/3/2009, 14/04/2009, 11/05/2009, 15/06/2009, 23/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

CAPÍTULO VIII: XESTIÓN MUNICIPAL

EXPEDIENTE 76/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa denegación da execución da taxa pola recollida de lixo

SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/10/2008; con data 14/10/2008 solicitase o preceptivo informe, que se reitera o 29/11/2008.

REFLEXIÓN

A interesada manifesta reuni-los requisitos esixidos a tal fin; tras varias chamadas telefónicas feitos desde febreiro do ano 2008, informáselle que está pendente, así leva oito meses.

E necesario que as actuacións administrativas sexan tratadas dentro de prazos razoábeis, de xeito equitativo, e que as medidas sexan proporcionais ao obxectivo que se presentan.

RECOMENDACIÓN

Actuacións conforme os principios normativos de axilidade, eficacia e eficiencia.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/01/2009, recíbese escrito de Administración de Tributos. Lixo Vivendas, informe detallado da situación, que remata indicando que se traslada copia do informe ao Tribunal Económico Administrativo para os efectos que proceden.

Do que se dá cumprida información á interesada o 14/01/2009.

Con data 27/01/2009, solicitouse do Tribunal Económico Administrativo información actualizada ao respecto, que se reitera o 27/02/2009, 26/03/2009, 27/04/2009, 27/07/2009, 27/08/2009, 24/09/2009, 22/10/2009.

RESUMO ESTATÍSTICO

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL	1
- Estado Albergue Municipal	1
ÁREA DE MEDIO AMBIENTE	7
- Contaminación acústica	5
- Humidades procedentes exterior	1
- Falta acondicionamento dun local	1
ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE	8
- Sanción Tráfico	6
- Incidente Policía Local	1
- Reforzo liñas de Vitrasa	1
ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	1
- Troco listaxes material	1
ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ	2
- Establecemento comercial sen axustarse a normativa	1
- Falta atención no cumprimento dunha función social	1
ÁREA DE SEVIZOS XERAIS	3
- Acceso Hospital Meixoeiro	2
- Situación colectores lixo	1
- Estado calamitoso dunha veciñanza	1
ÁREA DE URBANISMO	12
- Obras sen licenza	4
- Obras con problemas legalidade	2
- Execución acordo protección	1
- Obras inadecuadas	1
- Deficiencias medición edificio ruinoso	1
- Actividade sen licenza	1
- Restruturac. Praza pública	1
- Obras peche en zona cedida	1
ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL	1
- Exención taxas lixo	1

TOTAL EXPEDIENTES**34****REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS***

URBANISMO	33,33%
MOBILIDADE E SEGURIDADE	24,24%
MEDIO AMBIENTE	17,27%
SERVIZOS XERAIS	9,09%
PARTICIPACIÓN CIDADÁ	6,06%
XESTIÓN MUNICIPAL	3,03%
BENESTAR SOCIAL	3,03%
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	3,03%

*Ordenados porcentualmente de maior a menor.

REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2008 CON INCIDENCIAS NO ANO 2009

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
88/2008	Estado de Albergue Municipal	26/01/2009	19/02/2009

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
14/2008	Contaminación acústica local de hostalaría	15/01/2009 12/02/2009 18/03/2009 14/04/2009 27/05/2009 26/06/2009 27/07/2009 28/08/2009 28/04/2009 18/09/2009 18/11/2009	
42/2008	Contaminación acústica provocada pola permanente actividade dun animal de compañía da veciñanza	15/01/2009 12/02/2009 18/03/2009 14/04/2009 11/05/2009	29/05/2009
46/2008	Falta de acondicionamento dun local de hostalaría	15/01/2009 18/02/2009 24/03/2009 23/04/2009 18/05/2009 01/07/2009	29/05/2009 08/07/2009
49/2008	Contaminación acústica	22/06/2009 03/08/2009 28/08/2009	18/09/2009
56/2008	Humidades por mor dun edificio lindeiro	15/01/2009 12/02/2009 18/03/2009 14/04/2009 15/06/2009	19/06/2009 20/11/2009

		22/07/2009	
		18/08/2009	
		14/09/2009	
		15/10/2009	
		16/11/2009	
81/2008	Contaminación acústica dunha terraza de hostalería	12/01/2009	15/09/2009
		10/02/2009	
		18/03/2009	
		14/04/2009	
		11/05/2009	
		15/06/2009	
		22/07/2009	
		18/08/2009	
		14/09/2009	
		15/10/2009	
		16/11/2009	
84/2008	Contaminación acústica e polución	26/01/2009	29/05/2009
		02/03/2009	
		24/03/2009	
		27/04/2009	

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

		PETICIÓN QUEIXA	RECEPCIÓN MOTIVO
INFORME	INFORME		
26/2008	Sanción de tráfico	22/01/2009	
		23/02/2009	
		24/03/2009	
		24/04/2009	
		22/05/2009	
		22/06/2009	
		24/07/2009	
		19/08/2009	
		24/09/2009	
		19/11/2009	
58/2008	Incidente coa Policía Local	12/01/2009	
		03/02/2009	
		06/03/2009	
		15/04/2009	
		08/06/2009	
		21/07/2009	
		18/08/2009	

		14/09/2009	
		15/10/2009	
		19/11/2009	
73/2008	Sanción de Tráfico	12/01/2009	03/03/2009
		03/02/2009	
		04/03/2009	
		08/06/2009	
		21/07/2009	
		18/08/2009	
		14/09/2009	
		15/10/2009	
80/2008	Sanción de Tráfico	12/01/2009	26/06/2009
		10/02/2009	
		18/03/2009	
		14/04/2009	
		11/05/2009	
		15/06/2009	
86/2008	Sanción de Tráfico	26/01/2009	30/06/2009
		02/03/2009	
		24/03/2009	
		27/04/2009	
		30/05/2009	
		26/06/2009	
87/2008	Reforzo liña Vitrasa	26/01/2009	
		02/03/2009	
		24/03/2009	
		27/04/2009	
		30/05/2009	
		26/06/2009	
		27/07/2009	
		27/08/2009	
		24/09/2009	
		22/10/2009	
89/2008	Transmisión licenzas taxi	26/01/2009	28/04/2009
		02/03/2009	
		24/03/2009	
		27/04/2009	
		25/06/2009	
		27/07/2009	
		27/08/2009	
		24/09/2009	

		24/10/2009	
		24/11/2009	
90/2008	Sanción de Tráfico	26/01/2009	27/10/2009
		02/03/2009	
		24/03/2009	
		27/04/2009	
		30/05/2009	
		26/06/2009	
		27/07/2009	
		28/07/2009	
		24/09/2009	
		22/10/2009	
92/2008	Sanción de Tráfico	26/01/2009	27/10/2009
		02/03/2009	
		24/03/2009	
		24/04/2009	
		22/05/2009	
		26/06/2009	
		27/07/2009	
		19/08/2009	
		24/04/2009	
		22/10/2009	

ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

		PETICIÓN QUEIXA	RECEPCIÓN MOTIVO
INFORME	INFORME		
10/2008	Troco de listaxes de material, galego o castelán	20/01/2009	18/03/2009
		23/02/2009	11/06/2009
		25/05/2009	

ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

		PETICIÓN QUEIXA	RECEPCIÓN MOTIVO
INFORME	INFORME		
57/2008	Establecemento comercial que non se axuste as normativas de urbanismo, medio ambiente e orde público	03/01/2009	
71/2008	Falta de atención no cumprimento dunha función social	12/01/2009	24/02/2009
		10/02/2009	14/04/2009
		16/03/2009	21/07/2009
		29/04/2009	

30/05/2009

26/06/2009

ÁREA DE SERVIZOS XERAIS

INFORME		PETICIÓN QUEIXA	RECEPCIÓN MOTIVO
28/2008	Situación de acceso ao Hospital do Meixoeiro	22/01/2009	05/05/2009
		23/02/2009	30/06/2009
		30/03/2009	17/12/2009
		23/04/2009	
		09/06/2009	
		22/06/2009	
		28/10/2009	
63/2008	Situación de colectores do lixo	02/12/2009	
		12/01/2009	29/06/2009
		03/02/2009	
		06/03/2009	
		05/05/2009	
70/2008	Estado calamitoso dunha veciñanza	09/06/2009	
		22/01/2009	
		23/02/2009	
		24/03/2009	
		23/04/2009	
		21/05/2009	
		22/06/2009	
		24/07/2009	
		27/08/2009	
		05/10/2009	
02/12/2009			

ÁREA DE URBANISMO

INFORME		PETICIÓN QUEIXA	RECEPCIÓN MOTIVO
7/2008	Obras nunha vía urbana con serios problemas para veciñanza	22/01/2009	
		23/02/2009	
		24/03/2009	
		23/04/2009	
		22/05/2009	
		22/06/2009	

	24/07/2009
	19/08/2009
	24/09/2009
	22/10/2009
11/2008 Execución acordo expediente protección de legalidade urbanística	22/01/2009
	23/02/2009
	24/03/2009
	23/04/2009
	22/05/2009
	22/06/2009
	24/07/2009
	19/08/2009
	24/09/2009
	22/10/2009
16/2008 Antena telefonía móbil sen licenza	22/01/2009
	23/02/2009
	24/03/2009
	23/04/2009
	22/05/2009
	22/06/2009
	24/07/2009
	19/08/2009
	24/09/2009
	22/10/2009
33/2008 Obras inadecuadas	22/01/2009
	23/02/2009
	24/03/2009
	24/04/2009
	22/05/2009
	26/06/2009
	24/07/2009
	19/08/2009
	24/09/2009
	22/10/2009
35/2008 Diferencias de medición nun edificio de seis alturas	15/01/2009
	18/02/2009
	24/03/2009
	24/04/2009
	18/05/2009
	16/06/2009
	23/07/2009

		19/08/2009
		14/09/2009
		15/10/2009
		19/11/2009
39/2008	Obras sen licenza	22/01/2009
		23/02/2009
		24/03/2009
		23/04/2009
		22/05/2009
		26/06/2009
		24/07/2009
		19/08/2009
		24/09/2009
		22/10/2009
60/2008	Obras sen licenza en servidume de paso	16/02/2009
		06/03/2009
		14/04/2009
		11/05/2009
		10/06/2009
		21/07/2009
		18/08/2009
		14/09/2009
		15/10/2009
		19/11/2009
72/2008	Actividade de hostalería, sen licenza previa	12/01/2009
		03/02/2009
		06/03/2009
		14/04/2009
		05/05/2009
		10/06/2009
		21/07/2009
		18/08/2009
		14/09/2009
		15/10/2009
		19/11/2009
75/2009	Obras en beirarrúa con problemas	15/01/2009 27/03/2009
		18/02/2009
		24/03/2009
77/2008	Licenza de obras concedida para a reestructuración dunha praza pública	15/01/2009
		18/02/2009
		24/03/2009

	23/04/2009
	18/05/2009
	15/06/2009
	23/07/2009
	18/08/2009
	14/09/2009
	15/10/2009
	19/11/2009
<hr/>	
79/2008 Obras de peche en zona cedida a cidade de Vigo	12/01/2009
	10/02/2009
	18/03/2009
	14/04/2009
	11/05/2009
	15/06/2009
	23/07/2009
	18/08/2009
	14/09/2009
	15/10/2009
	19/11/2009
<hr/>	
83/2008 Obras sen axuste a licenza	12/01/2009
	10/02/2009
	18/03/2009
	14/04/2009
	11/05/2009
	15/06/2009
	23/07/2009
	18/08/2009
	14/09/2009
	15/10/2009
	19/11/2009

ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL

INFORME INFORME		PETICIÓN QUEIXA	RECEPCIÓN MOTIVO
76/2008	Exención taxas recollida do lixo	27/01/2009	
		27/02/2009	
		26/03/2009	
		27/04/2009	
		30/05/2009	
		26/05/2009	
		27/07/2009	
		27/08/2009	
		24/09/2009	

PARTE IV

ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2009

INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de 86 expedientes correspondentes ás solicitudes de cidadáns formuladas no ano 2009 e que pertencen aos seguintes sectores:

Gabinete de Alcaldía	4
Cultura, Animación Socio-Cultural	4
Educación	4
Medio Ambiente	10
Mobilidade e Seguridade	26
Normalización Lingüística	1
Participación Cidadá	5
Promoción Económica Emprego	1
Servizos Xerais	4
Urbanismo	12
Xestión municipal	8
Outros	7
TOTAL	96

No ano 2009, mantivéronse activos expedientes promovidos pola cidadanía en anos anteriores. Algúns de estes expedientes (Medio Ambiente) datan do ano 2003, e outros do ano 2005. Unha vez mais faise preciso recordar que o principio de autonomía municipal non é incompatible co control de legalidade sobre o exercicio das súas competencias. Os métodos utilizados teñen que ser reformulados e actualizados.

O obxectivo principal desta memoria e polo tanto desta Institución é prestar a máxima atención ás situacións dunha deficiente xestión en numerosos casos.

Na Memoria de 2008, en todos os expedientes relativos os anos 2002, 2003, 2004 e 2005 fíxose a seguinte puntualización:

“ O 14/04/2008 remítese a Alcaldía e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións, relación e contido dos expedientes relativos os anos 2002, 2003, 2004 e 2005, indicando que de non reactivarse os mesmos daríase o carácter de pechados por falta de interese por parte das correspondentes Concellerías responsábeis e así se faría constar ante o respectivos interesados”.

De acordo co anterior pásase a explicitar o resultado tanto destes período (2002-05) como dos anos 2006, 2007 e 2008.

EXPEDIENTES SEN RESOLVER POLAS CONCELLERÍAS**PERÍODO 2002-2008: 73**

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	TOTAL
URBANISMO	2	2	4	11	8	7	10	44
MOBILIDADE E SEGURIDADE	-	1	-	-	2	4	5	12
PARTICIPACIÓN CIDADÁ	-	-	-	1	-	-	-	1
MEDIO AMBIENTE	-	-	-	1	4	3	2	10
XESTIÓN MUNICIPAL	-	-	-	-	-	-	1	1
SERVIZOS XERAIS	-	-	-	-	-	-	2	2
TOTAL	2	3	4	13	14	14	20	70

NÚMERO TOTAL DE EXPEDIENTES ANALISADOS: 549

% DE EXPEDIENTES SEN RESOLVER: 12,7 (*)

(*) Deste 12,7% o 62,9% pertencen á Área de Urbanismo.

EXPEDIENTES DE ANOS ANTERIORES ANALISADOS E CONCLUIDOS NO ANO 2009

ÁREA	ANO DE COMEZO DO EXPEDIENTE			TOTAL
	2006	2007	2008	
Benestar Social			1	1
Medio Ambiente	2	2	7	11
Mobilidade e Seguridade	5	1	9	15
Normalización Lingüística			1	1
Participación Cidadá		1	1	2
Servizos Xerais			2	2
Urbanismo		1	1	2
Total	7	5	22	34

EXPEDIENTES DO ANO 2009

CAPITULO I - GABINETE DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE 15/2009

ASUNTO

Solicitude de intermediación proposta pola Asociación de Comerciantes e Empresarios da Avenida da Florida e entorno en relación co proxecto de humanización previsto para aquela zona, interesando ademais se lle facilite o acceso a copia da acta da Xunta do Goberno Local celebrada o 13 de outubro de 2008.

SITUACIÓN

Con data 02/04/2009 dáse traslado do pedimento anterior.

Con data 20/04/2009, recíbese escrito do Gabinete de Alcaldía no que informa que dende a Alcaldía derivouse este asunto a Concellería de Vías e Obras, por tratarse de temas delegados polo Alcalde, sendo recibidos polas Concelleira o 20/02/2009.

En relación coa copia da acta da Xunta de Goberno Local de 13/10/2008 indícase que este tipo de actas están colgadas na web, para consulta dos cidadán. Non obstante, remítese copia da mesma.

Con data 29/04/2009, desde estas Institución dáse cumprida información o promotor da queixa.

Sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 34/2009

ASUNTO

Queixa en relación cunha solicitude presentada o 14/03/2008, sen resposta.

O promotor do expediente indícanos que tendo solicitada a Medalla do Traballo para as ostreiras da Pedra (en trámite) se debería como complemento da mesma, que na rúa Pescadería (rúa das ostras) se colocase unha placa na que consta que as ostreiras son “vigueses distinguidos”, figurando a súa entidade e a antigüidade da súa actividade.

SITUACIÓN

Con data 24/06/2009 o interesado presenta a súa petición e con data 02/07/2009, deuse traslado da mesma ao Gabinete de Alcaldía.

Con data 27/07/2009, recíbese escrito da Tenencia de Alcaldía no que informa que o 20/02/2008 solicitou a Medalla de Ouro ao Mérito no Traballo para as ostreiras da Pedra ante a Dirección Xeral de Traballo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais onde se está a estudar o nomeamento.

Por outra parte, na actualidade estase pendente de iniciar unha reforma na rúa Pescadería, obras que teñen como obxectivo principal resolver os problemas e incomodidades que xera á actual cuberta ás ostreiras. A reforma iniciarase ao remate do verán e será unha vez rematados as obras o momento no que podería instalar esa placa de recoñecemento ao súa labor. Farase todo o posible para que así, sexa xa que entendemos que as ostreiras son un referente da nosa cidade e un exemplo de dedicación, entrega, sacrificio e bo facer nunha profesión que mantén viva a esencia da tradición.

Desta información deuse cumprida notificación ao interesado o 27/07/2009, sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 39/2009

ASUNTO

A Asociación Veciñal “Camiño Vello”, de Coia, con data 03/07/2009, manifesta o seu desacougo por mor das obras de humanización de tres rúas do seu entorno, a tal fin teñen presentado cinco escritos sen recibir atención algunha.

A súa petición ven definida no seguinte detalle:

- mantemento de número de prazas de aparcadoiro actual, ou superábeis.

- calidade do material das obras igual o resto das obras que se están levando a cabo na cidade.
- as árbores e plantas que non sexan de tan alto carácter alerxénico.
- que non se elimine o dobre sentido da circulación nas súas afectadas.
- posibilidades de ensanchar as beirarrúas cara os xardíns de titularidade pública.
- remodelación da rede de saneamento e abastecemento do barrio para garantir un mellor servizo á veciñanza.

Ademais solicitar o acceso aos planos das obras que se están a realizar, xa os solicitaron a Concellería de Servizos Xerais-Vías e Obras sen recibir contestación.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 03/07/2009; con data 07/07/2009, solicitouse a mediación ante o Gabinete de Alcaldía, pedimento que se reitera o 25/08/2009, 24/09/2009. Con data 28/09/2009 recíbese escrito da Concellería de Servizos-Xerais Vías e Obras no que informa o seguinte

“1.- O anteproxecto das obras de Coia foi presentado pola Sra. Concelleira á presidenta da AA.VV nos locais da Asociación.

2.- O proxecto foi presentado en power point nunha asamblea na Asociación onde a Sra. Concelleira foi acompañada polo Concelleiro de Distritos e dous técnicos.

Este acto foi boicoteado (consentido pola presidenta da Asociación), polo que non deberon entesarse do que se lles aplicaba.

Tanto a Sra. Concelleira como os técnicos que acompañan foron insultados.

3.-Mediante unha solicitude de entrevista dirixida a Sra. Concelleira dunha veciña da rúa Marín, se deu a cita e apareceu una “comisión de afectados”, aos que non era posible explicarlles nada, pois “non querían entender”.

4.-Con posterioridade a isto, solicitan outra entrevista, que foi suspendida por que tiña que asistir a Sra. Concelleira á Deputación, se lles avisa que non

se pode celebrar ese día e se celebra o día 7 de xullo, a esta asiste a presidenta coa “comisión de afectados”.

Do que se dá cumprida información á interesada facendo mención de que na citada revisión celebrada o 07/07/2009, daríase a información solicitada (28/09/2009). Sen actuación actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 51/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa negativa a expedir unha licenza municipal en lingua castelán.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/09/2009, con data 21/09/2009, solicitase preceptivo informe, que se recibe o 16/10/2009, achegando resolución en castelán, que se remite ao interesado o 21/10/2009. Sen actuación posteriores.

REFLEXIÓN

A Constitución Española como factor de lexitimación do sistema e instrumento de interacción dos diversos grupos sociais supón unha aceptación global da filosofía política básica do texto constitucional por parte dos constituíntes, reflexo da múltiple e plural realidade social da que habían xurdido.

Como di E. Aja as constitucións democráticas modernas introducen, recollen e incorporan institucións e principios que responden e obedecen a intereses sociais diferentes, e inda contradictorios, sendo a súa inclusión posíbel gracias ao consenso constitucional, ao establecemento duns cuantos principios comúns e a instauración dunha canle aberta de modificación e troco na concreción dalgúns dos preceptos máis ambiguos da Constitución; ambigüidade que, en realidade, o dicir de Estaban Velasco, lonxe de configurarse como un aspecto negativo, presentase como “ unha característica positiva de sensibilidade coa situación real e de garantía práctica do valor normativo da Constitución”.

No seu artigo 3 establece no apartado 2, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, de 06/04/1981, no seu artigo 5 subliña no apartado 2, que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

No apartado 3, establece a garantía dos dous idiomas, e no 4 que ninguén poderá ser discriminado por razón de lingua.

A lei 30/1992, de 26 de novembro (Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común), no artigo 35.d. recoñece, como dereito dos cidadáns, a utilización das linguas oficiais no territorio da súa comunidade Autónoma, de acordo co previsto nesta Lei e no resto do ordenamento xurídico.

O artigo 36 do mesmo texto legal, indica que nos procedementos administrativos nas Comunidades Autónomas con dúas linguas, utilizarase a elixida polo cidadán.

O Parlamento Europeo por Resolución de 06/09/2001, aprobou o Código de Boa Conducta Administrativa, os seus contidos deberán ser respectados polas Administracións Públicas e os seus funcionarios.

No artigo 13 establece a información que o cidadán reciba deberase facilitar na lingua que corresponde ao cidadán.

A carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea determina no seu artigo 41 que toda persoa poderá dirixirse as institucións da Unión nunha das linguas dos Tratados e deberá recibir unha contestación na mesma lingua.

RECOMENDACIÓN

Respecto dos dereitos antes indicados

CAPITULO II - CULTURA E ANIMACIÓN SOCIO-CULTURAL

EXPEDIENTE 11/2009

ASUNTO

Queixa en relación co funcionamento dos buzóns (caixas de correo) para a devolución de libro fora de horario de apertura da Biblioteca Municipal; os cales están colocados de xeito que impiden o acceso aos mesmos.

Esta petición xa a formulou o interesado en decembro de 2008, sen resultado algún a data de presentación da queixa nesta Institución (26/02/2009).

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/02/2009; solicitándose o preceptivo informe o 02/03/2009, reiterándose o 01/04/2009.

Con data 17/04/2009 recíbese escrito da Concellería de Cultura e Animación Socio-cultural no que informa que as varandas situadas no andar baixo do exterior do edificio da Biblioteca Pública Central teñen sido rectificadas recortando a parte superior de xeito que se poida efectuar máis facilmente a devolución de libros a través da caixa de correo.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 21/04/2009. Sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 70/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa prohibición de desfrutar do Pazo de Castrelos (xardín) en determinada data.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 30/10/2009; con data 02/11/2009 solicítase o preceptivo informe ao Gabinete de Alcaldía desde o que se nos devolve o 20/11/2009, sen máis explicacións; por suposto sen ter en conta o disposto no artigo 20.1 da Lei 30/1992.

Con data 25/11/2009, reenviado a Concellería de Cultura, Animación Socio-Cultural e Festas, reiterándose o pedimento informativo o 18/12/2009

EXPEDIENTE 73/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa falta de atención na Biblioteca Pública

SITUACIÓN

Queixa presentada o 04/11/2009, con data 06/11/2009, solicítase o preceptivo informe

EXPEDIENTE 76/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa falta de atención prestada polo persoal do Instituto Municipal dos Deportes con referencia a reserva de pistas de frontenis.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/11/2009; con data 13/11/2009 solicítase o preceptivo informe da Concellería competente que se recibe o 24/11/2009 no que se indica que sempre foron atendidas as reclamacións formuladas, explicando as distintas opcións para poder realizar as actividades deportivas e que as pistas solicitadas estaban ocupados por mor dunha competición; e que a información correspondente a súa queixa estaba en correos a súa disposición, desde onde foi devolta por non ser retirada en tempo e forma.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 23/11/2009, quen o 22/12/2009, fainos chegar unha réplica extensa en relación coa información do Instituto Municipal de Deportes no que se rebaten as explicacións dada polo IMD, e rematando que das súas explicacións dedúcese o uso arbitrario que se fai das reservas das pistas contaría a normativa vixente e establecendo privilexios duns usuarios con respecto dos outros, e instando se requiran o IMD o axuste o seu funcionamento a normativa reguladora. Con data 28/12/2009, instase o IMD a ter en conta as normas axeitadas.

Con data 30/12/2009, recíbese novo escrito dos interesados plasmando novas irregularidades dos días 26 e 27 de decembro, do que se dá traslado a IMD coa mesma data.

CAPITULO III - EDUCACIÓN

EXPEDIENTE 8/2009

ASUNTO

Queixa en relación co desacougo que están a pasar os pais dos alumnos do C.E.I.P. O Pombal por mor do pésimo estado en que se atopan as instalacións e infraestructuras do citado centro escolar, téndose efectuado numerosas comunicacións, escritas e telefónicas, facendo xa cinco anos sen investimento algún.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 28/01/2009. Con data 12/02/2009, solicitouse o preceptivo informe a Concellería de Educación que se recibe o 16/03/2009 e no que se indica o seguinte:

“As competencias municipais no ámbito da educación céntranse fundamentalmente na conservación e mantemento dos edificios que albergan aos colexios públicos de infantil e primaria, segundo o indicado pola Lei Reguladora de Bases do Réxime Local (art. 25, parágrafo 2). Do mesmo xeito, a administración autonómica, a través da consellería de Educación, ten ao ser cargo as actuacións tendentes á reforma, ampliación e mellora destas infraestructuras públicas. Así, as principais demandas presentadas na queixa citada serían responsabilidade da Xunta de Galicia, segundo o establecido na normativa de aplicación (ademais da citada LBRL, a vixente Lei 2/2006 Orgánica de Educación).

A pesares destas circunstancias, o servizo municipal de Educación ten iniciado un estudio pormenorizado da situación das edificacións e demais soportes físicos dos colexios públicos de infantil e primaria da cidade, para unha adecuada actuación dende as administracións públicas. En primeiro lugar, a mediados do pasado ano 2008, concretouse o “Deseño do instrumento de recollida de datos e caracterización da situación material dos centros públicos de infantil e primaria do Concello de Vigo”, comentando nese exercicio a súa cobertura para 27 centros. No presente ano 2009

estase a traballar sobre os 23 centros restantes. Os traballos para a cobertura das fichas correspondentes ao citado instrumento de recollida de datos fundaméntanse na caracterización dos centros referida aos capítulos de Cubertas, Revestimentos, Carpinterías Exteriores e Interiores, Pavimentos e Peches dos centros.

Unha vez coñecidas as necesidades reais conxuntas da totalidade dos centros da cidade, poderanse establecer as correspondentes prioridades e liñas para o seu financiamento, todo vez que, de seguro, excederanse as posibilidades económicas da actuación municipal, polo que, coa formulación que mellor proceda (convenio de colaboración, convenio-marco plurianual, ...), as diferentes administracións públicas implicadas (nomeadamente Consellería de Educación da Xunta de Galicia e Concello de Vigo), deberán presentar e implementar o seguinte plan de actuación para a mellora dos centros públicos de ensino de Vigo, nos niveis de infantil e primaria.”

Do que se deu cumprida información aos interesados o 17/03/2009. Sen actuacións posteriores.

REFLEXIÓN

Da información anterior resulta unha dualidade de competencias. Moitos preceptos constitucionais precisan da acción das Administracións Públicas; moitas liberdades públicas esixen, para ser efectivas, o bo funcionamento da Administración, o primeiro interese do cidadán centrase en que as administracións presten eficazmente a gama de servizos que son da súa responsabilidade e competencia. Prestacións que va desde a axilidade na resolución de expediente e até a adopción de medidas pendentes a resolver os problemas da vida cotiá.

A calidade a axilidade e a rapidez, son as que favorecen a credibilidade.

Se a educación é un dereito constitucional que ten que ser axudado polos poderes públicos para que os centros docentes reúnan os requisitos que a lei establece (C.E. artigo 27), non é xustificábel que se produzan tantos atrasos nas reparacións máis elementais.

A maiores debese considerar o disposto, no artigo, 103 do mesmo texto legal cando impón unha actuación de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación con sometemento a lei e o dereito. Esta obriga ven reiterada no artigo 3 de Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no que ade-

mais impón o principio de corporación e colaboración entre as distintas administracións públicas, sen esquecer o detallado principio das relacións entre as distintas Administracións Públicas (artigos 4 e seguintes).

RECOMENDACIÓN

A específica estrutura constitucional dos intereses públicos, aos que serven as distintas Administracións Públicas, non pode ser alterada por competencias compartidas ou coincidentes, segundo se reflexa no artigo 25 da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local.

EXPEDIENTE 10/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa situación na que se atopan os colexios de Vigo, segundo manifesta a Asociación de Directores dos Colexios Públicos de Vigo, en especial con referencia a situación de cubertas, carpintería exterior, rede de abastecemento de auga, teitos, alumado, seguridade, etc.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 23/02/2009; con esa data solicitouse da Concellería de Educación o preceptivo informe, que se recibe o 16/03/2009 no que se indica o seguinte:

“As competencias municipais no ámbito da educación céntranse fundamentalmente na conservación e mantemento dos edificios que albergan aos colexios públicos de infantil e primaria, segundo o indicado pola Lei Reguladora de Bases do Réxime Local (art. 25, parágrafo 2). Do mesmo xeito, a administración autonómica, a través da consellería de Educación, ten ao ser cargo as actuacións tendentes á reforma, ampliación e mellora destas infraestruturas públicas. Así, as principais demandas presentadas na queixa citada serían responsabilidade da Xunta de Galicia, segundo o establecido na normativa de aplicación (ademais da citada LBRL, a vixente Lei 2/2006 Orgánica de Educación).

A pesares destas circunstancias, o servizo municipal de Educación ten iniciado un estudo pormenorizado da situación das edificacións e demais soportes físicos dos colexios públicos de infantil e primaria da cidade, para unha

adecuada actuación dende as administracións públicas. En primeiro lugar, a mediados do pasado ano 2008, concreouse o “Deseño do instrumento de recollida de datos e caracterización da situación material dos centros públicos de infantil e primaria do Concello de Vigo”, acometendo nese exercicio a súa cobertura para 27 centros. No presente ano 2009

estase a traballar sobre os 23 centros restantes. Os traballos para a cobertura das fichas correspondentes ao citado instrumento de recollida de datos fundaméntanse na caracterización dos centros referida aos capítulos de Cubertas, Revestimentos, Carpinterías Exteriores e Interiores, Pavimentos e Peches dos centros.

Unha vez coñecidas as necesidades reais conxuntas da totalidade dos centros da cidade, poderanse establecer as correspondentes prioridades e liñas para o seu financiamento, todo vez que, de seguro, excederanse as posibilidades económicas da actuación municipal, polo que, coa formulación que mellor proceda (convenio de colaboración, convenio-marco plurianual, ...), as diferentes administracións públicas implicadas (nomeadamente Consellería de Educación da Xunta de Galicia e Concello de Vigo), deberán presentar e implementar o conseguinte plan de actuación para a mellora dos centros públicos de ensino de Vigo, nos niveis de infantil e primaria.”

Do que se deu cumprida información aos interesados o 17/03/2009. Sen actuacións posteriores.

REFLEXIÓN

Da información anterior resulta unha dualidade de competencias. Moitos preceptos constitucionais precisan da acción das Administracións Públicas; moitas liberdades públicas esixen, para ser efectivas, o lo funcionamento da Administración, o primeiro interese do cidadán centrase en que as administración presten eficazmente a gama de servizos que son da súa responsabilidade e competencia. Prestacións que va desde a axilidade na resolución de expediente até a adopción de medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá(educación, sanidade, etc).

A calidade a axilidade e a rapidez, son as que favorecen a credibilidade.

Se a educación e un dereito constitucional que ten que ser axudado polos poderes públicos para que os centros docentes reúnan os requisitos que a lei establece (C.E. artigo 27), no é xustificable que se produzan tantos atrasos nas reparacións máis elementais.

A maiores debese considerar o disposto, no artigo, 103 do mesmo texto legal cando impón unha actuación de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación con sometemento a lei e o dereito. Esta obriga ven reiterada no artigo 3 de Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no que ademais impón o principio de cooperación e colaboración entre as distintas administracións públicas, sen esquecer o detallado principio das relacións entre as distintas Administracións Públicas (artigos 4 e seguintes).

RECOMENDACIÓN

A específica estrutura constitucional dos intereses públicos, aos que serven as distintas Administracións Públicas, no pode ser alterada por competencias compartidas o coincidentes, segundo se reflexa no artigo 25 da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local.

EXPEDIENTE 25/2009

ASUNTO

Queixa en relación co desacougo polo que está a pasar unha alumna da Universidade Popular na especialidade de “Bolillos” por mor das informacións sobre o traslado da sede da Institución.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 11/05/2009; coa mesma data solicitouse da Concellería de Educación o preceptivo informe que se reiterou o 22/06/2009.

Con data 28/07/2009, recíbese escrito da Concellería de Educación no que informa do seguinte:

“- En ningún momento se tomou neste Concello resolución, nin se iniciou expediente administrativo ningún, relativo á non continuidade dos estudos da Escola de Artes e Oficios en xeral, nin da especialidade de Encaixe de Palillos en particular. Ben ao contrario, o programa vixente foi aprobado na Xunta Rectora do organismo na súa sesión de 14/07/2008. O seu texto integro pode consultarse na web municipal www.vigo.org, no seu apartado Educación-Escolas Municipais-Escola Municipal de Artes e Oficios e vén ser desenvolto, tal e como se indica no parágrafo seguinte, para o vindeiro curso escolar.

- Xunta Rectora do Organismo Autónomo Municipal Escola de Artes e Oficios, de data 21/07/2009, tomou coñecemento da Convocatoria do desenvolvemento do Plan de Normalización Curricular para o curso 2009-2010, nas especialidades de Encaixe de Palillos, Moda e Confección, Repuxado en Coiro,

Ourivería, Debuxo, Escultura e talla en madeira, Pintura, Construcción Artesanal e Instrumentos Musicais (CAIM-Gaita; CAIM-Zafona; CAIM-Luthería antiga)

Xa que logo, non procede, ao noso xuízo, prover de información a maiores sobre este particular, máis alá da que procede de resolucións administrativas que garanten o normal desenvolvemento dos estudos e cuxo contido atópase doadamente accesible a todo o alumnado da Escola e do público en xeral.

REFLEXIONS

Non obstante o exposto anteriormente, pola parte de esta Institución enténdese que a alarma social que se ven acreditando polo persoal afectado segue sen unha resposta clara e pública ao respecto.

RECOMENDACIÓNS

As que derivan das reflexións anteriores.

EXPEDIENTE 31/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa peneira aplicada na selección de alumnos unha escola infantil.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 12/06/2009 o 12/06/2009; con data 18/06/2009, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 03/08/2009, e o 25/08/2009, 24/09/2009.

Con data 21/10/2009, recíbese escrito da Concellería de Educación no que informa que en todo momento respectouse a normativa vixente dentro dun procedemento normalizado no que a cidadá en cuestión podía exercer con plenas garantías o seu dereito a reclamación, sendo respondida de xeito suficiente en tempo e forma

por parte do Servizo de Educación do Concello de Vigo, tanto coa publicación das listas definitivas, fórmula que se recolle nas normas, como en resposta singularizada; e que a interesada durante o tempo que durou o proceso de solicitude para o curso 2009-2010 foi escoitada e informada persoalmente en diversas ocasións no Servizo de Educación, tanto polos técnicos da mesma como polo Concelleira delegada.

Do que se deu cumprida información á interesada o 22/10/2009

REFLEXIÓNS

As consideracións veñen nas alegacións feitas pola interesada.

Ten un fillo matriculado na devandita escola no aula de 2-3 anos. Para curso académico 2009/2010, solicitou praza para outro fillo, no aula de 1-2 anos en xornada de mañá.

Nos criterios de prioridade é ter un irmán matriculado na mesma escola cunha praza renovada. Este criterio non foi tido en conta, indicando que o curso remata ao 31 de agosto e até esa data son alumnos con praza renovada no centro. Nas condicións non se explícita que a dita renovación sexa para o curso 2009/2010. Ademais concorre que a renovación para o seguinte curso é efectiva co pagamento da matrícula que, polos prazos recollidos na normativa municipal, non será até o mes de xullo; co que as prazas renovadas son con efectos de matrícula 2008/2009. A solicitude de renovación non se fai efectiva até que non se formaliza o pago de matrícula, no caso contrario perderá a praza.

Na ordenanza municipal (nº23), indicase que o momento de matriculación é no momento do deveción das taxas, tanto de matrícula como de primeira mensuralidade.

Entendéndose que a efectos de baremación e adxudicación de prazas debe prevalecer a renovación feita para o curso 2008/2009 xa que o día de hoxe (09/06/2009) non hai outra.

Asemade o fillo tamén estivo matriculado na escola, na quenda de tarde durante o curso, polo que a renovación de matrícula e automática estando na baremación por enriba de quen chegue de fora, podendo elixir quenda.

Esto non se respectou co seu fillo.

RECOMENDACIÓN

Revisión axeitada do proceso de selección

CAPITULO IV - MEDIO AMBIENTE

EXPEDIENTE 4/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa frustración que está a pasar o interesado por mor da inactividade duns veciños como consecuencia do incumprimento, por la súa parte de resolución recaída o 23/10/2008 pola que se ordena a execución da limpeza dun camiño de servizo, como p responsábeis dun vertido de residuos sólidos contaminantes.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 20/01/2009; con data de 20/01/2009, solicítase o preceptivo informe, facendo expresa mención da resolución, entregada polo interesado de 23/10/2009, (expediente 5973/306). O pedimento anterior reiterase o 18/02/2009, e de novo, o 24/03/2009, o 24/04/2009, o 18/05/2009, o 22/06/2009, 23/07/2009, 18/08/2009

Con data 28/07/2009, comparece o interesado e fai entrega dunha copia da resolución de 30/06/2009, pola que se impón unha multa coercitiva por incumprimento da orde de execución sobre limpeza de terreos, dictada o 23/10/2008(e dicir oito meses antes).

Con data 24/08/2009, recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

“Como consecuencia desta última visita de inspección e do informe do funcionario municipal, dictei con data 30 de xuño de 2009 a seguinte resolución:

PRIMEIRO: *Impoñer a interesada e outros como responsables do verquido de residuos sólidos urbanos no camiño de servizo á altura do nº rúa, unha MULTA COERCITIVA DE 200,34 euros polo incumprimento da orde de execución ditada pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanida-*

de e Consumo de data 12 de febreiro de 2009, a fin de acadar a súa execución forzosa.

SEGUNDO: *Advertirle que esta multa poderá ser reiterada na súa contía ata lograr a completa execución do ordenado, se transcorrido o prazo de 30 días contado dende o día seguinte á notificación desta resolución, a orde de execución non se tivese realizado, e sen prexuízo de esixir perante os tribunais*

da orde penal as responsabilidades que procedan polo delito de desobediencia tipificado no artigo 556 do Código Penal.

TERCEIRO: Notificar esta resolución ao interesado, informándolle que a mesma esgota a vía administrativa e que contra ela poderá interponer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes desde o día seguinte á recepción da súa notificación, entendéndose desestimado polo transcurso de 1 mes sen ditarse e notificarse resolución expresa, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de 2 meses contados tamén a partir do día seguinte ao da recepción da respectiva notificación, ou calquera outro que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito.”

Con data 16/09/2009, dirixímonos a Medio Ambiente indicándolle que nesta oficina non se ten recibido comunicación algunha antes da recibida o 24/08/2009; as únicas comunicacións débense o interese do autor da queixa, que unha vez recibida a información desde esta oficina, comparece o 09/09/2009 e manifesta a situación segue a ser peor, toda vez que non só persiste o lixo na porta da súa vivenda, senón que ademais lle dificulta o acceso a mesma por mor do aparcamento dos coches dos veciños, de tal xeito que o 01/09/09. As 5 horas de madrugada necesitou a asistencia dunha ambulancia que tivo grandes dificultades para asistirlo e trasladalo ao Hospital do Meixoeiro.

Asemade declara que non so a situación e pola abundancia de lixo, agora tamén existen ratos e toupeiras, e indica que lle resulta penoso ver a pouca atención que se lle presta ao Valedor do Cidadán.

Do que damos conta a Medio Ambiente interesando unha axeitada e eficaz actuación que de lugar a unha coordinación por rendemento.

Con data 15/10/2009, reiterouse o pedimento anterior, e de novo o 17/11/2009. Con data 20/11/2009, recíbese informe de Medio Ambiente no que

indica a imposición, con data de 16/11/2009 dunha nova multa coercitiva por importe de 200,34 euros indicándolle que de non cumprir coas obrigas correspondentes reiterase a mesma. Do que se dá cumprida información ao interesado indicándolle que, en datas vindeiras solicitarase nova información o que se fai o 17/12/2009.

REFLEXIÓN

Estamos ante un suposto denunciado fai varios meses, sobre o que a Concellería de Medio Ambiente se ven pronunciando desde outubro de 2008; pero a eficacia e a axilidade na xestión, no se corresponde cos presupostos os que a cidadanía ten dereito, o non actuar coa dilixencia debida implica unha deixación de funcións.

A realidade dalgunhas actividades supera e quebra preceptos e normas que afectan aos cidadáns en función do espazo físico da súa vivenda, dereitos que non son atendidos e protexidos como debería ser, polo que se ven obrigados a padecer os efectos e actividades perniciosas e fora do mínimo grao de convivencia que require de actuacións áxiles e exemplarizantes.

RECOMENDACIÓN

Actuacións decididas e efectivas, en temas que afectan de xeito permanente aos cidadáns.

EXPEDIENTE 16/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa contaminación acústica e atmosférica pola numerosa presenza de gatos. O interesado ten presentado denuncias desde o ano 2006, téndose realizando unha inspección sen resultado de ningún tipo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/04/2009; con data 14/04/2009 solicitase o preceptivo informe que se recibe o 15/05/2009 en o que se indica o seguinte.

“Dado que o contido da denuncia se substancia basicamente nas molestias xeneradas por inquilinos do propio edificio do denunciante, esta admi-



nistración entende que o mesma deberá dirixir a súa queixa á comunidade de propietarios do edificio sinalado.

A Lei 49/60 de Propiedade Horizontal, no seu artigo 7.2 establece que:

“Ao propietario e ao ocupante do piso ou local non lle está permitido desenvolver nel ou no resto do inmueble actividades prohibidas nos estatutos, que resulten danosas para a finca ou que contraveñan as disposicións xerais sobre actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.

*O Presidente da Comunidade, a iniciativa propia **ou de calquera dos propietarios ou ocupantes**, requerirá a quen realice as actividades prohibidas por este apartado a inmediata cesación das mesmas, baixo apercibimento de iniciar as accións xudiciais procedentes.*

*Se o infractor persiste na súa conducta, o Presidente, previa autorización da Xunta de Propietarios, debidamente convocada ao efecto, poderá entablar contra él **acción de cesación** que, no non previsto expresamente por este artigo, se substanciarán a través de xuízo ordinario.*

Asimesmo, é de interese sinalar que no que respecta á alta mobilidade dos inquilinos ocupantes que denuncia a interesada, pode ser de aplicación o artigo 27 da Lei 29/94 de Arrendamentos Urbanos, no tocante ao incumprimento de obrigas:

“O incumprimento por calquera das partes das obrigas resultantes do contrato dará dereito á parte que cumpra as súas a esixir o cumprimento da obriga ou a promover a resolución do contrato de acordo co disposto no artigo 1124 do Código Civil.

Ademais o arrendador poderá resolver de pleno dereito o contrato polas seguintes causas: e) cando na vivenda teñan lugar actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas”.

Como se pode comprobar, o obxecto da denuncia entra directamente no ámbito da comunidade de propietarios do edificio, quen ten a facultade de requerir aos inquilinos que molestan para a cesación da actividade denunciada.”

Do que se dá cumprida información ao interesado o 20/05/2009. Sen intervencións posteriores.

REFLEXIÓNS

Faise preciso subliñar a axilidade e prontitude na resposta por parte da Concellería

RECOMENDACIÓNS

Adopción de criterio en relación coa axilidade no tratamento do expediente

EXPEDIENTE 38/2009

ASUNTO

Queixa en relación cun establecemento dedicado a hostalería, sen licenza de apertura, que ten en funcionamento un forno, debaixo do dormitorio da interesada producindo unha calor insoportábel, así coma un cheiro e gases molestísimos ademais do funcionamento dos motores até as dúas da madrugada.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 02/07/2009; con data 21/07/2009; con data 21/07/2009 solicitase o preceptivo informe, e o 25/08/2009.

Con data 18/09/2009, recíbese informe de Medio Ambiente no que indica que desde o 07/09/2009, estanse a facer as xestións pertinentes coa Concellería de Urbanismo (certificacións técnicas que acrediten as condicións do local), en canto ao tema sobre rúidos de cadeiras e mesas xa deu parte a seguridade para que se efectúen as inspeccións pertinentes. Do que se deu cumprida información á interesada o 21/09/2009.

Con data 28/10/2009, solicitouse información actualizada ao respecto, que se recibe o 06/11/2009, indicando que se ten solicitado informe a Urbanismo, e tamén a Policía Local, do que se dá cumprida información á interesada o 10/11/2009, indicándolle que en datas vindeiras instarase información actualizada; o que se fai o 11/12/2009.

EXPEDIENTE 40/2009

ASUNTO

Queixa en relación co estado dunha finca lindeira coa súa propiedade que se atopa en situación de abandono, chea de maleza e animais (ratas e cobras) que se desprazan pola súa propiedade.

En 2008 recaiu resolución resolvendo a incoación de expediente da orde de execución polas deficientes condicións de limpeza, salubridade e ornato, pero que once meses despois non se ten realizado operación de limpeza.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 03/07/2009. Con data 22/07/2009, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 25/08/2009.

Con data 15/09/2009, recíbese informe de Medio Ambiente no que indica as dificultades para comunicarse co interesado, xa que non está actualizado o catastro.

Do que se dá cumprida información á interesada, indicándolle que se seguirá insistindo ante Medio Ambiente para que o procedemento se completa. Con data 19/11/2009, solicítase se fagan xestións ante o Rexistro da Propiedade.

EXPEDIENTE 42/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa contaminación acústica, procedente dun local de hostalería que lle está a producir serios padecementos aos seus fillos de corta idade.

SITUACIÓN

Este expediente xa ten emitida unha resolución da Concellería de Medio Ambiente de marzo/2009; e que non obstante persisten as molestias.

Con data 14/07/2009 recíbese a queixa, e con data 22/07/2009, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 28/08/2009, 30/09/2009, e o 28/10/2009; con data 20/11/2009, recíbese informe de Medio Ambiente no que indica que se ten

producido un cambio de titularidade, o que motiva a necesidade dunha nova medición sonométrica que se solicitou a Policía Local o 30/10/2009; do que se deu cumprida información ao interesado; indícaselle que en datas vindeiras solicítase información actualizada, o que se fai o 11/12/2009.

REFLEXIÓN

Ante situación como esta, e fácil concluír que, unha vez mais, a lexitimidade por rendemento non é frecuente no ámbito municipal.

Estase a dicir que “o ruído por fin fai ruído”; exemplo manifesto no recente sentenza do Xulgado Penal, nº 2 de Toledo, e a da Sala do Penal de Audiencia provincial de Barcelona (2009). Mais esta non é a solución do problema, xa que os poderes públicos son os responsábeis de garantir os dereitos dos cidadáns.

As autoridades municipais fomentan o respecto da dignidade de todos os cidadáns e a calidade da vida dos seus habitantes, sen discriminación algunha.

O artigo 18.2 da Carta Europea de Autonomía Local fai especial mención do problema da contaminación acústica. O 23.2 cita os instrumentos de avaliación da súa acción municipal, debendo ter en conta os resultados de dita avaliación; e no artigo 25.2 cítase o fomento da solución extraxudicial dos conflitos civís, penais, administrativos e laborais.

RECOMENDACIÓN

Faise preciso tomar as medidas oportunas, áxiles e eficaces que a normativa vixente impón as administración públicas.

EXPEDIENTES 43/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa grande cantidade de arbustos, matagueiras, silvas e restrollos coa proliferación de gatos, ratos e outras especies que existe na confluencia de dúas rúas.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 17/07/2009. Con data 22/07/2009 solicitase o preceptivo informe que se recibe o 24/08/2009 en no que se indica que se está a levar naquela zona nun proxecto de urbanización polo que o departamento de sanidade remitiu ao OSPIO (oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras) o expediente en cuestión quen o 07/08/2009 informa que vaise proceder de forma inmediata a limpeza dos terreos incluídos no ámbito do proxecto de urbanización en cuestión.

O que se lle comunica á interesada o 26/08/2009. Sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 53/2009

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción imposta por sanidade como consecuencia da situación na que se atopa unha finca

SITUACIÓN

Queixa presentada o 23/09/2009, con data 28/09/2009 solicítase o preceptivo informe.

Con data 08/10/2009, a interesada achega copia da resolución de 24/09/2009 pola que se rexeita o recurso de reposición. A vista do mesmo, con data 14/10/2009, diriximos a Medio Ambiente solicitando unha revisión por posibles erros de feito, indicando que a lexitimidade das corporacións locais tense que buscar pola vía dos rendementos.

Pedimento que se reitera o 29/10/2009. Con data 20/11/2009, recibe pormenorizado informe de Medio Ambiente, rebatendo as alegacións efectuadas pola interesada. Do que se lle da a mesma cumprida información.

REFLEXIÓNS

Segundo expón a promotora da queixa sería procedente que existise un escrito previo e denuncia, por outra banda a finca está inscrito conxuntamente cunha S.A., a que non se lle fixo notificación algunha na resolución remuneradora indicase “limpeza salubridade e ornato” con data 08/09/2009, a interesada solicita se

Ile comunique cales son os incumprimentos concretos coas denominacións anteriores.

Faise especial referencia a falta de atención debida polo Concello: as brigadas municipais sómente actúan unha vez ao ano (festas patronais grandes dificultades para o acceso de servizos elementais (bombeiros, ambulancias). O cidadán necesita ser considerado como tal, indicándolle solucións.

EXPEDIENTE 55/2009

ASUNTO

Queixa en relación coas obras de alcatranado realizadas na vía pública, sen adopción das máis elementais medidas de prevención de riscos laborais, achégase fotografía.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 27/09/2009; con data 30/09/2009 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 29/10/2009. Con data 16/11/2009, recíbese escrito da Concellería de Medio Ambiente indicando que o tema é de Vías e Obras a quen nos diriximos o 02/12/2009.

REFLEXIÓN

A ningún se lle esquece que os asfaltos son complexas mesturas de compoñentes químicos capaces de ocasionar danos os manipuladores.

Ao ser un produto viscoso con determinadas características pódese utilizar en diferentes actividades da construción pola súa versatilidade e fácil manexo.

Entre as desvantaxes materiais atópase a baixa durabilidade, en especial polos efectos das accións atmosféricas.

Entre os seus riscos atópase as irritacións do tracto respiratorio superior e dos ollos pola presenza de fumes, así como o seu posible carácter canceríxeno.

O manexo do asfalto quente pode ser causa de graves queimaduras, e desde o punto de vista toxicolóxico industrial é a irritación da pel, e dos ollos polos fumes da levada temperatura, que poden ser causa de dermatite e lesións similares o acne, así como queratoses, fotosensibilización e melanose.

Outras posibles afeccións poden ser de tipo traqueobronquial e pulmonar, existindo estudos daneses o cancro de pulmón aumenta nos operarios de alcatrán.

Da fotografía achegada coa queixa comprobamos un total incumprimento das medidas preventivas, recollidas na normativa vixente (R.D. 1124/2000, e R.D. 349/2003).

RECOMENDACIÓN

Vixilancia efectiva da inhalación de estas sustancias e utilización dos equipos previstos nas normas de prevención: calzado, luvas, anteollos, protector respiratorio, casco, roupa impermeábel, pantalóns longos, camisa de algodón de manga longa etc.

EXPEDIENTE 64/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa contaminación acústica procedente dun local de música establecido no soto do seu edificio; con dúbidas sobre a existencia de licenza de actividade.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/10/2009; con data 26/10/2009 solicítase o preceptivo informe a Concellería de Medio Ambiente. Con data 20/11/2009, recíbese informe da Concellería indicando que efectivamente existe contaminación acústica segundo informe da Policía Local, e que de inmediato solicítase informe a Aseoría Xurídica con respecto as medidas a adoptar, ademais solicítase informe a Urbanismo en relación coa licenza de actividade. Do que se dá cumprida información ao interesado indicándolle que, en datas vindeiras, solicitarase nova información actualizada, o que se fai o 18/12/2009.

REFLEXIÓNS

Son de reiterar e ter presente as expostas no expediente 42/2009, xa que se refiren a un caso no mesmo edificio e que afecta por suposto a mesma familia.

EXPEDIENTE 84/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa contaminación acústica procedente de dous locais de lecer.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 16/12/2009, coa mesma data solicítase o preceptivo informe.

CAPITULO V MOBILIDADE E SEGURIDADE

EXPEDIENTE 5/2009

ASUNTO

Queixa en relación co trato despectivo que o interesado recibiu por parte dun conductor de Vitrasa que se negou a baixar a plataforma de autobús para facilitar o acceso ao mesmo o interesado portaba un carro de compra e ten acreditada unha minusvalía dun 76%; o incidente provocoulle unha crise de ansiedade. Solicitando as desculpas pertinentes de parte do conductor.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 20/01/2009; con data 26/01/2009, solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 02/03/2009, 26/03/2009.

Con data 21/04/2009, recíbese escrito da Concellería de Mobilidade e Seguridade, achegando copia do escrito da Xefatura de Explotación de Vitrasa indicando que se ten realizado un seguimento da situación; abríndose expediente informativo ao conductor en cuestión, e que se seguirá tomando as medidas correctoras a fin de que non se repitan actuacións como a que nos ocupa.

Do que se deu cumprida información ao interesado.

A vista do exposto, con data 24/04/2009, solicítase de Vitrasa información actualizada en relación co citado expediente informativo que se reabre o

12/05/2009, indicándose que se expedientou verbalmente o conductor recordándolle a súa obriga de atender os usuarios do mellor xeito posible, accionado tanto nos accesos coma nos descensos dos usuarios, coma en calquera outra situación facendo deste xeito un transporte colectivo mais accesible para todos.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 11/05/2009. Sen actuacións posteriores.

REFLEXIÓNS

As empresas concesionarias de servizos públicos deben prestar a correcta colaboración proporcionando o tratamento ao respecto e deferencia, con corrección, cortesía e accesibilidade, e en caso de erro, presentar as escusas, corrixindo os efectos negativos do xeito máis rápido posible.

EXPEDIENTE 12/2009

ASUNTO

Queixa en relación cunha multa por estacionar en parte da vía reservada ao tránsito de peóns nunha rúa.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 16/03/2009. Con data 18/03/2009 solicítase o preceptivo informe facendo constar que a detención do vehículo estimase en menos de dous minutos, débense a entrega dun medicamento para unha persoa enferma que reside no 2º piso da vivenda indicase ademais que tal servizo precisase periodicamente.

O pedimento informativo reiterase o 23/04/2009, 18/05/2009, 02/07/2009, 03/08/2009, 28/08/2009, 24/09/2009, 28/10/2009, 05/11/2009.

Con data 10/11/2009, recíbese escrito da Concellería de Mobilidade e Seguridade no que informa que o interesado abonou a multa acolléndose o beneficio do 30%; e que se le aplicou de acordo co principio de proporcionalidade a sanción en grado mínimo dentro do tramo legal previsto. O que se lle comunicou ao interesado o 13/11/2009; quen o 04/12/2009, comparece nesta oficina e fai entrega dun amplo dossié de informes médicos, dos que se reenvía copia a Concellería de Mobilidade e Seguridade solicitando unha revisión da súa resolución e a información actualizada ao respecto o 10/12/2009.

REFLEXIÓNS

Estamos ante un comportamento dun cidadán que ven definido por unha conducta activa nun estado de necesidade concreto e obxectivo e que é demostrábel. Este comportamento deriva dunhas condicións esenciais, e defínese como un pre-suposto básico dun estado de necesidade o que o exime de responsabilidade.

RECOMENDACIÓNS

As contravencións administrativas, non poden ser aplicadas dun xeito mecánico, con amaño a simple enunciación literal xa que se integran no supra-concepto do ilícito administrativo, cuxa unidade substancial é compatible tanto no ilícito administrativo como no ilícito penal, ambos necesitados dun comportamento humano positivo ou negativo.

EXPEDIENTE 17/2009

ASUNTO

Queixa en relación cunha multa por superar o tempo establecido na ORA, con carácter leve. Solucionando a situación mediante o pagamento na propia máquina expendedora, tras falar co vixiante da zona as 12,20 horas do día 23/12/2008.

Non obstante recibe unha comunicación do Concello coa carta de pagamento e co requirimento para identificar ao conductor por importe de 30 euros, procedendo a satisfacer a cantidade fixada na entidade bancaria que se lle sinalou e que obviamente o conductor era el mesmo cando, e como así consta, se procedeu o axuste na propia máquina expendedora tras falar co vixiante.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/04/2009. Con data 14/04/2009 solicitouse o preceptivo informe a Concellería de Mobilidade e Seguridade, pedimento reiterado o 18/05/2009, 19/06/2009. Con data 02/07/2009 recíbese escrito de Seguridade no que se informa que se procedeu ao arquivo do expediente orixinal e se procede a tramitar, o expediente pola comisión de infracción moi grave, por non identificar ao conductor (art. 72 e 79 do R.d. legislativo 339/1990).

Do que se deu cumprida información ao interesado, o 22/07/2009.

Sen actuacións posteriores.

REFLEXIÓNS

Non se ten en conta a presenza e constancia de identidade do interesado, propietario e conductor, cando se procedeu a regularización do exceso de aparcamento en presenza do vixiante da zona.

RECOMENDACIÓN

As implícitas nas reflexións anteriores.

EXPEDIENTE 18/2009

ASUNTO

Queixa en relación cunha multa por non mover o vehículo da súa propiedade de aparcado no lugar de traballo, así como o agravamento da mesma por non ter comunicado os datos do conductor dun vehículo estacionado.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 14/04/2009. Con data 14/04/2009, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 18/05/2009, 18/06/2009.

Con data 02/02/2009, recíbese escrito de Seguridade no que informa que se arquivou o expediente orixinal e procedeuse a tramitar o expediente pola comisión de infracción moi grave referida (artigo 72 e 79 do R.D. Lexislativo 339/1990).

Do que se deu cumprida información ao interesado o 22/07/2009. Sen actuacións posteriores.

REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto no que o cidadán por mor da falta de aparcamentos, pon en perigo o seu posto de traballo.

A Administración goza do privilexio da discrecionalidade, dentro duns límites legalmente, previstos, esta facultade debe desenvolverse ponderando en todo caso as circunstancias concorrentes ao obxecto de acadar a necesaria e debida propor-

ción entre os feitos imputados e a responsabilidade esixida, dado que toda sanción debe determinarse en congruencia coa entidade de infracción cometida segundo criterio de proporcionalidade.

Coa resolución dictada tense en conta a sanción menor (aparcar por enriba do autorizado) e nembargantes, aplicase a sanción maior (por non responder o requirimento da identidade do conductor). Faise caso dos motivos da demora no aparcamento, e non se presta atención algunha a que se podía facer unha pescuda na empresa para comprobar naquela data quen era o propietario-conductor, a vista das alegacións feitas, no seu día, polo interesado.

RECOMENDACIÓNS

Flexibilizar as actuacións en vistas das alegacións e probas aportadas polos interesados.

EXPEDIENTE 24/2009

ASUNTO

Queixa en relación cunha multa con dobre sanción por infracción de ORA, considerando ademais incoherente a petición de identificar ao conductor cando o vehículo atópase estacionado. Duplicándosele a sanción en dous días.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 07/05/2009, pedimento información o 11/05/2006 e reiterado o 29/06/2009. Con data 02/07/2009, recíbese escrito de Seguridade no que informa que se procedeu o arquivo do expediente orixinal e procedeuse a tramitar novo expediente pola comisión moi grave referida (art. 72 e 79 do R.D. legislativo 339/1990).

Do que se deu cumprida información á interesada o 22/07/2009. Sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 28/2009

ASUNTO

Queixa en relación cunha multa por aparcamento cando desempeñaba o seu traballo como comercial coa súa furgoneta onde transporta o mostraxe o que lle impide estacionar lonxe do lugar onde efectúa as operacións de carga e descarga, atopándose neste caso o vehículo no límite dunha parada de taxis.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/05/2009. Con data 14/05/2009, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 22/06/2009, 23/07/2009, 19/08/2009, 17/09/2009, 22/10/2009. Con data 06/11/2009, recíbese informe de Mobilidade indicando que las circunstancias que poderían atenuar a responsabilidade se tiveran en conta ao atenuarse a sanción ao grao mínimo. Do que se deu cumprida información á interesada o 13/11/2009.

REFLEXIÓNS

Estamos ante un novo suposto no que o interesado realiza un comportamento que se define como unha conducta activa nun estado de necesidade concreto: desempeñar a súa función profesional, un suposto obxectivo demostrábel, e que o axente de autoridade tiña que comprobar.

Estamos ante un presuposto básico dun estado de necesidade que se permite obrar en función da súa finalidade, que non é outra que o cumprimento dun deber, e o desempeño da súa ocupación laboral.

RECOMENDACIÓNS

Obrar de acordo cos criterios de proporcionalidade e necesidade

EXPEDIENTE 29/2009

ASUNTO

Queixa en relación con tres multas, no mesmo lugar, en tres días diferentes, sen ter recibido aviso das mesmas. Indica que as notificacións non foron o áxiles que deberían de ser non tivera cometido máis que a primeira.

O interesado indica que a multa do vehículo “multamóbil” deberíase notificar no acto as infraccións, e precisa que existen vehículos “multamóbil” en funcionamento que non teñen pasado a ITV, e que non consta xustificación nas fotografías. Nunha das fotografías aportadas resulta curioso que se procede a pintar a liña de prohibición despois da multa e xe fixa até o pé do paso de peóns sendo tamén alarmanante que os espazos da ORA tamén inclúen pintura até o mesmo paso de peóns. Achega fotografías destas infraccións, que a bo seguro que non foron sancionados.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 14/05/2009, con data 25/05/2009, solicitase o preceptivo informe que se reitera o 22/06/2009, 23/07/2009, 19/08/2009, 17/09/2009, 22/10/2009. Con data 06/11/2009, recíbese informe de Mobilidade no que relata o procedemento das sancións, que a falla de notificación da multa no mesmo acto foi desestimada por sentenzas do xulgado Contencioso Administrativo de Vigo. Do que se deu cumprida información ao interesado o 13/11/2009.

REFLEXIÓN

A administración ten que comunicar os seus posicionamentos en tempo e formas e dicir, con axilidade e eficacia, posicionamentos estes que non coinciden coa realidade deste expediente. A bo seguro de que facelo así, non se reiterarían as faltas, e polo tanto as sancións.

RECOMENDACIÓNS

As derivadas das reflexións anteriores

EXPEDIENTE 30/2009

ASUNTO

Queixa en relación cos inconvenientes que está a padecer por mor dos atrasos do servizo de Vitrassa; citando en concreto a liña C3 con saída desde o Alto de Encarnación.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 21/05/2009; con data 25/05/2009, solicitase o preceptivo informe que se reitera o 02/07/2009, 08/08/2009, 29/08/2009, 24/09/2009, 28/10/2009.

REFLEXIÓNS

As empresas concesionarias de servizos públicos deben corrixir puntualmente os efectos negativos da súa prestación a maior brevidade.

EXPEDIENTE 36/2009

ASUNTO

Queixa en relación cunha multa de tráfico por non ter identificado ao condutor sen ter sido notificado fidedignamente do correspondente requirimento, a sanción de tráfico que se lle atribúe e unha infracción suposta xa que a el non lle consta tal infracción.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 01/17/2009; con data 02/07/2009 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 03/08/20209, 28/08/2009, 30/09/2009, 29/10/2009. Con data 18/11/2009, recíbese informe da Concellería de Mobilidade e Seguridade, indicando que a interesada xa abonou a multa coa bonificación do 30%, o que xa non permite alegación nin reclamación algunha. Do que se dá cumprida información á interesada o 23/11/2009

REFLEXIÓNS

O condutor ten dereito a formular as alegacións no seu descargo por non estar de acordo coa sanción apelando neste suposto a un efectivo defecto de forma na comunicación, xa que a mesma non tivo lugar de acordo coa normativa aos efectos. Este defecto produce a nulidade do procedemento tendo que procederse ao arquivo do expediente. Dáse a posibilidade dun erro imputábel a Administración.

Existen sentenzas do Tribunal Contencioso nas que determinan que os Concellos deben realizar unha mínima labor indagatoria nos seus censos.

EXPEDIENTE 37/2009

ASUNTO

Queixa en relación cunha multa de Tráfico pro non identificar ao conductor, cando non ten sido notificado fidedignamente do correspondente requirimento, como responsábel dun vehículo co que se cometeu unha infracción de tráfico supostamente, xa que non lle consta tal infracción

SITUACIÓN

Queixa presentada o 01/07/2009; con data 02/07/2009 solicitarase o preceptivo informe que se reitera o 03/08/2009, 28/08/2009, 30/09/2009, 29/10/2009. Con data 18/11/2009, recíbese escrito da Concellería de Mobilidade e Seguridade indicando que o interesado xa abonou a multa con bonificación do 30%, o que xa non permite alegacións nin reclamación algunha. Do que se dá cumprida información ao interesado o 23/11/2009.

REFLEXIÓN

O conductor ten dereito a formular as alegacións no seu descargo por non estar de acordo coa sanción apelando neste suposto a un efectivo defecto de forma na comunicación, xa que a mesma non tivo lugar de acordo coa normativa aos efectos. Este defecto produce a nulidade do procedemento tendo que procederse ao arquivo do expediente. Dáse a posibilidade dun erro imputábel a Administración.

EXPEDIENTE 41/2009

ASUNTO

Queixa en relación cunha multa por pasarse do tempo da ORA, e recargo por non identificar ao conductor, considerando que o tempo permitido para estacionamento e insuficiente para a xente que traballa.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 06/07/2009, con data 22/07/2009, solicitou o perceptivo informe que se reitera o 25/08/2009, 24/09/2009, 28/10/2009, con data 06/11/2009 recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade facendo un relatorio do procedemento, e indicando que a multa por superar o tempo da ORA terminou xa

co pago coa bonificación do 30%, o que implica a renuncia a formular alegacións, e a terminación do procedemento sen necesidade de dictar resolución expresa.

E con respecto ao alcance da obrigaón de identificar ao conductor contida no art. 72.32 da LTSV, citase a sentenza de 21/12/2005 do xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, así como a doutrina do Tribunal Constitucional xa exposta en outros expedientes.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 13/11/2009 que se reitera o 25/08/2009, 30/09/2009, 29/10/2009. Con data 06/09/2009, recíbese escrito de Mobilidade no que indica que se está a tramitar o procedemento para a devolución de ingresos indebidos. Do que se dá cumprida información á interesada o 13/11/2009, indicando que en datas vindeiras solicitarase información actualizada.

REFLEXIÓNS

E frecuente a imposición de multas (300euros) por non identificar ao conductor incluso en supostos de vehículos aparcados (sen conductor) ben por superar o tempo (ORA) ben por estacionamento en lugar non permitido que a todas luces son realmente incomprensibles, máxime incluso cando as notificacións, fanse en domicilios incorrectos. Esta situación ten sido declarada como inxusta pola propia autoridade municipal.

EXPEDIENTE 45/2009

ASUNTO

Queixa en relación cun embargo relativo a catro multas de finais de 2007 e principios de 2008 por sancións que non lle foran regularmente notificadas xa que a súa dirección non se corresponde coa realidade; as comunicacións fixéronse a dirección distinta da que consta en documentos oficiais (censo, NIF e permiso de circulación).

Ademais indica que non se lle mostraron os documentos relativos as sancións iniciais.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 28/07/2009; con data 29/07/2009 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 25/08/2009, 30/09/2009 e 29/10/2009. Con data

06/09/2009, recíbese escrito ca Mobilidade no que indica que se está a tramitar o procedemento para a devolución de ingresos indebidos. Do que se dá cumprida información ao interesado o 13/11/2009, indicando que en datas vindeiras solicitarase información actualizada.

REFLEXIÓN

A interesada atópase nunha situación de indefensión, provocada por unha anotación de datos erróneos imputábel a Administración a que debe proceder, sen dúbida a anulación do expediente e conseguinte devolución da cantidade embargada.

RECOMENDACIÓN

A Administración ten a obriga de axeitar as súas actuacións a criterios de eficacia, boa fe e confianza lexítima.

EXPEDIENTE 46/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa superación de tempo sinalado dun aparcamento da ORA, en 20 minutos, tratando de satisfacer economicamente na mesma máquina o exceso, trámite que a máquina non lle permitiu; sendo posteriormente recargado a sanción por non identificar o conductor, o que considera unha trampa legal.

Indica ademais que, en ningún momento, lle foi comunicada a sanción.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 28/07/2009; con data 28/07/2009 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 25/08/2009, 30/09/2009, 29/10/2009 e o 05/11/2009.

Con data 10/11/2009, recíbese informe da Concellería de Mobilidade e Seguridade, no que pormenorízase o procedemento seguido facendo especial referencia a sentenza 210/2005 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. Do que se deu cumprida información ao interesado o 12/11/2009.

EXPEDIENTE 47/2009

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción por retirada dun vehículo dunha praza pública sen que existise sinalización en contra o que considere unha actuación improcedente polo que estima se lle debe reparar o dano causado.

Neste senso ten presentado catro solicitudes no Concello, todas nos primeiros días do mes de agosto.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/08/2009, con data 18/08/2009, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 24/09/2009, con data 18/11/2009 recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que informa do pagamento do expediente orixinal, quedando pendente de estudio, o enganche do guindastre, o que se comunica a interesado o 23/11/2009, indicándolle que en datas vindeiras instarase información adicional ao respecto.

EXPEDIENTE 48/2009

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción por aparcamento indebido.

O interesado estima que as alegacións formuladas ao expediente non foron tratadas adecuadamente.

- fotografía inoperante, non se ve nada.
- trámite de audiencia ao interesado incompleto

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/08/2009, con data 24/08/2009 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 30/09/2009, 29/10/2009. Con data 06/11/2009, recíbese informe da Concellería de Mobilidade e Seguridade, no que relata pormenorizado o procedemento levado a cabo e indicando expresamente que a proposición de probas non comprende un hipotético dereito a levar a cabo unha

actividade probatoria ilimitada, senón aquelas que sexan pertinentes, e abrindo a vía contencioso administrativo para o interesado. Do que se dá cumprida información ao interesado o 13/11/2009.

REFLEXIÓNS

Non se ten realizado unha labor indagatoria necesaria para verificar si o conductor está ou non ausente. As contravencións administrativas non poden ser aplicadas de xeito mecánico. O modelo de resposta ou resolución é claramente estereotipado e informa con falta absoluta de atención as alegacións con situacións xustificábeis, existencia de testemuñas que non se teñan en conta, ausencia de motivación de actos administrativos.

Os cidadáns ademais de sentirse protexidos requiren ser considerados como concidadáns.

A finalidade de procedemento administrativo é unitaria, con el protéxese a orde xurídica en primeiro lugar, e despois o dereito do particular, existindo incongruencias de procedemento ao non responderse as diversas peticións e argumentos e recursos.

A Administración está obrigada a facilitar os medios probatorios ou xustificativos do interesado que esta considere necesarios para sustentar a súa versión dos feitos. E se non se fai ou non se acepta, debe fundamentar a súa decisión de forma razoábel, cousa que non se fai neste expediente.

Toda desestimación de solicitude sen motivación suficiente produce, sen lugar a dúbidas, un quebranto do dereito do cidadán.

As cuestións formuladas polo interesado constitúen o contido mínimo de procedemento por canto ao resolverse polo órgano competente este poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas, fosen ou non presentadas ou alegadas por aquel.

RECOMENDACIÓNS

Dáse unha concorrencia de datos que se omiten non son verdadeiros outros que se sinalan, polo que debe ser tido por nulo o procedemento.

EXPEDIENTE 50/2009

ASUNTO

Sancións de Tráfico na zona delimitada como “ORA”.

A interesada manifesta a existencia de defectos de forma nas sancións impostos por quedar ao descuberto datos identificativos do propietario do vehículo co que se está a incumprir o disposto na LOPD.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 08/09/2009; con data 10/09/2009, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 29/10/2009. Con data 10/11/2009, recíbese informe da Concellería de Mobilidade e Seguridade que informa que se publican o acordo da Xunta do Goberno Local (18/07/2008) polo que se crearon dous ficheiros de titularidade pública:

- A) Vixiantes-Controladores (XER)
- B) Denuncias de xestión dos estacionamentos regulado, XER.

REFLEXIÓN

Revisión dos procedementos levadas a cabo en orde o disposto na LOPD, en canto a tipificación da finalidade do ficheiro. Situacións que poden dar lugar a nulidade de procedemento.

EXPEDIENTE 52/2009

ASUNTO

Queixa en relación cunha multa de tráfico por aparcamento indebido.

Trátase dunha cidadán de 74 anos de idade, que por mor dunha caída nunhas escaleiras dun edificio veuse obrigada por necesidade de acudir a urxencia hospitalarias no seu propio vehículo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/09/2009; con data 21/09/2009 solicitouse o preceptivo informe a Concellería da Mobilidade e Seguridade, que se reitera o 22/10/2009. Con data 10/11/2009, recíbese informe da Concellería de Mobilidade e Seguridade indicando que o expediente está pendente de resolución do recurso de reposición interposto. Do que se dá cumprida información á interesada o 13/11/2009.

REFLEXIÓN

A ter en consideración a relación coa situación que motivou a imposición da multa.

Atopámonos ante unha situación dun erro de prohibición fundamentado no feito de que existirá tal prohibición. Esta se a obras de boa fe, como excepción a normativa en cuestión, debido a unha urxencia médica, tal como se acreditou co informe da autoridade médica.

O que realiza unha conducta en estado de necesidade obxectiva non obra antixuridicamente, toda vez que actúa en situación de preeminencia xurídica.

Ten dereito a obrar así e pode esixir que ese dereito sexa respectado. En un caso no que se cumpre o presuposto básico do estado de necesidade e que polo tanto exímea de responsabilidade.

A discrecionalidade que se lle outorga a Administración na imposición de sancións debe ser ponderando as circunstancias concorrentes co ánimo de acadar a necesaria e debida proporción entre os feitos imputados e a responsabilidade esixida.

O feito causante é de tal evidencia probada que rexeitala podería supor unha desviación de poder, o estado de necesidade é máis que probatorio.

RECOMENDACIÓN

Revisión urxente das actuacións levadas a cabo.

EXPEDIENTES 56/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa carencia de tarifas especiais para os membros de familias numerosas



SITUACIÓN

Queixa presentada o 16/10/2009, con data 19/10/2009 solicitouse o preceptivo informe a Xefatura de Explotación de Vitrasa

EXPEDIENTE 66/2009

ASUNTO

Queixa en relación con unha sanción de Tráfico da que ten solicitado copia integra do expediente sen que se lle preste atención a que ten dereito.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/10/2009; con data 23/10/2009 solicitouse o preceptivo informe a Concellería de Mobilidade e Seguridade, quen nos informa o 18/11/2009, indicando que o expediente obra no departamento de Tesourería-Recadación; desde alí se nos informa o 26/11/2009 que con data 06/11/2009 se lle enviou o mesmo ao interesado; do que lle da cumprida información coa mesma data.

REFLEXIÓN

Faise preciso recordar o dereito que o cidadán ten a ser informado e ter coñecemento da tramitación dos procedementos e obter copia dos documentos que afectan ao expediente (Lei 30/1992, RD 208/1996, Código Europeo de Boa Conduta Administrativa).

RECOMENDACIÓN

Revisión das actuacións levadas a cabo

EXPEDIENTE 67/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa incorrecta situación en que se atopan varias paradas de Vitrasa.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/10/2009; con data 26/10/2009 solicitouse o preceptivo informe a Concellería de Mobilidade e Seguridade que se reitera o 18/12/2009.

EXPEDIENTE 69/2009

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por non identificar ao conductor.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 29/11/2009; con data 03/11/2009, solicitouse o preceptivo informe a Concellería de Mobilidade e Seguridade.

REFLEXIÓN

Teríase que atender se se acreditou o feito sancionado, se existe ou non ratificación do denunciante, e todos aqueles condicionantes que desvirtúen a presunción de inocencia.

EXPEDIENTE 74/2009

ASUNTO

Queixa en relación unha sanción de tráfico nun vehículo no que figuraba unha autorización para minusválido.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 04/11/2009; con data 16/11/2009 solicitase o preceptivo informe, que se reitera o 18/11/2009.

REFLEXIÓN

As circunstancias alegados pola interesada, en relación coa consecuencia de seu domicilio cando recibiu a notificación para identificación do conductor (ausencia debida a atención que ten que prestar a seus pais anciáns, e a nai

impedida) deberíanse ter en conta debido ao estado de necesidade alegado e xustificado.

EXPEDIENTE 75/2009

ASUNTO

Queixa en relación cun cobro indebido na máquina da ORA.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 06/11/2009, con data 16/11/2009, solicitouse o preceptivo informe, que se reitera o 18/12/2009.

EXPEDIENTE 79/2009

ASUNTO

Queixa en relación coas dificultades e perigos que soportan os cidadáns por mor do sentido de circulación imposto nunha rúa.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 4/12/2009, con data 10/12/2009 solicitase o preceptivo informe a Mobilidade.

EXPEDIENTE 81/2009

ASUNTO

Queixa relacionada cunha sanción de Tráfico non comunicada, que impide a renovación do permiso de aparcamento no Casco Vello.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 10/12/2009, con data 14/10/2009, solicitouse o preceptivo informe.

REFLEXIÓNS

Estamos ante un impedimento de Mobilidade producido por unha falta de notificación en tempo e en forma, dita falta e imputábel a Administración e polo tanto debe producir a anulación do expediente.

Por outra parte resulta curioso que o feito sancionado tivera lugar en xaneiro 2007, e a dilixencia de embargo realizase en novembro de 2009 é que pase cos prazos polos que se regula o procedemento.

EXPEDIENTE 83/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa renovación das tarxetas que regulan o acceso aos veciños do Casco Vello.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 14/12/2009, coa mesma data solicítase o preceptivo informe.

REFLEXIÓNS

Veñen recollidas na propia queixa presentada pola Coordinación do Plan Comunitario Casco Vello de Vigo.

A regulación actual fixa que para renovar a tarxeta do, residentes e imprescindible estar ao día en todos os pagamentos relativos ao Concello, si ben o programa URBAN requiría estar ao día no imposto de circulación. Tal medida de ampliación considerase carente de respaldo normativo e incluso coactiva para os cidadáns, os que rexeitaron tal imposición chegándose a situacións de elevada tensión.

Próxima a renovación para 2010 existe un elevado número, un tercio de residentes que por razóns de situación económica teñen altas dificultades para facer fronte a situación. Situación que debería terse en conta co ánimo de facilitarlle a situación, evitando así o agravamento das súas economías.

Sexan cales sexan as débedas os residentes teñen dereito ao acceso a súa vivenda sen coaccións en ningún sentido para a renovación das tarxetas, debe bas-

tar o requisito requirido cando se puxo en vigor o sistema: residente e ter documentación do vehículo en orde.

RECOMENDACIÓN

Urxente revisión das medias que se pretenden impoñer.

CAPITULO VI NORMALIZACIÓN, XUVENTUDE E IGUALDADE

EXPEDIENTE 33/2009

ASUNTO

Queixa en relación cos erros cometidos polas traballadoras do Centro de Información da Muller.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 23/06/2009; con data 23/06/2009 solicitouse o preceptivo informe que se recibe o 14/07/2009 e no que se indica co máximo detalle as xestións levada a cabo pola interesada, así como as atencións prestadas polo Centro de Información incluíndo a entrega do expediente administrativo da atención prestada.

Do que se deu cumprida información á interesada o 27/07/2009. Sen actuacións posteriores.

REFLEXIÓNS

Faise necesario facer mención especial da rapidez e da eficacia mostrada pola Concellería competente, tanto na amplitude da información como na axilidade na transmisión.

CAPITULO VII PARTICIPACIÓN CIDADÁ

EXPEDIENTE 35/2009

ASUNTO

Queixa en relación con dúas Concellerías:

Administración de Tributos

O interesado ven solicitando unha solución con respecto a taxa de lixo da súa vivenda, xa que se lle consideraba como dúas vivendas sendo en realidade unha.

Con data 11/02/2009, acórdase estimar a súa solicitude de execución do pagamento de lixo de vivendas en relación co recibo correspondente a vivenda determinada cun número X. A. O interesado presentou solicitude precisando que as condicións da súa vivenda co galpón anexo forman unha unidade familiar desde fai 50 anos, cun so contedor de auga , un so contador de luz, e un só contrato de gas butano, non tendo cambiado nada desde a súa primeira solicitude do ano 2004, e interesando a anulación dos outros dous recibos que o Concello sinala como OB y OC, interesando a devolución das cantidades cobradas por exceso, mediante embargo e pagar un só recibo.

Recibe resposta indicándolle que as alegacións expostas non se corresponden co acto administrativo notificado, e que, polo tanto, no prazo de dez días presente as alegacións que estime procedentes con dito acto de execución...

Transcorrido dito prazo sen presentar documentación, se lle terá desistido da súa solicitude.

Con data 03/06/2009, o interesado formula alegacións a comunicación de 25/05/2009.

Mobilidade e Seguridade

Indica o interesado que se sente acosado pola Policía Local por mor das sancións de trafico que lle foron impostas, citando tres expedientes, as que formulou escrito de alegacións.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 19/06/2009, con data 30/06/2009, solicítase o perceptivo informe, que se reitera o 03/08/2009.

Con data 07/08/2009, recíbese desde Participación Cidadá escrito ao que chega informe emitido por Administración de Tributos. Lixo Vivendas, explicando con detalle a situación fiscal da vivenda e concluído que as inscricións do Padrón Fiscal da Taxa de Lixo de Vivendas relativas aos obxectos tributarios da rúa en cuestión se consideran correctas.

Do que se dá literal información ao interesado o 18/08/2009; indicándolle que a queixa referida as actuacións por parte da Policía Local non tiveron aínda resposta, polo que, con data 18/08/2009 reitérase tal información ante Participación Cidadá, pedimento que se reitera o 16/09/2009, e o 15/10/2009, o 17/11/2009.

Con data 18/11/2009, recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade informando con detalle das sucesivas sancións impostos polos axentes de tráfico, algunha anulada, e o resto todas por superar os límites de velocidade mediante a utilización do radar. O que se comunica ao interesado, sen actuacións posterior, o 23/11/2009

EXPEDIENTE 61/2009

ASUNTO

Queixa en relación con diversas temas relacionados co ámbito municipal, desde o uso e abuso de xogos indiscriminados de pelota en xardíns e zonas públicas de descanso como as deficiencias de limpeza en parques e xardíns; trato incorrecto no departamento de Bens inmobles, outras de tráfico, Medio Ambiente, etc.

SITUACIÓN

Queixa presentada 21/10/2009; con data 22/10/2009, solicitouse o preceptivo informe a Participación Cidadá dada a variedade de temas diferentes que comprende a queixa petición reiterada o 04/12/2009.

Con esa mesma data recíbese informe de Vías e Obras sobre un dos casos formulados; do que se dá cumprida información ao interesado coa mesma data. Con data 04/12/2009 recíbese información relativa a Promoción Económico do que se

dá cumprida notificación ao interesado. Con data 18/12/2009 recíbese información correspondente ao IBI e seguridade, do que se dá cumprida información ao interesado o 22/12/2009. Con data 23/12/2009, recíbese nova información correspondente a Animación Socio Cultural do que se dá traslado, o 30/12/2009, ao interesado

EXPEDIENTE 65/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa situación do recoñecemento do abono social a efectos de execucións fiscais (IBI, vehículo).

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/10/2009, con data 26/10/2009, solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 20/11/2009, no que se detallan as resolucións os últimos anos. O que se lle comunica de inmediato. Con data 29/12/2009, o interesado comparece e detalla as diverxencias que estima conveniente, solicitando información o 29/12/2009.

EXPEDIENTE 72/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa falta de rigor de condutores de Vitrasa en canto o cumprimento das paradas segundo os paneis informativos

SITUACIÓN

Queixa presentada o 04/11/2009, con data 06/11/2009 solicítase o preceptivo informe a Participación Cidadá a vista da existencia previa, dunha comunicación dese Servizo de 21/07/2009, pedimento que se reitera o 04/12/2009.

EXPEDIENTE 85/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa situación de Federación Veciñal, que estima non se cumpren as obrigas que lle viñan sendo recoñecidas

SITUACIÓN

Queixa presentada o 22/12/2009, con data 28/12/2009, solicítase o preceptivo informe.

CAPITULO VIII PROMOCIÓN, ECONÓMICA E EMPREGO

EXPEDIENTE 21/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa declaración de “ non apto” no proceso de selección de persoal para o Programa de Inserción Laboral U.T.I.L.

O interesado ten recoñecida unha discapacidade psíquica do 33%, que lle afecta a súa personalidade pero non as súas capacidades de cara o emprego e a formación.

A súa orientadora laboral indícalle que esta experiencia vivida como un rexeitamento sentiu non ser valorado con xustiza porque a entrevista durou tres minutos de reloxo, co que non tivo oportunidade de resposta na primeira pregunta.

Pechado o proceso de selección o pai do interesado solicitou unha entrevista cos responsábeis do Programa para recibir unha explicación da brevidade da entrevista. As respostas nin foron claras nin afortunadas.

Con posterioridade chégalle unha citación para unha entrevista na Escola Obradoiro Vigozoo.

Por parte da Orientadora Laboral contáctase cun técnico Municipal da Concelleira solicitando se faga chegar ao representante do Concello no grupo encargado de selección de alumnos no grupo encargado da selección de alumnos da

Escola Obradoiro Vigozoo a información que se aporta ao obxecto de que se teñan en conta as peculiaridades do interesado para que adopten a entrevista a do interesado, explicando o acontecido no proceso de relación para o programa U.T.I.L.

Realízase a entrevista e o interesado sabe a través do taboleiro de anuncios que foi rexeitado no proceso de selección.

Coa mesma data o interesado solicita mediante instancia as razóns pola que se desestimou a súa candidatura. Sinálase que a lista de admitidos superaba ao número de presentadas, sendo dous rexeitadas.

Solicitou telefonicamente, dúas veces, entrevista co Sr. Concelleiro, sen reposta.

Posteriormente (27/01/2009) emítase reposta a súa solicitude que non se corresponde co órgano a quen se dirixiu; corresponde a Delegación Provincial da Concellería de Traballo da Xunta de Galicia, desestimando a reclamación do interesado, sen que en concreto se responde a pregunta formulada na solicitude-reclamación.

Con data 27/02/2009 formula nova solicitude no Concello, sen ter recibido resposta algunha (01/04/2009), o que estima unha desatención.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 16/04/2009; con data 21/04/2009, solicítase o preceptivo informe. Con data 08/05/2009; recíbese escrito de Participación Cidadá, achegando informe da Dirección Técnica do Programa UTIL, quedando á espera de recibir o da Escola Obradoiro Vigozoo.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 11/05/2009.

No informe citado indícase que o contido da entrevista desenvólvese de acordo cun cuestionario establecido para tódalas persoas beneficiarias. Inclúe unha serie de cuestións relativas ao posto, ás calidades persoais, ás actitudes cara o traballo, motivación iniciativa, interese, traballo e equipos e outras que repercutan no desenvolvemento do traballo.

Se ben o interesado responden ás preguntas, logo de analizar as súas respostas avalíase como “Non apto”, para participar do mesmo, que consisten na realización de obra civil e albanelería xeral. O traballo como peón de construción

implica un coñecemento pormenorizado das normas de prevención de riscos laborais e necesita dunha atención esperta, activa e iniciativa caso ao entorno, ao propio traballo, os/as compañeiros/as e ós oficiais, pro razóns obvias de seguridade.

Na entrevista ante as preguntas que se lle efectuaran, mostrouse distante, bloqueado, con pouca iniciativa, o que tal vez esta directamente relacionado coa súa minusvalía psíquica do 33%. Pero tamén con nula motivación e interese cara ao posto de traballo obxecto da relación (xa que as respostas foron do tipo “no se”, “no me atrae”). Ante este tipo de respostas e a súa actitude a duración da entrevista foi mais corta do habitual.

Indícaselle ao interesado que en canto se reciba o informe pendente daráselle cumprida notificación do mesmo.

Con data 18/06/2009, reitérase i informe pendente relativo o selección da Escola Obradoiro Vigozoo, que se recibe o 10/07/2009 indicándose que se desestima a reclamación efectuado polo interesado segundo informe do Grupo de Traballo Mixto da Concellería do Traballo da Xunta de Galicia. Do que se dá cumprida información ao interesado o 22/07/2009. Sen actuacións posteriores.

REFLEXIÓNS

A crecente complexidade do entorno social, obriga as organizacións públicas a un maior dinamismo e flexibilidade.

A orientación ao cidadá esixe unha administración mais resolutiva, e dicir preocupada por ofrecer mais solucións, e importantísimo que as Administracións Locais recoñezan e poñan en marcha mecanismo áxiles e eficaces na procura de orientacións reais con respecto aos cidadáns.

Toda medida que se adopta deberá ter en conta os factores relevantes; tense que tratar os temas deforma imparcial pero tamén equitativa, con proporcionalidade ao obxectivo que se persegue, con dilixencia, cortesía e accesibilidade.

CAPITULO IX. SERVIZOS XERAIS

EXPEDIENTE 62/2009

ASUNTO

Queixa en relación coas filtracións que se están a producir nunha vivenda por mor das obras municipais que se están facendo nunha rúa.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 19/10/2009, con data 20/10/2009, solicítase o preceptivo informe a Vías e Obras, que se reitera o 18/12/2009.

REFLEXIÓN

Tense que facilitan a solución dun dano non directamente procurado, e derivado dun exercicio dunha función administrativa, dano ocasionado no ámbito de organización municipal e como consecuencia dun funcionamento normal de seus servizos públicos.

RECOMENDACIÓN

Necesidade de actuacións presididas polos principios de axilidade e eficacia.

EXPEDIENTE 63/2009

ASUNTO

Queixa en relación coas facturacións últimas que se veñen facturando por Aqualia.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/10/2009; con data 26/10/2009 solicitouse informe preceptivo a Control de Concesionarias, indicando que a interesada contactou coa empresa concesionaria e que procedeu a unha comprobación de posibles avarías mediante un fontaneiro que lle acreditou que non existían anomalías. Na vivenda non se utilizan aparatos eléctricos para determinadas tarefas (vaixelas, roupa).

Con data 18/11/2009, recíbese escrito de Vías e Obras no que informa que Aqualia vai a proceder a reintegrar o exceso cuantificado en 48, 78 euros, do que se deu cumprida información á interesada o 22/11/2009.

EXPEDIENTE 77/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa facturación de Aqualia.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 23/11/2009, con data 30/11/2009 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 18/12/2009.

EXPEDIENTE 78/2009

ASUNTO

Queixa en relación co embargo por enganche a Seragua dunha vivenda. A interesada manifestou, no seu momento, que ela non ten solicitado ningún contrato de subministro coa empresa concesionaria e ten solicitado tal devolución xa que ela non é propietaria da vivenda en cuestión o que a sinatura que aparece no contrato non é a súa, o que considera unha falsificación.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 24/11/2009, con data 30/11/2009, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 18/12/2009.

RECOMENDACIÓN

Procura dunha aclaración fidedigna mediante a investigación sumaria que proceda.

CAPITULO X URBANISMO

EXPEDIENTE 3/2009

ASUNTO

Queixa presentada por unha comunidade de veciños en relación coa anulación (orde 16/05/2008) sobre a aprobación definitiva do expediente do PXOM, pola que se anulan os núcleos para a construción de vivendas unifamiliares, en determinados barrios.

Mantiveron xuntanzas (agosto 2008) formulándose que se adoptaría a maior celeridade no tratamento por parte da Concellería, no mes de outubro de 2008 celebrase outra xuntanza expoñéndose un borrador das zonas que se pretenden efectuar modificacións para someter a Xunta de Galicia, co compromiso de presentalas ao Pleno Municipal a maior urxencia posible.

A realidade e que a data de 12/01/2009, o tema aínda non se presentou ao Pleno, interesando información ao respecto.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 12/01/2009, coa mesma data solicitase o preceptivo informe, pedimento, que se reitera o 18/02/2009, 18/03/2009, 23/04/2009, 18/05/2009, 18/06/2009, 23/07/2009, 18/08/2009, 16/09/2009, 19/10/2009, 18/11/2009, 11/12/2009

REFLEXIÓNS

Os cidadáns teñan dereito a ser atendidos e informados en relación cos temas que lle afectan de xeito que os asuntos deben ser tratados dentro dun marco temporal razoábel, e ser escoitado antes de resolver; a mala administración, segundo o Código europeo de Boa Conducta Administrativa, e aquela que non, obra de conformidade coas normas e os principios aos que ten que aterse obrigatoriamente.

EXPEDIENTE 7/2009

ASUNTO

Queixa en relación cos Planos do novo PXOM que volveu a presentar o mesmo feito que xa se dera no Plan Xeral de 1993:

- non se recolleu as alegacións que se consideraron estimadas, segundo se demostra en documentos que se achegan; dándose unha sorprendente resolución.

- nas alegacións presentadas pídesse fundamentalmente o mesmo, mais algunhas non desestimadas.

O que implica unha falta de rigor na tramitación do actual PXOM.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 28/01/2009; con data 29/01/2009, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 02/23/2009. Con data 04/03/2009 recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo no que informa que o 20/01/2009 notificouse ao interesado o informe elaborado polos servizos técnico e xurídica como contestación a súa solicitude de información urbanística, e que o 22/01/2009, se lle remitiu a documentación requirida.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 04/03/2009. Sen actuacións posteriores

EXPEDIENTE 9/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa derruba dunha vivenda, e parte de cerramento exterior por mor do risco a causa do temporal.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 28/01/2009; con data 12/02/2009, solicitou o preceptivo informe que se reitera o 18/03/2009, 23/04/2009, 18/05/2009, 18/06/2009, 23/07/2009, 18/08/2009, 16/09/2009, 19/10/2009, 18/11/2009, 11/12/2009,

REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto que aparente unha falta de coordinación, e desatención por parte da administración máis próxima ao cidadán.

Unha finca na que se atopa unha pequena casa deshabitada, denunciada no seu día pola Asociación de Veciños, a vista da mesma procedeuse a realizar as tarefas de limpeza co correspondente, en tempo e forma.

O 27/01/2009, o propietario le no Faro de Vigo unha noticia con fotografía na que se contemplaban os restos dunha edificación nunha súa que semellaba ser á súa propiedade, na información indicábase que se procedeu súa derruba así como parte do cerramento exterior por mor dos riscos a causa do temporal. A vistas do que se achegou a zona sinalada e comprobou que xa non tiña casa.

Indagou sobre o acontecido, veciños, prensa e Concello onde solicita copia dos informes, aínda non recibidos, e se lle comunica que os bombeiros, ao ser unha casa abandonada e ante o risco de derruba procederon a realizar a mesma.

O sorprendente e que os técnicos da Concellería de Urbanismo estiveron aquela mañá (26 de xaneiro) na casa efectuando unha inspección a edificación concluíndo que non existía perigo de derruba, proba diso foi que non se adaptou ningunha medida cautelar (aviso a propietarios, limitación de tráfico, sinal de risco, etc.).

As preguntas xurdiu: entrada en propiedade privada sen autorización, existencia de informe técnico xustificativo quén ordenou a derruba, etc.)

RECOMENDACIÓNS

Adopción das medidas pertinentes, e información ao respecto.,

EXPEDIENTE 14/2009

ASUNTO

Queixa en relación co trámite dunha licenza de cambio de titularidade nun establecemento comercial cunha actividade cualificada de perigosa. Indicase que o Concello de Vigo tramitou a citada licenza sen dar conta da mesma a veciñanza afectada, entendendo que se trataba dun simple cambio de titularidade, coando o que realmente se produciu foi un troco de condicións.

Existe unha solicitude de Medio Ambiente ante Urbanismo interesando se a actividade se axusta a licenza concedida en 1999, así como si os traballos realizados se axustan o contido de autorización inicial da actividade, subliñando que con carácter específico tería que facerse referencia a execución das medidas correctoras subliñadas na licenza de 1999.

Requiríase ademais verbo do cumprimento da vixente normativa urbanística en relación coa actividade e en particular sobre a maquinaria, instalacións, sistema de evacuación de fumes e gases pola cheminea interior, e sobre o acondicionamento acústico.

Indícase que a interesada inspección non se efectuou por técnico algún, senón por un ordenanza non contestándose as cuestións solicitadas, facéndose alusión a unha cheminea que discorre independentemente das vivendas, cando o caso é que a cheminea vai paralela ao ascensor co perigo que supón no caso de incendio.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 30/09/2009; con data 01/04/2009, solicitase o preceptivo informe que se reitera o 04/05/2009, 04/06/2009, 02/07/2009, 18/08/2009, 16/09/2009, 19/10/2009, 28/11/2009, 18/11/2009, 14/12/2009.

REFLEXIÓN

Resulta unha falta de atención e axilidade e eficacia por parte de Urbanismo.

Non so afecta a temas de legalidade urbanística e a súa conseguinte disciplina; senón que maiormente, se obvian as posibles deficiencias medio ambientais tales como contaminación acústica, polución atmosférica e gases, así como posibles influencias agravantes en caso de incendio.

Abonda con recordar que o medio ambiente é un dos poucos bens xurídicos que a Constitución expresamente menciona como obxecto de protección e tutela penal. Así o artigo 45, onde se recoñece o triple frente de protección; civil, penal e administrativo. O que lle importa ao cidadán e o día a día o normal acougo cotián, o respecto cívico do que deriva o gosto de vivir na cidade, que e unha das aspiracións que avala a Constitución.

RECOMENDACIÓNS

Cumprimenta estricto das obrigas que a Administración ten co cidadá: unha administración receptiva, unha administración resolutiva. Somente así se acada unha xustificación por rendementos.

EXPEDIENTE 23/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa solicitude, presentada o 08/05/2008, para a realización dun peche tendo presentada a totalidade da documentación requerida, pagamento das taxas, e conformidade de informes, sen recibir respostas.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 21/04/2009, con data 21/04/2009 solicitase o preceptivo informe que se reitera o 23/07/2009, o 18/08/2009, 19/10/2009, 18/11/2009, 11/12/2009.

REFLEXIÓN

Nunha vez mais a falta de axilidade e eficacia ponse de manifesto.

A interesada ten realizado numerosas visitas as dependencias de Urbanismo onde sempre se lle di:

“en quince días terá a licenza”; esta demora esta lle a producir danos nos materiais adquiridos (cemento, area, etc).

Na última visita efectuada (17/04/2009) infórmanlle: “falta unha sinatura”, e así constantemente.

EXPEDIENTE 20/2009

ASUNTO

Queixa en relación cunha solicitude-denuncia da maior urxencia a fin de que se comprobe, mediante inspección técnica. Si existe ou non licenza para unha actividade industrial.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 11/05/2009, coa mesma data solicítase o preceptivo informe que se reitera o 18/06/2009, 23/07/2009, 18/08/2009, 16/09/2009, 19/10/2009, 18/11/2009, 11/12/2009.

REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto de claro abandono ante as inconveniencias e molestias que están a padecer uns cidadáns que teñen dereito a disfrutar da súa vivenda e ser protexidos ante as posibles ilegalidades cometidas nun acondicionamento.

EXPEDIENTE 26/2009

ASUNTO

Queixa en relación cunha denuncia por reformas nunha cuberta levando o tellado dunha vivenda, incoándose o correspondente expediente de protección da legalidade urbanística en outubro de 2007. En marzo de 2009 o interesado solicita información sobre o que esta a suceder, sen resposta.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 11/05/2009; coa mesma data solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 22/07/2009, 18/08/2009, 16/09/2009, 19/10/2009, 18/11/2009, 11/12/2009.

REFLEXIÓNS

Entre as boas practicas das administracións, entre outras, figura o tratamento dos asuntos dentro de prazos razoábeis e de xeito imparcial e equitativo.

O modelo Europeo de Excelencia fai mención específica da eficacia e á axilidade en orde a dar respostas axeitadas ás demandas do contorno.

RECOMENDACIÓNS

Todo organismo público ten que acadar a súa credibilidade a través dos rendementos.

EXPEDIENTE 27/2009

ASUNTO

Queixa en relación coas dificultades que se lle presentan a persoas afectadas de minusvalía para acceder a establecementos comerciais e de outra índole, accesibilidade que non se está a ter en conta nas chamadas obras de humanización.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 11/05/2009; coa mesma data solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 23/06/2009, 23/07/2009, 19/08/2009, 17/09/2009, 22/10/2009, 17/11/2009.

REFLEXIÓN

A necesidade de COTA CERO é unha evidencia, de sentido común, amplamente recollida nas Leis europeas estatais e autonómicas.

Así a Lei 9/1997, de 20 de agosto, e o Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución daquela na Comunidade Autónoma de Galicia.

Xa antes a Constitución Española, no seu artigo 49, sinala a realización de políticas de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos e psíquicos aos que se prestará atención especializada que requiran e os ampararán especialmente para o disfrute dos dereitos que a mesma constitución lle outorgue.

No ámbito local a Lei de Bases de Réxime Local (Lei 7/1985 de 3 de abril) no artigo 25.k, impón a obriga de prestar Servizos Sociais, e de promoción e inserción social.

Tamén a Lei 13/1982 (previamente xa establece competencias específicas para integración social destes colectivos (artigos 56 o 60) a previsión de plans de adaptación das vías públicas, accesos, aparcamentos, mediante a obriga de destinar un porcentaxe dos seus presupostos a tales fines.

RECOMENDACIÓN

Compartir e colaborar coa iniciativa privada en tarefas de integración social, asesorando, coordinando, planificando e participando economicamente.

EXPEDIENTE 57/2009

ASUNTO

Queixa en relación cun edificio a considerar como “conservábel”, no que se pretende instalar un ascensor que obrigaría a acurtar uns centímetros a escaleira e a adaptar a varanda ao novo oco resultante.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/10/2009; con data 19/10/2009 solicítase o preceptivo informe a Concellería de Urbanismo que se reitera o 04/12/2009.

REFLEXIÓNS

As manifestadas pola interesada que se refiren a que o seu marido so goza de visión nun ollo, un 5%, debido a un accidente; a realización das obras tal como se pretende impediríalle unha accesibilidade e seguridade diaria que polo de agora ven tendo:

EXPEDIENTE 68/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa falta de atención que lle ven ofrecendo a Concellería, en relación cunhas obras, realizadas sen licenza e ilegalizábeis, que se están a facer encostadas á súa vivenda.

SITUACIÓN

Queixa recibida o 28/10/2009, con data 29/10/2009 solicítase o preceptivo informe a Concellería de Urbanismo e Vivenda, que se reitera o 04/12/2009.

REFLEXIÓNS

Resulta decepcionante que o 19/09/2006 se dicte resolución acordando a incoación do expediente de protección da legalidade urbanística e que tres anos despois o promotor da queixa siga implorando a protección dos seus dereitos sen que se lle preste a atención debida.

Unha vez mais a validación da eficacia por rendemento deixa moito que desexar.

As Administracións públicas ademais de intelixentes teñen que ser receptivas e resolutivas. A observancia da realidade social será punto de partida ineludible de toda posterior consideración.

RECOMENDACIÓN

Aplicar o Código de Boa Conducta Administrativa: dilixencia, decisións en prazo razoábel.

EXPEDIENTE 71/2009

ASUNTO

Queixa en relación coa denegación dun expediente dunha obra declarada ilegal.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 02/11/2009; con data 4/11/2009, solicitase o preceptivo informe a Concellería de Urbanismo e Vivenda, que se reitera o 15/12/2009.

REFLEXIÓN

Estamos ante a petición dun expediente que non se pon de manifesto.

Tense que considerar que todos os cidadáns teñen dereito a petición individual (artigo 29 da Constitución Española); estas peticións son graciábeis non fundadas en dereito subxectivo, pero atendendo a normas específicas recoñecidas, a Lei 30/1992, non seu artigo 35.a) recoñece o dereito a coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que sexa interesado obter copias dos documentos contidos neles, no apartado g) cítase a obtención de información e orientación que as disposicións vixentes impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar, no apartado i) explíctase ao respecto a deferencia a que o cidadán ten dereito.

Desde outra perspectiva legal tense que considerar o disposto no Real Decreto 208/1996, de 9 de febreiro, que non seu artigo 2 explícita a información admi-

nistrativa relativa a identificación, competencia, estrutura, funcionamento de organismos e unidades administrativas, a referida aos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións imponhan aos proxectos, actuacións ou solicitudes cos cidadáns se propoñan realizar, a referente a tramitación de procedementos aos servizos públicos e prestacións, así como a calquera outros datos que aquelas teñan necesidade de coñecer nas súas relacións coas Administracións públicas, no seu conxunto ou con algún dos seus ámbitos de actuación.

A información xeral facilitarase obrigatoriamente aos cidadáns sen esixir para elo acreditacións de lexitimación algunha.

O cidadán ten dereito a que se removan os obstáculos, que impiden ou dificultan a súa plenitude, facilitándosele a participación na vida política, económica, cultural e social (artigo 9 da C.E.).

Por outra banda o Código Europeo de Boa Conducta Administrativa establece, entre outros, os principios de actuacións imparciais, xustas e razoábeis, así como a dilixencia, corrección, cortesía e accesibilidade, corrixindo os efectos negativos da forma máis rápida posible, decisións motivadas, etc, etc.

RECOMENDACIÓNS

A administración ten que ter un comportamento exemplar o que se acada mediante o cumprimento exquisito dunha das normas que ela mesma redacta e publica.

CAPITULO XI - XESTIÓN MUNICIPAL

EXPEDIENTE 2/2009

ASUNTO

Queixa en relación cunha notificación de embargo por estimarse impagas as taxas relativas ao IBI, recollida de lixo e matriculacións de varios anos.

Algúns destes recibos referéncianse nun domicilio no que fai máis de dez anos que non reside e, outros, referéncianse nun domicilio incorrecto, así indícase rúa de.....nº 4, escaleira 1-1D, cando o correcto é nº 4-6º D, ou ático.

O interesado xa manifestou no Concello que non ten inconveniente en satisfacer os recibos pendentes non satisfeitos pero estima, que non é responsábel dos recargas por un erro da propia administración xa que non foi debidamente notificado no seu momento.

Solicitou por escrito se lle notificase o historial dos seus enderezos, indicándose ao respecto que a súa dirección é a que se citou como correcta máis arriba o que lle produce gran desconcerto inquirindo unha explicación ao respecto e díselles, sen máis, que “dependendo do departamento, no Concello pode haber rexistradas distintas direccións nunha mesma data para o mesmo cidadán”. O que ven acreditar o causante do erro que ao non lle ser imputábel non se lle debe considerar como culpábel ao mesmo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 08/01/2009; con data 12/01/2009, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 18/02/2009; con data 03/03/2009, recíbese escrito de Administración de Tributos no que se informa o seguinte:

“En contestación o seu escrito de data 18 dos correntes con nº 18 de saída, no que se solicita remisión urxente de informe interesado en data 12-01-09 (nº 5 de saída), por non terse enviado a ese Valedor no prazo estipulado, esta Xefatura de Tributos informa

O escrito de 12-01-09- Doc.90003223 do que se denuncia a falta de contestación, non consta tivera entrada nesta Administración de Tributos, o que non xustifica a demora por parte do Departamento que o tivese recibido.



O interesado, mostra a súa sorpresa porque en algúns dos recibos dos Impostos de IBI, VTM ou taxa do LIXO, que lle foron reclamados en vía executiva, figura como domicilio fiscal Rúa , 12-2º, afirmando que fai mais de 10 anos que non reside no mesmo. Sen embargo, en data 6 de marzo e 31 de maio de 2006, enviou escritos como “suxerencia” e “Queixa” respectivamente, a oficina de Atención Cidadá por correo electrónico, no que él mesmo fai constar como enderezo Rúa , 12-2º. (Achéganse copias).

O domicilio que constaba no Padrón Municipal de Habitantes ata o 01-05-96 era rúa 12-2º, onde causou BAIXA POR NON TER RENOVADO O PADRON, ata que o 26-08-08 volve a empadroarse na rúa 4-6º D, procedente do Concello de Nigrán, (tamén se achega copia), enderezo que dende ese intre tense en conta na Base de Datos fiscais deste Concello, tal como se fai constar no informe emitido pola Xefa do Negociado en data 27-10-08, a petición do interesado, e que tamén se atopa entre a documentación.

No que respecta aos datos que figuran nos recibos do IBI como nº 4 +1 D, en lugar de 6º D, son os que a Dirección Xeral do Catastro utiliza nos seus datos para identificar os áticos (vivenda do interesado, como él mesmo recoñece na reclamación, que dí 6º D ou ático D), de igual forma que se utiliza -1 ou -2 para identificación dos sotos 1º ou 2º, pero que nada altera a autenticidade do obxeto tributario.

D. fai constar no seu escrito que non ten inconveniente en satisfacer os impostos pendentes sen recargo, por considerar que por erro da propia Administración, non foi debidamente notificado en período voluntario, cando de conformidade co disposto no art. 102 da Lei Xeral Tributaria, nos tributos de cobro periódico por recibo, unha vez notificada a liquidación correspondente a alta no respectivo rexistro, padrón ou matrícula, podrán notificarse colectivamente as sucesivas liquidacións mediante edictos que así o advirtan, tal e o caso dos recibos do Imposto de Bens Inmóveis, Vehículos de tracción mecánica e taxa de Recollida do lixo, obxeto da reclamación.

A vista do exposto, desexamos quede esclarecida a reclamación formulada polo contribuinte.”

Do que se deu cumprida información ao interesado o 04/03/2009. Sen actuacións posteriores.

REFLEXIÓN

Con obxecto de non rachar coa debida coordinación administrativa, os concellos teñen a obriga de realizar unha mínima labor indagatoria dos seus censos.

EXPEDIENTE 13/2009

ASUNTO

Queixa en relación co pagamento por segunda vez, e con recargo e intereses do imposto de circulación de vehículos, obriga que xa tiña cumprida en Madrid.

O interesado trasladou o seu domicilio a Madrid en 1995, onde no Concello lle informaron que si o cidadán ten pagado o imposto en cuestión noutro Concello cancelábase a debida, xa que é inconstitucional que se pague dúas veces o mesmo imposto. Circunstancia esta que parece ser que non se entende no Concello de Vigo, tivo que pagar dúas veces con recargo e intereses.

A vista da situación formula, as seguintes precisións:

- Díselle que se intentou a notificación da providencia de apremio no domicilio fiscal do interesado.

A Axencia Tributaria confírmalle que domicilio fiscal só existe un, e o seu está en Madrid desde 1995.

- Díselle que o domicilio fiscal estaba en Vigo en 1998.

- Chámalle a atención que a resolución desestimatoria do seu recurso está asinada polo Recadador executivo e polo tesoureiro, sen que ningún dos dous se identifique.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/03/2009, coa mesma data solicítase o preceptivo informe que se reitera o 23/04/2009, con data 26/05/2009, recíbese escrito da Tesourería-Recadación Executiva, no que informa o seguinte:

“Respecto da alegación do interesado de ter efectuado o pago dos impostos ao Concello de Madrid, con data 30-01-2009 o DEPARTAMENTO DE VEHÍCULOS

deste Concello de Vigo, responsábel da xestión e liquidación do imposto, remite INFORME, que se transcribe literalmente:

"En relación ás alegacións formuladas por el interesado, emítase o seguinte INFORME:

1. De conformidade co disposto no artigo 94 do RD 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, son suxeitos pasivos do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica as persoas a cuxo nome conste o vehículo no permiso de circulación. Na xestión deste tributo, hai que ter presente a concorrencia de dúas administracións na conformación do suxeito pasivo: a Administración Xeral do Estado (a través da Dirección Xeral de Tráfico e as Xefaturas Provinciais de Tráfico) e a Administración Local, que xestiona este imposto a partir dos datos que obtén de Tráfico.

Cabe citar a Sentenza 26/99 do Xulgado do Contencioso-administrativo de Barcelona, de 14 de outubro, onde se indica que " o suxeito pasivo vén determinado pola titularidade rexistral e non pola titularidade real, entendida como propiedade ou posesión, en tanto a propiedade dos vehículos require como requisito legal o correspondente cambio de titularidade rexistral, de modo que exclúe da esfera do imposto cantas relacións xurídico-privadas poidan establecer os suxeitos no ámbito da titularidade dos vehículos, sendo o obrigado ao pago, aquel que figure no permiso como titular na data do deveción do imposto".

*2. No caso que nos ocupa, consultados os datos existentes no Rexistro de Vehículos, el interesado figura como titular do vehículo con matrícula desde o 05-06-1998 (data en que lle foi transferido) ata o 05-12-2006 (data na que consta inscrita a súa baixa definitiva). **O extremo esencialmente relevante é que nos datos que constan en Tráfico reflíctese como domicilio do vehículo: Rúa..... VIGO (Pontevedra).***

En consecuencia, polo Concello de Vigo xiráronse liquidacións a el interesado, en base aos datos facilitados por Tráfico, vinculantes para esta administración municipal, xa que ningún cambio de domicilio do vehículo foi nos comunicado".

- No que se refire ás actuacións propias do procedemento de recadación en vía de constrinximento, no expediente que nos ocupa as Providencias de constrinximento, que son título executivo suficiente para proceder contra os bens e derei-

tos do debedor, foron notificadas a través do BOP de Pontevedra nas datas que se indican a continuación. No expediente administrativo constan as actuacións: en total cinco

A notificación por comparecencia a través do Boletín Oficial da Provincia atópase regulada no artigo 112 da Lei 58/2003 Xeneral Tributaria, que esixe que antes de acudir á notificación edictal se intente por dúas veces a notificación individual no domicilio fiscal do interesado. Así, será suficiente un só intento cando o destinatario conste como “descoñecido”. Como se indicou anteriormente, polo servizo de correos intentouse a notificación individual da providencia de constrinximento no domicilio fiscal do interesado Vigo- en dúas ocasións, con resultado “descoñecido”, o cal é xustificación suficiente para acudir á notificación edictal.

- En canto ao domicilio fiscal, con data 9-02-2009 o Departamento de BASE DE DATOS remite INFORME, nos seguintes termos:

“Con motivo do escrito presentado no Departamento de Recadación Executiva por lo interesado, con....., este negociado procedeu ao cambio do domicilio fiscal a data de hoxe segundo dirección que indica o interesado no seu escrito, e segundo datos obrantes na base de datos tributaria figuraba como domicilio do interesadoVigo, desde o día 10 de xullo de 1998”.

O artigo 48 da Lei Xeral Tributaria establece que o suxeito pasivo ten obriga- ción de comunicar os cambios de domicilio fiscal á Administración que correspon- da, sen que o cambio do mesmo produza efectos fronte á Administración até que non se cumpra con devandito deber de comunicación. O cambio de domicilio declarado a outros efectos administrativos (sexo o padrón de habitantes ou outro rexistro administrativo) non substitúe a declaración tributaria expresa do suxeito pasivo, aínda que a Administración poderá comprobar e rectificar o domicilio fis- cal en calquera momento, en relación aos tributos cuxa xestión lle corresponda.

De acordo co informe de Base de Datos, o cambio de domiciliofor- nece efectos a partir da declaración expresa do interesado, sendo o anterior até esa data o da rúaVigo, enderezo no que se realizaron os intentos de notifi- cación individual das providencias de constrinximento correspondente aos recibos impagos, polo que, segundo o exposto, as actuacións do procedemento de cons- trinximento e embargo de bens do debedor considéranse axustados a dereito.

- Por outra banda, en data 2 de abril de 2009 o interesado interpuxo reclama- ción económico-administrativa contra a desestimación do recurso de reposición

tramitado co nº 10333/700, reclamación que foi desestimada por Acordo do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo de data 7 de abril de 2009. É de destacar que dita resolución do Tribunal defende a postura -mantida unanimemente pola doutrina e xurisprudencia tributaria- de que *“tal e como establece a LGT, o cambio de domicilio debe comunicarse ás distintas Administracións tributarias, tal e como estableceu, entre outras, a Sentenza do TSJ de Cataluña de 21-06-1996 (Rec 296/1993), que estableceu que **a comunicación de cambiou de dirección á AEAT non exime do deber de comunicalo ao resto das Administracións tributarias** (nese caso, á autonómica, pero no que nos interesa, ao Concello de Vigo)”*.

- Para rematar, faise constar que con data 12 de xaneiro de 2009 solicítuose tamén informe por parte da Adxunta Primeira do Defensor do Pobo a consecuencia dunha queixa presentada ante esa Institución por el interesado respecto ao mesmo expediente administrativo, informe que foi remitido no prazo oportuno concedido ao efecto.”

Do que se dá cumprida información ao interesado o 27/05/2009; quen o 09/06/2009, fainos chegar escrito no que indica quen e porqué algún lle puxo un segundo domicilio fiscal en Vigo o 10/07/1998; considerando que ademais dun preuixo económico se lle causou un dano moral ao figurar nos boletíns oficiais como deudor, sen selo.

O que se comunica a Tesourería o 10/06/2009, quen o 24/07/2009 fainos chegar un escrito no que informa o seguinte:

“-“ Con motivo da queixa presentada ante o Valedor do Cidadán por, este negociado informa que no ano 1998 causa alta devandito contribuínte na Base de Datos Tributaria deste Concello, pola adquisición dun vehículo. Cando se dá de alta o contribuínte, o día 10 de xullo de 1998, pónselle a dirección que achega a Dirección Xeral de Tráfico, que é Gran Vía, nº 46-6ºB (36203 Vigo). Este departamento de Base de Datos procede a realizar un cambio de domicilio, cando nos chega un escrito do interesado no que pon que reside en Madrid (Documento nº 80137555), e é cando procedemos a cambialo na nosa Base de Datos á rúa Santiago de Compostela nº 90-6ºK (28035 Madrid), o día 9 de febreiro de 2009.”

Do que se dá cumprida información ao interesado o 27/07/2009. Sen actuacións posteriores.

REFLEXIÓNS

Tense que indicar a axilidade e a eficacia no tratamento deste expediente por parte do departamento correspondente.

EXPEDIENTE 32/2009

Queixa en relación co pagamento da taxa de recollida de lixo, obrigáselle a pagar dous recibos como se fosen dúas vivendas, cando realmente é unha soa vivenda familiar que consta de baixo e unha planta.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 23/06/2009, coa mesma data solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 03/08/2009.

Con data 11/08/2009, e desde Participación Cidadá recíbese informe de Administración de Tributos-Lixo Vivendas no que se indica:

Do que se dá cumprida información á interesada o 18/08/2009.

“V₁ “Respecto da queixa referenciada e relativa á Taxa de Lixo de Vivendas do inmovible da, se remite copia do expte. 31714/513/08 e se informa do seguinte:

1.- En data 23/10/2008, interpuso recurso de reposición ante a liquidación 87047524, relativa á Taxa de Lixo de Vivendas do período fiscal 2005-2008, xenerada por esta Administración de Tributos polo motivo de “omisión”, tralo informe emitido polo Departamento da Inspección de Tributos en data 18.06.08, indicando a existencia de vivendas na planta baixa e na planta primeira do inmovible.

2.- En data 27.10.08 foi remitido o recurso presentado co nº de expte. 31714/513/08, ao Departamento da Inspección de Tributos para a súa revisión e a emisión dun novo informe que clarexase as alegacións da contribuínte.

3.- O Departamento da Inspección de Tributos en data 29.10.08, incorpora ao expte. a fotografía do inmovible onde se aprecia o acceso independente das dúas plantas, e informa que, inspeccionado o seu interior, o inmovible se compón de dúas vivendas independentes.

4.-Segundo o anterior, se desestima o recurso presentado, solicitando a anulación da liquidación recorrida, así como a baixa da inscrición nº 155204 da Taxa pola Recollida de Lixo de Vivendas do obxecto tributario da rúa, por duplicidade co recibo nº 104914 do mesmo inmovible e dos mesmos anos, por non existir tal duplicidade, correspondéndose a liquidación nº 87047524/08, insc.104914, ao 1º piso do mesmo inmovible, e segundo os informes da Inspección de Tributos de datas 18.06.08 e 29.10.08 indicando a existencia de dúas vivendas independentes na parcela catastral 4958135 NG2745N.

5.-Respecto das alegacións efectuadas pola reclamante, indicando a existencia dunha sóa alta dos diferentes suministros e dunha soa inscrición no Imposto sobre Bens Inmóbeis indicar que, se ben a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Recollida do Lixo de Vivendas establece no seu art. 7 que as altas neste padrón fiscal se producirán a partir das declaracións dos propietarios que están obrigados aos efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeis, non se desprende deste artigo a obrigación da coincidencia de inscricións entre os dous padróns fiscais, tal é o caso que, cada inscrición ou referencia catastral correspondente ao Padrón de Bens Inmóbeis (aínda sen existir división horizontal), pode corresponderse cun número indeterminado de inscricións no padrón Fiscal de Lixo en función da existencia do número de vivendas independentes do inmovible xa que, os art. 1 e 2 da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa de Lixo de Vivendas establecen o feito impositivo da taxa, indicando que se trata dun servizo de recepción obligatoria, derivándose polo tanto a realización dun feito impositivo por cada unha das vivendas existentes.

No parágrafo 2 do mesmo artigo se recolle ademais que, a efectos de aplicación das taxas reguladas na presente ordenanza, as actuacións dos Servizos de Xestión e Inspección Tributarias do Concello complementarán e/ou corruxirán os datos contidos no Catastro Inmobiliario nos casos de omisión do Ben Inmovible no rexistro catastral, ausencia de división horizontal e outros casos.

Segundo o anterior as inscricións nº 155204 e 104914 do Padrón Fiscal da Taxa de Lixo de Vivendas relativas aos obxectos tributarios da rúa, se consideran correctas. “

REFLEXIÓNS

Entendese que se tiñan que revisar polos servizos competentes da Concellería os datos catastrais coa posibilidade de axeitar a cualificación existente a realidade física da vivenda.

A ter en conta as inscricións que obran na Xunta de Galicia (Concellería de Economía e Facenda; Servizos de Valoración) e en SERAGUA; tal como se achegarán na solicitude de informe.

EXPEDIENTE 44/2009

ASUNTO

Queixa en relación con desamparo en que se atopa o cidadán por mor dunha caída con lesións.

O interesado solicita o resarcimento de danos o 30/12/2008, case cinco meses despois recibe do servizo competente escrito por resolvendo a inadmisibilidade da reclamación por canto o Concello de Vigo carece de lexitimidade pasiva ao non ostentar a titularidade da vía onde ocorreu o sinistro, nin ter asumido título competencias algún respecto a conservación e mantemento da mesma, dando traslado de reclamación a Autoridade Portuaria do Porto de Vigo aos efectos da súa tramitación se resultase pertinente.

A citada Autoridade Portuaria con data 01/06/2009 comunícalle ao interesado que se procedeu a trasladar a reclamación ao Concello de Vigo por non ser competencia daquela, e coa mesma data a citada Autoridade comunica ao Concello de Vigo que a súa en cuestión non pertence a zona de servizo da Autoridade Portuaria como así estipula o “cuarto proxecto reformado da zona do Servizo do Porto de Vigo”.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 20/07/2009, con data 22/07/2009 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 25/08/2009, 30/09/2009, con data 15/10/2009, recíbese escrito de Patrimonio e Concentración no que declara nula a resolución pola que se declaraba incompetente, e inicia de novo a tramitación de expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial, o que se dá traslado ao interesado o 21/10/2009 subliñando que en datas vindeiras instarase información actualizada ao respecto, o que se fai o 11/12/2009. Con data 30/12/2009, recíbese nova información sobre a tramitación do expediente do que se dá cumprida información ao interesado coa mesma data.

REFLEXIÓN

Na solicitude de informe puntualízase que independentemente do disposto nos artigos 139, 140, 141, da Lei 30/1992, sobre principios de responsabilidade

patrimonial, responsabilidade concorrente e indemnización a prioridade vendada, no momento actual, pola doutrina da Carta Europea de Autonomía Local que promove unha administración municipal máis eficaz e máis próxima ao cidadán co ánimo de mellorar o espazo público colectivo para todos sen distinción de ningunha clase, neste ámbito tense como unha das medidas prioritarias o equipamento urbano que dependerán do nivel administrativo máis perto a poboación unha administración que debe fomentar a solución extraxudicial dos conflitos, incluídos os administrativos.

RECOMENDACIÓN

Retomar as actuacións áxiles e eficaces que facilitan a validación das accións públicas pola simple vía dos rendementos

EXPEDIENTE 49/2009

ASUNTO

Queixa en relación co trato que está a recibir unha cidadá contratada polo Concello; está a padecer as consecuencias do maltrato e acosos por mor do trato que recibe por parte de compañeiros, o que lle obriga a ter que estar sometida a tratamento psicolóxico.

A tal fin ten presentado tres escritos de denuncia.

So ten recibido atención por parte do Departamento de Igualdade.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 12/08/2009; con data 24/08/2009 solicitase o preceptivo informe, que se reitera o 30/09/2009.

Con data 20/10/2009, recíbese escrito de Xestión Municipal, no que informa que tal como se lle indicou á interesada o 08/09/2009 non contan probas concretas das conductas presuntamente acaecidas, e de ter algunha proba concreta poderá aportala, polas canles formalmente establecidas aos efectos de valoración por parte dos servizos competentes. O que se lle traslada ao interesado o 21/10/2009.

EXPEDIENTE 80/2009

ASUNTO

Responsabilidade Patrimonial, por mor dunha caída unha vía pública que produce lesións.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 10/12/2009; con data 14/12/2009 solicitase o preceptivo informe, que se recibe o 22/12/2009 do que informe de valoración de danos, o que se lle participa o 28/12/2009.

EXPEDIENTE 82/2009

ASUNTO

Factura pendente de pago Reconquista 2004.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 14/12/2004, coa mesma data solicitase o preceptivo informe.



CAPITULO XII: OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

Neste capítulo rexístranse seis expedientes, que son os dos números 1, 19, 22, 58, 59 e 86,

EXPEDIENTE 1/2009

Sobre directivas europeas.

EXPEDIENTE 19/2009

Situación de dependencia.

EXPEDIENTE 22/2009

Despois da súa análise e comprobacións devólvese ao interesado por ser tema xudicializado.

EXPEDIENTE 58/2009

Situación autoestradas.

EXPEDIENTE 59/2009

Asuntos Sociais.

EXPEDIENTE 86/2009

Escola Oficial de Idiomas.

CAPITULO XIII

REQUERIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2009

ÁREA DE GABINETE DE ALCALDÍA

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
15/2009	Proxecto humanización dunha avenida	02/04/2009	20/04/2009
34/2009	Recoñecemento vida laboral	24/06/2009	27/07/2009
39/2009	Proxecto humanización dunha zona veciñal	07/07/2009 25/08/2009 24/09/2009	28/09/2009
51/2009	Información oficial en idioma castelán	18/09/2009	16/10/2009

ÁREA DE CULTURAL, ANIMACIÓN SOCIO-CULTURAL

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
11/2009	Funcionamento de atención na Biblioteca Municipal	06/11/2009 18/12/2009	
70/2009	Falta de atención na Biblioteca Municipal	06/11/2009 18/12/2009	
73/2009	Prohibición disputa zona axardinada	23/11/2009 18/12/2009	

ÁREA DE EDUCACIÓN

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
8/2009	Situación dun Colexio Público	18/02/2009	16/03/2009
10/2009	Situación de Colexios Públicos, en xeral	23/02/2009	16/03/2009
25/2009	Situación Universidade Popular	11/05/2009 22/06/2009	28/07/2009
30/2009	Baremación relación alumnos en escola infantil	18/06/2009 03/08/2009 25/08/2009 24/09/2009	21/10/2009

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
14/2009	Contaminación por acumulación de lixo	20/01/2009 18/02/2009 24/03/2009 24/04/2009 18/05/2009 22/06/2009 23/07/2009 18/08/2009 16/09/2009 15/10/2009 17/11/2009 17/12/2009	27/08/2009 20/11/2009
26/2009	Contaminación acústica e atmosférica nunha vivenda	14/04/2009	15/05/2009
38/2009	Contaminación acústica e polución atmosférica	21/07/2009 25/08/2009 28/10/2009 11/12/2009	18/09/2009 16/11/2009
40/2009	Estado calamitoso dunha propiedade	27/07/2009 25/08/2009 19/11/2009	
42/2009	Contaminación acústica	22/07/2009 28/08/2009 30/09/2009 28/10/2009 11/12/2009	20/11/2009
43/2009	Estado calamitoso dunha zona pública	22/07/2009	24/08/2009
53/2009	Sanción por abandono en unha finca	23/09/2009 14/10/2009 29/10/2009	20/11/2009
55/2009	Obras de alcatranado na vía pública sen medidas de prevención de riscos	30/09/2009 29/10/2009 02/12/2009	16/11/2009
64/2009	Contaminación acústica procedente dun local de hostalería	26/10/2009 18/12/2009	20/11/2009

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
05/2009	Actuación incorrecta conductor de Vitrasa	26/01/2009 02/03/2009 26/03/2009 24/04/2009	21/04/2009 12/05/2009
12/2009	Sanción de tráfico	18/03/2009 23/04/2009 18/05/2009 02/07/2009 03/08/2009 28/08/2009 24/09/2009 05/01/2009 10/12/2009	10/11/2009
17/2009	Sanción de tráfico	14/04/2009 18/05/2009 18/06/2009	02/07/2009
18/2009	Sanción de tráfico	14/04/2009 18/05/2009 18/06/2009	02/07/2009
24/2009	Sanción de tráfico	11/05/2009 22/06/2009	02/07/2009
28/2009	Sanción de tráfico	14/05/2009 22/06/2009 23/07/2009 19/08/2009 17/09/2009 22/10/2009	06/11/2009
29/2009	Sanción de tráfico	25/05/2009 22/06/2009 23/09/2009 19/08/2009 17/09/2009 22/10/2009	06/11/2009
30/2009	Funcionamento pola demora dos servizos de Vitrasa	25/05/2009 02/07/2009 03/08/2009 28/08/2009 24/09/2009	

		28/10/2009
36/2009	Sanción de tráfico	02/07/2009 13/11/2009
		03/08/2009
		28/08/2009
		30/09/2009
		29/10/2009
37/2009	Sanción de tráfico	02/07/2009 18/11/2009
		03/08/2009
		28/08/2009
		30/09/2009
		29/10/2009
41/2009	Sanción de tráfico	27/07/2009 06/11/2009
45/2009	Embargo por sanción de tráfico	29/07/2009 06/11/2009
		25/08/2009
		30/09/2009
		29/10/2009
46/2009	Sanción de tráfico	28/07/2009 10/11/2009
		25/08/2009
		30/09/2009
		29/10/2009
47/2009	Sanción de tráfico	18/08/2009 18/11/2009
		24/09/2009
		28/10/2009
48/2009	Sanción de tráfico	24/08/2009 06/11/2009
		30/09/2009
		29/10/2009
50/2009	Sanción de tráfico	10/09/2009 10/11/2009
		29/10/2009
52/2009	Sanción de tráfico	21/09/2009 10/11/2009
		22/10/2009
56/2009	Tarifas especiais para familias numerosas, no transporte público	19/10/2009
66/2009	Sanción de Tráfico	23/10/2009 26/11/2009
67/2009	Situación paradas autobús	26/10/2009 04/11/2008
		18/12/2009
69/2009	Sanción de tráfico	03/11/2009
74/2009	Sanción de tráfico	16/11/2009
		18/12/2009
75/2009	Sanción de Tráfico	16/11/2009
		18/12/2009
79/2009	Dificultades para peóns	10/12/2009

81/2009	Sanción de Tráfico	14/12/2009
83/2009	Renovacións tarxetas Casco Vello	14/12/2009

ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
33/2009	Información prestada polo Centro de Información da Muller	23/06/2009	14/07/2009

ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
35/2009	Execución taxa do lixo, e actuacións de Policía Local	30/06/2009 03/08/2009 18/08/2009 16/09/2009 15/10/2009 17/11/2009	07/08/2009 18/11/2009
61/2009	Varios temas de ámbito municipal	22/10/2009 04/12/2009	04/12/2009 18/12/2009 22/12/2009
65/2009	Recoñecemento varias exencións fiscais	26/12/2009 29/12/2009	20/11/2009
72/2009	Irregularidades en paradas de Vitrasa	06/11/2009 04/12/2009	
85/2009	Asociación Veciñal	28/12/2009	

ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
21/2009	Selección alumnos programas de emprego	21/04/2009 18/06/2009	08/05/2009 11/07/2009

ÁREA DE SERVIZOS XERAIS

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
62/2009	Filtracións a consecuencia das obras na vía pública	20/10/2009 18/12/2009	
63/2009	Anomalías facturación Aqualia	26/10/2009	18/11/2009
77/2009	Anomalías facturación Aqualia	30/11/2009 18/12/2009	

78/2009	Anomalías facturación Aqualia	30/11/2009
		18/12/2009

ÁREA DE URBANISMO

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
3/2009	Modificacións PXOM	12/01/2009	
		18/02/2009	
		18/03/2009	
		23/04/2009	
		18/05/2009	
		18/06/2009	
		23/07/2009	
		18/08/2009	
		16/09/2009	
		18/10/2009	
		19/11/2009	
		11/12/2009	
7/2009	Alegacións sobre ao PXOM	29/01/2009	
		02/03/2009	04/03/2009
9/2009	Derruba dunha casa	12/02/2009	
		18/03/2009	
		23/04/2009	
		18/05/2009	
		18/06/2009	
		23/07/2009	
		18/08/2009	
		16/09/2009	
		19/10/2009	
		18/11/2009	
		11/12/2009	
14/2009	Modificacións perigosas nun local comercial	01/04/2009	
		04/05/2009	
		04/06/2009	
		18/08/2009	
		16/09/2009	
		19/10/2009	
		28/10/2009	
		18/11/2009	
		11/12/2009	
20/2009	Demora na licenza para nunha obra	21/04/2009	

		23/07/2009
		18/08/2009
		16/09/2009
		19/10/2009
		18/11/2009
		11/12/2009
23/2009	Demora na realización dunha inspección en actividade industrial	11/05/2009
		18/06/2009
		23/07/2009
		18/08/2009
		16/09/2009
		19/10/2009
		18/11/2009
		11/12/2009
26/2009	Obras que danan a propiedade allea	11/05/2009
		22/07/2009
		18/08//2009
		16/09/2009
		19/10/2009
		18/11/2009
		11/12/2009
27/2009	Falta de accesibilidade para persoas afectadas de minusvalía	11/05/2009
		23/06/2009
		23/07/2009
		19/08/2009
		17/09/2009
		22/10/2009
		17/11/2009
57/2009	Consideracións sobre edificio “conservábel”	19/10/2009
		04/12/2009
68/2009	Obras sen licenza	29/10/2009
		04/12/2009
71/2009	Denegación expediente dunha obra ilegal	04/11/2009
		15/12/2009

ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
2/2009	Recargas en tributación	12/01/2009	03/03/2009
		18/02/2009	
13/2009	Recargas en tributación	18/03/2009	

		23/04/2009	
		10/06/2009	26/05/2009
32/2009	Dupla imposición taxas lixo	23/06/2009	11/08/2009
		03/08/2009	
44/2009	Responsabilidade Patrimonial	22/07/2009	15/10/2009
		25/08/2009	30/12/2009
		11/12/2009	
49/2009	Acoso laboral	24/08/2009	20/10/2009
63/2009	Consumo de auga	26/10/2009	
80/2009	Responsabilidade Patrimonial	14/12/2009	22/12/2009
82/2009	Factura pendente pagamento	14/12/2009	

RESUMO EXSTATÍSTICO

ÁREA	NÚMERO	%
GABINETE ALCALDÍA		
- Proxecto humanización	2	
- Vida laboral	1	
- Información idiomas	1	
- TOTAL	4	4,65
CULTURA E ANIMACIÓN SOCIO CULTURAL		
- Biblioteca Municipal	2	
- Desfrute zona axardinada	1	
- Funcionamento instalacións deportivas	1	
- TOTAL	4	4,65
EDUCACIÓN		
- Situación Colexios Públicos	2	
- Situación Universidade Popular	1	
- Baremación alumnos escola Infantil	1	
- TOTAL	4	4,65
MEDIO AMBIENTE		
- Contaminación acústica	5	
- Outras contaminación	1	
- Propiedade en estado calamitoso	3	
- Alcatranado sen prevención riscos	1	
TOTAL	10	11,62
MOBILIDADE E SEGURIDADE		
- Anomalía Vitrasa	3	
- Sancións de Tráfico	20	
- Tarifas especiais	1	
- Mobilidade	2	
TOTAL	26	30,23
NORMALIZACIÓN, XUVENTUDE E IGUALDADE		
- Centro de información a muller	1	
TOTAL	1	1,16
PARTICIPACIÓN CIDADÁ		
- Varios	4	
- Asociación Veciñal	1	
TOTAL	5	5,81
PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO		
- Selección alumnos programas emprego	1	
TOTAL	1	1,16
SEVIZOS XERAIS		

- Anomalías Aqualia	3	
- Filtracións por mor das obras Públicas	1	
TOTAL	4	4,65
URBANISMO		
- Consideracións PXOM	2	
- Derruba dun edificio	1	
- Obras perigosas	2	
- Licenzas	3	
- Demoras inspección	1	
- Accesibilidade	1	
- Varios	2	
TOTAL	12	13,95
XESTIÓN MUNICIPAL		
- Recargos Tributo	2	
- Responsabilidade Patrimonial	2	
- Taxas	1	
- Consumo auga	1	
- Varios	2	
TOTAL	8	9,30
OUTROS		
- Outras administracións	7	
TOTAL	7	8,13
TOTAL EXPEDIENTES	86	100

ANEXO

Non obstante o período real que abranxe esta memoria, faise unha sucinta referencia a aqueles expedientes que tiveron actividade por parte das distintas unidades municipais en forma de resposta ou información e considerados pechados, entre o 1 de xaneiro e o 1 de marzo de 2010 (período en que se elaborou esta Memoria).

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

EXPEDIENTE 4/2010

Queixa en relación por mor das molestias acústicas ocasionadas por un can dunha vivenda. Con data 24/02/2010, recíbese informe no que se indica que tras as alegacións policiais trátase dunha problemática veciñal que debe ser substanciada na vía civil. Do que se deu cumprida información á interesada o 25/02/2010. Sen incidencias posteriores.

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

EXPEDIENTE 81/2009

Queixa en relación coa renovación permiso de aparcamento Casco Vello, non aceptada por ter pendente unha multa do “multa móvil”. Con data 18/01/2010, recíbese informe indicando razóns polas que non cabe anulación da sanción, do que se deu cumprida información á interesada o 18/01/2010. Sen máis incidencias,.

EXPEDIENTE 83/2009

Queixa en relación coa proposta feita pola Coordinadora do Plan Comunitario Casco Vello sobre a renovación das tarxetas de acceso ao Casco Vello.

Con data 18/01/2010 recíbese informe no que se indica que con data 08/01/2010 asinou un novo Decreto ao efecto.

Do que se deu cumprida información á interesada o 18/01/2011, sen mais incidencias.

EXPEDIENTE 45/2009

Queixa en relación cunha sanción de tráfico. Con data 29/01/2010 recíbese informe no que se indica que se reconece o dereito á devolución do importe da sanción. Do que se dá cumprida información á interesada. Sen incidencias posteriores.

ÁREA DE URBANISMO

EXPEDIENTE 4/2007

Queixa en relación cunha parcela incluída nun PERI. Con data 19/02/2010, recíbese informe no que se indica que con data de 2009 expediuse a certificación de firmeza e posteriormente remitiuse ao Rexistro da Propiedade para a súa inscrición na forma establecida na lexislación aplicábel. Do que se dá cumprida información ao interesado o 22/02/2010. Sen incidencias posteriores.

EXPEDIENTE 8/2007

Queixa en relación cun erro no trazado dunha falsa liña que non coincide co deslinde vixente na tramitación do PXOM de 1993. Con data 19/02/2010, recíbese informe no que se indica que a reclamación foi debidamente respondida o 15/07/2008 é que para recorrer a alteración da liña a vía correcta e a contencioso-administrativa. Do que se deu cumprida información ao interesado o 22/02/2010. Sen incidencias posteriores.

EXPEDIENTE 3/2009

Queixa en relación cos afectados por mor da anulación da Orde de 16/05/2008(PXOM). Con data 15/01/2010, recíbese informe no que se indica que o 13/07/2009 aprobouse definitivamente da normativa corrixida. Do que se deu cumprida información aos interesados. Sen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 20/2009

Queixa en relación coa solicitude dun peche. Con data 03/02/2010 recíbese informe no que se indica que a licenza se outorgou o 30/04/2009. Do que se deu cumprida información ao interesada o 04/02/2010. Sen incidencias posteriores.

ÁREA DE SERVIZOS XERAIS

EXPEDIENTE 62/2009

Queixa en relación polas incomodidades producidas por obras nunha rúa. Con data 15/01/2010 recíbese informe no que se indica que os danos xa foron arranxados. Do que se deu cumprida información á interesada o 18/01/2010. Sen incidencias posteriores.

EXPEDIENTE 77/2009

Queixa en relación coas facturación de Aqualia. Con data 04/01/2010 recíbese informe no que se dá por solucionada a incidencia. Do que se dá cumprida información á interesada o 11/01/2010. Sen incidencias posteriores

ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

EXPEDIENTE 65/2009

Queixa en relación co abandono que está a padecer por mor de ter presentado no Concello varios escritos sen recibir resposta algunha.

Con data 18/01/2010 recíbese informe no que se indica detalladamente as motivacións de denegación dos pedimentos solicitados. Do que se deu cumprida información ao interesado o 18/01/2010. Sen incidencias posteriores.

ÁREA DE CULTURA

EXPEDIENTE 73/2009

Queixa en relación coa falta de atención por parte do persoal de Biblioteca pública.

Con data 05/02/2010 recibe informe no que se indica que a petición do cidadán tivo lugar fora do horario oficial. Do que se dá cumprida información ao interesado o 08/05/2010. Sen incidencias posteriores.

ÁREA DE DEPORTES

EXPEDIENTE 76/2009

Queixa en relación coa falta de atención por parte do persoal do Instituto Municipal de Deportes. Con data 26/01/2010 recíbese o último informe do IMD clarexando as motivacións en canto a organización de actividade se refire. Do que se deu cumprida información aos interesados o 27/01/2010. Sen incidencias posteriores.

ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL

EXPEDIENTE 82/2009

Queixa en relación coa débeda dunha factura. Con data 05/02/2010 recíbese informe no que se indica que o pagamento reclamado foi realizado o 25/01/2010. Do que se deu cumprida información á interesada o 08/02/2010. Sen incidencias posteriores.

PARTE V

ENTREVISTAS E CONSULTAS POR CORREO ELECTRÓNICO

ENTREVISTAS ANO 2009

ÁREA	NÚMERO	%
BENTESTAR SOCIAL		
- Asuntos Sociais	11	
- Varios	13	
- TOTAL	24	3,55
CULTURA E ANIMACIÓN SOCIO CULTURAL		
- Integración Social	1	
- Varios	3	
- TOTAL	4	0,59
EDUCACIÓN		
- Baremación alumnos	1	
- Biblioteca Pública	4	
- Instalacións	3	
- Universidade Popular	5	
- TOTAL	13	1,92
MEDIO AMBIENTE		
- Contaminación acústica	40	
- Acumulación lixo	28	
- Sanidade	8	
TOTAL	76	11,24
MOBILIDADE E SEGURIDADE		
- Mobilidade	15	
- Sancións de Tráfico	36	
- Seguridade	14	
- Varios	6	
TOTAL	71	10,50

PARTICIPACIÓN CIDADÁ		
- Varios	25	
TOTAL	25	3,69
SEVIZOS XERAIS		
- Concesionarias	13	
- Limpeza	17	
- Vías e Obras	34	
TOTAL	64	9,46
URBANISMO		
- Atención Pública	2	
- Licenzas	7	
- Humanizacións	12	
- Infraccións	37	
- Obras ilegais	29	
TOTAL	87	12,86
XESTIÓN MUNICIPAL		
- Concesionarias	16	
- Responsabilidade Patrimonial	12	
- Taxas	20	
- Varios	7	
TOTAL	55	8,13
OUTROS		
- Consumo	92	
- Outras Administracións	106	
- Varios	59	
TOTAL	676	100

CONSULTAS POR CORREO ELECTRÓNICO ANO 2009

ÁREA	NÚMERO	%
ASUNTOS SOCIAIS		
- Asistencia indixentes	1	
- Bilingüismo	1	
- TOTAL	2	2,38
MEDIO AMBIENTE		
- Reciclado de residuos	2	
- Contaminación Acústica	3	
- Sanidade	1	
TOTAL	6	7,14
MOBILIDADE E SEGURIDADE		
- Mobilidade	7	
- Sancións	15	
- Seguridade	10	
TOTAL	32	38,09
SERVIZOS XERAIS		
- Parque, Xardíns-Limpeza	4	
- Control Concesionarias	2	
- Varios e Obras	10	
TOTAL	16	19,04
URBANISMO		
- Humanización rúas	5	
- Obras ilegais	1	
- Xestións	1	
- Varios	1	
TOTAL	8	9,52
XESTIÓN MUNICIPAL		
- Taxas	1	
- Varios	3	
TOTAL	4	4,76
OUTROS		
- Outras Administracións	2	
- Varios	14	
TOTAL	16	19,04
TOTAL	84	100

REFLEXIÓNS

As actividades desenvolvidas pola Valedoría do Cidadán céntranse en actuacións a instancia de parte a actuacións de oficio. As primeiras están relacionadas con consultas, intervencións e avinzas como consecuencia de entrevistas persoais solicitadas pola cidadanía así como tamén polos escritos recibidos vía correo electrónico. Por outra parte, as segundas realízanse a iniciativa desta Valedoría por consideralas útiles para a cidadanía viguesa por seren temáticas que lle afectan de forma xeral ou por seren queixas recorrentes que poden ter un tratamento global.

Á data de 31 do presente mes, a situación é a seguinte:

- Número total de intervencións (ano 2009): 846
- Número total de intervencións (ano 2008): 579
- Número total de intervencións (ano 2007): 531
- Número total de intervencións (ano 2006): 484

Compre destacar o alto número de entrevistas que se levan a cabo sen limitación de tempo para que a cidadanía que acode a formular a súa queixa poda expresarse sen presas. Se se teñen en conta os días laborais (incluído Agosto) na Oficina do Valedor do Cidadán, a media é de 2,7 entrevistas/día.

Por outra parte, o incremento destas actuacións (846) non implicou un aumento no número de expedientes, feito que ven a confirmar que o tempo dedicado ás consultas, entrevistas e avinzas repercute nunha diminución de expedientes, proceso que só se leva a cabo cando se esgotan as vías de consenso ou porque houber unha flagrante violación dos dereitos do cidadán/á perante unha determinada actuación municipal.

Sobre as entrevistas realizadas sinalamos que un centenar destas están relacionadas con outras administracións (fundamentalmente coa autonómica e tamén en menor grao con Concellos limítrofes). Son atendidos igualmente, orientándoos sen redactar ningunha Recomendación xa que non é competencia desta Valedoría. En relación con este tipo específico de actuacións, hai que manifestar que as entrevistas-consultas, ao Valedor do Cidadán, non son sempre sinónimo de conflito. En ocasións o recorrente busca quen lle oriente, quen lle dea unha opinión sobre o seu problema, que se lle escoite. E este labor, xunto coa mediación, foron moi satisfactorias, permitíndonos tratar a unha cidadanía viguesa que nos ensinou moito sobre a vida cotiá nesta cidade.

PRINCIPAIS TEMÁTICAS EXPOSTAS POLA CIDADANÍA NAS ENTREVISTAS PERSOAIS E POR CORREO ELECTRÓNICO QUE DERON LUGAR A INTERVENCIÓNS

Sancións de tráfico	50
Contaminación acústica	43
Vías e obras	43
Infraccións urbanísticas	37
Obras ilegais	30
Seguridade vial	24
Taxas	21

PARTE VI

ACTUACIONES DE OFICIO

Sobre as Actuacións de Oficio realizáronse 2614 entrevistas levadas a cabo por 10 enquisadores.

As monografías publicadas foron:

- **Niveles de satisfacción de la ciudadanía con su comunidad local.**
- **La movilidad local**
- **Análise DAFO dos distritos de Vigo**
- **Aparcamientos disuasorios. Proposta de aplicación en el municipio de Vigo.**

NIVELES DE SATISFACCIÓN DE LA CIUDADANÍA CON SU COMUNIDAD LOCAL

A aplicación do indicador común europeo de sustentabilidade A1 permite a calquera administración local da Unión Europea determinar, de forma concreta, aquelas medidas que deben ser adoptadas co fin de mellorar a calidade de vida dos seus administrados baixo o criterio dun desenvolvemento sustentábel; é dicir, posibilitar unha actuación que garanta o futuro económico, social, medioambiental e patrimonial dunha cidade desde unha perspectiva de crecemento sustentábel.

Polo tanto, o indicador de sustentabilidade A1 é unha ferramenta para que os concellos europeos poidan orientar a súa xestión e obxectivos de desenvolvemento sustentábel, avaliando así o seu progreso nesta materia. No caso concreto deste indicador, os parámetros que se consideran imprescindíbeis cuantificar son os seguintes:

- Accesibilidade e calidade da vivenda: capacidade económica das familias ou individuos para acceder a unha vivenda digna e de calidade.
- Saídas laborais: facilidade para atopar emprego.
- Zonas verdes, ocio e esparexemento: lugares de ocio, parques infantís, zonas de titularidade pública, ...
- Contorno litoral e praias: calidade e conservación do contorno litoral, incluíndo os areais do municipio.
- Porto da cidade: opinións e valoracións dos cidadáns sobre o porto e as súas actividades.
- Servizo de limpeza e recollida de residuos: recollida de lixo e limpeza das rúas.
- Calidade do espazo construído: rúas, espazos públicos, prazas, beirarrúas e accesibilidade ás mesmas.
- Servizos sociais e de saúde: hospitais, centros cívicos, residencias da terceira idade,...
- Servizos culturais, recreativos e de lecer: oferta cultural, deportiva, bibliotecas, ...



- Dotación de centros educativos e calidade do ensino: colexios, institutos, universidade,...
- Servizos públicos de transporte: autobuses urbanos e taxis, transporte de ría,...
- Mobilidade e tráfico: capacidade de movemento na cidade.
- Oportunidades de participación nos procesos de planificación e toma de decisións a nivel local: facilidades ofrecidas aos cidadáns para tomar parte nas decisións a nivel local.
- Seguridade cidadá: nivel de seguridade na cidade.

Xa que logo, con este indicador o que se tenta é establecer unha relación entre as liñas de actuación realizadas polos organismos oficiais e as opinións expresadas polos cidadáns sobre a percepción das mesmas, determinando así os parámetros que deben ser mellorados e reorientando, se for necesario, as directrices das súas políticas.

A metodoloxía e técnicas aplicadas no estudo deste indicador son análogas en todas as cidades que asinaron a Carta de Aalborg (Carta das Cidades e Poboacións Europeas para a sustentabilidade) motivo polo cal se poden levar a cabo comparacións entre elas con gran facilidade.

Por todo iso, considérase que este estudo pode ser de utilidade para calquera administración local.

LA MOVILIDAD LOCAL

O obxectivo deste estudo reside en poder cuantificar os indicadores comúns europeos de sustentabilidade A-3 (Mobilidade local e transporte de pasaxeiros) e B-6 (Viaxes dos escolares entre a casa e a escola) que se relacionan coa cidade de Vigo.

Os parámetros técnicos da consulta e o contido do cuestionario elaborado refírense a un extracto de poboación comprendida entre 16 e 80 anos, sendo o número de enquisas de 1372 para un nivel confianza de 95% con sucesos equi-probábeis, cun erro de $\pm 0,03$. As entrevistas realizáronse na vía pública con cuestionario entre os meses de xaneiro e marzo de 2009.

As enquisas relacionadas co indicador A-3 refírense a: medio de transporte empregado (non motorizado, privado e público), número de viaxes per capita, tempo de cada viaxe (en minutos), distancia recorrida (en km), viaxes sistemáticas (realizadas para ir ao traballo ou á escola), viaxes non sistemáticas (realizadas para a compra diaria, lecer semanal e de fin de semana).

En relación co indicador B-6, analisáronse os desprazamentos realizados en función do medio de transporte utilizado (privado, escolar ou camiñando) así como as razóns do uso do medio de transporte privado.

Os resultados obtidos para cada indicador pormenorízanse de forma global, por zonas e distritos da cidade de Vigo, así como súa comparación cos datos obtidos noutras cidades europeas.

ANÁLISE DAFO DOS DISTRITOS DE VIGO

De acordo co contido da Lei 57/2003, de 16 de Decembro, coñecida como a Lei de Grandes Cidades, no seu art. 128 especificase que: “Os Municipios deberán crear distritos, como divisións territoriais propias, dotados de órganos de xestión desconcentrada, para promover e desenvolver a participación cidadá na xestión dos asuntos municipais e a súa melloría, sen prexudicar a unidade de Goberno e de Xestión do municipio”.

Por isto, os obxectivos do traballo que se presenta céntranse en: a) Elaboración dunha análise DAFO aplicada aos actuais nove Distritos Censuais existentes en Vigo para que a Administración Local poda realizar unha proposta de descentralización administrativa que permita favorecer o equilibrio territorial e social no ámbito da sustentabilidade; b) Detectar os ámbitos territoriais do municipio con características e necesidades semellantes que aconsellen a implantación de políticas comúns.

A análise DAFO, do acrónimo de Forzas, Debilidades/Fraquezas, Oportunidades e Ameazas é un recurso creado para definir o planeamento estratéxico no ámbito das organizacións.

Esta análise divídese en ambiente interno (Forzas e Debilidades) e ambiente externo (Oportunidades e Ameazas). As primeiras mostran disponibilidades propias dun distrito: servizos básicos, grao de satisfacción cidadá, contaminación acústica, consumo de produtos que promoven a sustentabilidade e boas prácticas ambientais. Por outra parte, as externas son os factores existentes no entorno que representan unha oportunidade ou unha ameaza para o distrito e que, no caso concreto de Vigo, céntranse en: mobilidade local e transporte de pasaxeiros e transporte escolar.

De acordo coa tipoloxía das variábeis relacionadas cos nove distritos de Vigo, determináronse as forzas, debilidades, oportunidades e ameazas para cada un deles así como as potencialidades (forzas máis oportunidades), advertencias (debilidades máis ameazas), riscos (forzas máis ameazas) e desafíos (fraquezas máis oportunidades).

Esta análise DAFO é considerada un paso para que a Administración Local poda mellorar a participación cidadán e alcanzar unha maior eficiencia no funcionamento dos servizos públicos no marco do desenvolvemento sustentábel.

APARCAMIENTOS DISUASORIOS. PROPUESTA DE APLICACIÓN EN EL MUNICIPIO DE VIGO

A necesidade de implementar solucións de mobilidade sustentábel require o uso de modelos de transporte que respondan á actual conxuntura económica, social e ambiental. A introdución de sistemas de estacionamento disuasorio é unha das opcións para a consecución da mobilidade sustentábel, de modo que deben ser incorporados no planeamento da rede de transportes das áreas metropolitanas. Por tanto, poden ser considerados como unha extensión do servizo de estacionamento das zonas centrais das cidades, mais neste caso o estacionamento é feito fóra delas e está ligado ao destino final mediante un bo servizo de transporte público.

O máis aconsellábel é considerar estas instalacións como un compoñente máis das políticas de tránsito e de estacionamento da zona, sendo recomendábel a súa aplicación cando houber:

- a) Falta de prazas de estacionamento no centro da cidade, sexa como resultado das limitacións xeográficas ou por razóns de política de transportes.
- b) Capacidade limitada para o tráfico nas vías radiais de acceso ao centro da cidade.
- c) Calidade dos servizos públicos de transporte cara os centros urbanos.

Neste estudo realízase unha descrición detallada das principais características dos estacionamentos disuasorios, examinando as experiencias internacionais na utilización destas instalacións e estudando os factores que inflúen no seu suceso ou fracaso. Tamén se analisan as metodoloxías usadas internacionalmente no planeamento, na decisión de localización e modelaxe da demanda para, finalmente, aplicarlas no municipio de Vigo.

PARTE VII

II ENCONTRO ESTATAL DE DEFENSORES LOCAIS

En 1-2 de Outubro de 2009 celebrouse en Vigo o II Encontro Estatal de Defensores Locais.

A seguir reproducíase a intervención do Valedor do Cidadán de Vigo no acto inaugural:

"Na cidade de Málaga tivo lugar o pasado ano o I Encontro Estatal de Defensores Locais que serviu, ademais de para coñecernos algúns de nós, para intercambiar opinións e presentar debates sobre temas comúns en relación ás nosas respectivas actuacións.

Alí púxose de manifesto que en 80 países opera esta figura do Defensor Local. En cidades tan diversas como Zúric, Atlanta, Honolulu, Bos Aires...

En relación con España, o primeiro Defensor local comezou a funcionar en Lleida en 1992. Desde ese ano e ata a actualidade, Cataluña incrementou o seu número ata exceder a trintena. Na actualidade superan lixeiramente os 60, que actúan en todo o Estado. Dous deles, Córdoba e Málaga, son provinciais, mediante convenios establecidos entre as deputacións provinciais e os seus respectivos concellos.

A modo de repaso histórico podemos dicir que o I Encontro, só entre defensores cataláns, celebrouse en 1995, sendo 5 os asistentes. Posteriormente, a figura do defensor local, en Cataluña, introdúcese no 2002, dentro da Lei municipal de réxime local.

Pasaron, xa que logo, poucos anos desta andaina. E hoxe imos celebrar o II Encontro Estatal nesta cidade de Vigo, a única que ten regulada esta figura en



Galicia. Con todo, noutras comunidades autónomas o seu número vaise incrementando. Así existen defensores locais en Córdoba, Málaga, Jerez de la Frontera, Sevilla, Grabada, Palma de Mallorca, Calviá, Segovia, Parla, Aranzuez, Benetusser, Vitoria-Gasteiz, Paterna, Algemés, Candelaria, Alcorcón, etc. Portanto, en grandes, medianas e pequenas cidades. Con este leque de cidades, actualmente o número de habitantes en España, que poden optar actualmente por presentar reclamacións ante Defensores locais aproxímase a 9 millóns.

O texto da Declaración de Málaga, onde compartimos as nosas experiencias, definimos unha serie de principios comúns que nos comprometemos a desenvolver.

1º A función específica do Ombudsman local é orientar, intermediar e formular recomendacións que melloren a calidade dos servizos públicos e desenvólvese sempre no marco das relacións entre a cidadanía e as administracións no ámbito das súas competencias.

2º O Ombudsman local é unha institución útil para garantir a defensa e protección dos dereitos das persoas nas súas relacións coas administracións locais nun cadro de responsabilidade cívica, tal como recollen, entre outros, os seguintes documentos e declaracións:

- Resolución 80 (1999) e a Recomendación 61 (1999), adoptadas polo Congreso dos Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa.*
- Carta Europea de Salvagarda dos dereitos humanos na cidade. Saint-Denis, 18 de maio de 2000.*
- Declaración dos Comisionados Parlamentarios “ao redor da creación de defensores sectoriais e locais”, en Madrid, o 18 de novembro de 1999.*

3º Para salvagardar o prestixio e a eficacia das defensorías locais estas deben establecerse cunhas condicións inescusábeis:

- A. Mandato democrático: elección polo pleno da súa corporación con maioría cualificada.*
- B. Independencia política.*
- C. Medios suficientes.*

D. Lealdade institucional e respecto ao seu propio ámbito de competencias no exercicio das súas funcións.

A figura do Ombudsman, creada polo dereito escandinavo en 1809, cumpre douscentos anos de existencia, e reúne unha serie de características propias que foron incorporadas ao sistema xurídico español mediante a denominación, a nivel estatal, de Defensor del Pueblo, así como tamén pola figura semellante establecida nalgunhas comunidades autónomas e administracións locais.

A nivel local a figura do defensor é unha institución nova, inexistente hai uns anos que se caracteriza pola defensa das garantías persoais da cidadanía e a súa salvagarda fronte a algunhas actuacións municipais.

Os defensores locais non son xuíces, pois non teñen o seu ámbito de actuación delimitado polas leis e a interpretación destas, como os tribunais, senón que, como garantía dos dereitos e intereses lexítimos poden exercer a facultade de suxerir á administración local a modificación daquelas normas, cando o seu cumprimento poida provocar situacións inxustas ou prexudiciais aos administrados, limitando o seu ámbito de actuación á cidadanía que habita nun determinado municipio.

Ao non facer parte da administración e, xa que logo, non ter carácter executivo, as súas actuacións caracterízanse por unha maior flexibilidade e as súas decisións por non admitir recurso algún, xa que unicamente suxiren solucións mediante o seu poder de persuasión pois doutro xeito sería un xuíz máis e perdería sentido a súa propia existencia, polo que a súa eficacia debebase en gran medida á autoridade, o recoñecemento, o carisma e o prestixio do seu titular ou titulares (se se trata dun órgano colexiado).

A función principal é a de evitar, tanto como sexa posíbel, o recurso a instancias xudiciais por causa dos conflitos que se producen no ámbito local, utilizando procedementos áxiles e gratuítos, dotados de grande flexibilidade.

Os defensores locais non nacen da desconfianza na xestión municipal xa que o seu obxectivo é, ao cabo, equilibrar as actuacións das distintas instancias, integrar o máis posible os dereitos individuais coas esixencias colectivas dos concellos e do seu ámbito social, mellorando as relacións entre os diferentes sectores e compoñentes individuais da súa cidadanía. Pois, o réxime local está inmerso dentro dunha materia que ten perfís propios que abarcan máis aló da potestade de autoorganización, estendéndose a un grupo de competencias diferenciadas.



A propia Carta Europea de Autonomía Local, de 15 de outubro de 1985, declara que estamos convencidos de que a existencia das entidades locais investidas de competencias efectivas permite unha administración á vez máis eficaz e próxima ao cidadán. Esta carta non só é unha norma xurídica, senón un instrumento para a convivencia, un factor de integración social, unha canle de comunicación, un instrumento cotián. Por todo, é preciso promover, remover e facilitar o poder público, sexa o que fose, é dicir, ten que adoptar unha actitude activa. Este poder ten a obrigaón de promover as condicións de igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra, removendo os impedimentos que a dificulten, promovendo o progreso para asegurar unha digna calidade de vida (dar vida aos anos e non só anos á vida, Marc Lalonde).

A Lei de bases do réxime local xa considera o municipio como marco por excelencia de convivencia civil; o equilibrio social estivo asociado, desde a antigüidade, ao florecimiento municipal.

Neste II Encontro cimentaremos os nosos anseios e obxectivos ao longo de 7 relatorios que servirán para dar un impulso máis a este foro estatal de defensores locais como medio de promover a implantación desta institución nas administracións locais, compartindo información e creando lazos de unión. Esta Valedoría do Cidadán de Vigo faino a través das monografías e publicacións que realiza e envía a todos os defensores e a moitos concellos de España sobre temas que serven para profundar no coñecemento da calidade de vida da cidadanía viguesa e que poden servir de exemplo metodolóxico en calquera outra cidade ou Comunidade Autónoma.

E eliximos para a conferencia inaugural a D. Carlos Varela que está á fronte da Fiscalía Superior de Galicia. Membro da Unión Progresista de Fiscais, destaca pola súa actividade en asociacións en defensa da lingua galega e a posta en marcha na especialización do ministerio público en áreas como as de incendios, medioambiente, urbanismo ou accidentes laborais. Persoa enormemente cordial, de gran formación xurídica, que non dubidou en ningún momento en participar neste encontro, feito que lle agradecemos profundamente en nome de todos os Defensores locais."

O programa de actividades deste II Encontro Estatal foi o seguinte:

II ENCUENTRO ESTATAL DE DEFENSORES LOCALES

Vigo, 1-2 de Outubro de 2009

Edificio Municipal do Areal (R. Areal, 46), antiga Reitoría da Universidade de Vigo

DÍA 1 DE OUTUBRO

10:00h Conferencia inaugural

La percepción ciudadana del sistema de justicia

Ponente: Carlos Varela García, Fiscal Superior de Galicia

11:00h: 1º Relatorio-coloquio

Derecho ciudadano a una buena administración y buenas prácticas administrativas

Expón: Francisco Gutiérrez Rodríguez, Defensor del Ciudadano de Málaga

Moderadora: Gloria Valeri Ferret, Sindica de Greuges de Vilafranca del Penedés i vice-presidenta do Fórum SD

12:30h: 2º Relatorio-coloquio

Carta europea de salvaguarda de los derechos de los ciudadanos

Expón: Frederic Prieto, Sindic de Greuges de Cornellá de Llobregat

Moderadora: Pilar Malla, Sindica de Barcelona

17:00h: 3º Relatorio-coloquio

La importancia de los medios de comunicación en las tareas de los defensores locales

Expón: Óscar Gómez asesor de comunicación do Sindic de Sabadell

Moderadora: María Antonia Moreno Defensora del ciudadano de Paterna

18:30h: 4ª Ponencia-coloquio

Análisis de las quejas originadas por los conflictos entre ocio y convivencia ciudadana. Propuestas de recomendación.

Expoñen: Luis Espada Recarey, Valedor do Cidadán de Vigo e Mónica Estévez Salgueiro, letrada colaboradora da Valedoría do Cidadán.

Moderadora: Antón Vidal Andino, Vice-Valedor do Cidadán.

DÍA 2 DE OUTUBRO

Formulación de temas xenéricos por parte dos defensores

9:00h.

1. Convenio de colaboración y relación con los defensores/síndicos autonómicos

Expón: Josep Escartin i Laurito, Sindic Municipal de Greuges de Sabadell e Presidente do Fórum SD y

2. Las comisiones de sugerencias y reclamaciones y la figura del Defensor o Sindic.

Expón: Javier Otaola Sindico Defensor vecinal de Vitoria-Gasteiz

Moderadora: Mari Paz Trapote Adxunta do Sindico Defensor de Vitoria-Gasteiz.

10:30h

3. Análisis de los puntos de encuentro y divergencias entre las formas de actuación de los defensores.

Expón: Luis Espada Recarey

Moderadora: Francisca Mascaró Defensora del Ciutadà i del Turista de Calvià

4. Debate final e conclusións.

5. Aprobación da sede de III Encontro Estatal de Defensores Locais.

CADRO RESUMO ANO 2009

ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE

Nº de entrevistas que deron lugar a intervencións	646
Nº de consultas por corre electrónico.....	84
Nº de expedientes	86
TOTAL	846
Incremento sobre o ano 2008:	45,4%

ACTUACIÓNS DE OFICIO

Nº de enquisas	2614
----------------------	------

Monografías publicadas:

- Niveles de satisfacción de la ciudadanía con su comunidad local.
- La movilidad local
- Análise DAFO dos distritos de Vigo
- Aparcamientos disuasorios. Propuesta de aplicación en el municipio de Vigo.